





© Xunta de Galicia

*Iniciativa Xove. O reto da educación non formal*

Edita: Consellería de Traballo e Benestar, Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Elabora: Instituto da Xuventude de Galicia

D.L. C 417-2015

Imprime: Grafidez, S.L.

Deseño e maquetación: Rubine Comunicación

Url: <https://xuventude.xunta.es/iniciativa-xove.html>

<http://traballo.xunta.es/publicacions-recursos?activo2=sop4>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0 España de Creative Commons

Para ver unha copia da licenza visite: <http://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/>

# **Iniciativa xove**

## O reto da educación non formal

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar  
Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

## Iniciativa Xove


Consellería de Traballo e Benestar

---

# Índice de contidos

## Presentacións

- 5 **Beatriz Mato Otero**  
Conselleira de Traballo e Benestar
- 7 **Ovidio Rodeiro Tato**  
Director xeral de Xuventude e Voluntariado
- 9 **Manuel Souto Otero**  
Profesor da Universidade de Bath (Reino Unido)
- 10 **Miguel A. Santos Rego**  
Universidade de Santiago de Compostela
  
- 13 **Iniciativa Xove, un novo modelo de participación xuvenil**
  - 14 O programa en cifras
  
- 16 **Iniciativa Xove, escolma 2010-2014**
  - 17 Voluntariado e integración da diversidade
  - 43 Creatividade
  - 71 Sustentabilidade, memoria e tradición
  - 95 Dinamización e lecer alternativo
  - 119 Emprendemento e innovación
  
- 145 **Relación de proxectos Iniciativa Xove 2010 - 2014**
  
- 167 **Impresións**



Iniciativa Xove é un dos mellores exemplos da renovación das políticas de Xuventude que vimos afrontando na nosa Consellería nos últimos cinco anos. Pasamos de executar accións que xiraban maioritariamente en torno ao ocio e ao tempo libre a xestionar actuacións baseadas na adquisición de novas competencias a través da educación non formal.

Cando un mozo ou unha moza se compromete cun proxecto asociativo ou cun programa de voluntariado está adquirindo unha serie de aptitudes altamente valoradas e apreciadas polas empresas. Aptitudes que melloran a súa preparación para cando teñan que acceder ao mercado laboral ou iniciar un proxecto emprendedor, como o traballo en equipo, a toma de decisións, a comunicación, as habilidades de organización ou a confianza en si mesmos.

A educación non formal é un eixe esencial do novo Plan estratéxico de xuventude 2014-2016, que conta con 240 medidas e cun orzamento de máis de 340 millóns de euros, e que lle dá continuidade e mellora á Estratexia que levamos a cabo nos anos 2010 a 2013.


No marco deste plan, e ademais de Iniciativa Xove, atópanse outros programas que teñen a súa base na educación non formal, como Voluntariado Xuvenil, Xuventude Crea, Galeuropa, Deseña o teu Futuro ou Erasmus +.

En 2015 queremos ir un paso máis aló e estamos a traballar no desenvolvemento dunha orde para o recoñecemento e homologación das competencias adquiridas a través dos programas de educación non formal, de xeito análogo ao que xa vimos facendo dende 2011 coas accións voluntarias, grazas á Lei de voluntariado.

En definitiva, estamos a poñer en marcha todas as ferramentas que están nas nosas mans para permitirlle á mocidade galega que explote todas as aptitudes e cualidades que nos amosa día a día.

## **Beatriz Mato Otero**

Conselleira de Traballo e Benestar





Iniciativa Xove chegou xa á súa quinta edición, para consolidarse como un programa de referencia no eido da participación xuvenil, pioneiro a nivel nacional na súa aposta polo financiamento de proxectos de grupos informais de mozos e mozas –ademais das asociacións e entidades clásicas–, seguindo así as recomendacións e as políticas máis avanzadas da Unión Europea.

En total, en 2014 financiamos integramente 139 proxectos, nos que investimos máis de 500.000 euros e participaron na súa xestión directa máis de 695 mozos galegos.

As mozas e mozos son os protagonistas absolutos de Iniciativa Xove, xa que son eles os que propoñen os proxectos e son tamén os encargados de levalos a cabo. Dende a Administración autonómica non lles indicamos o que teñen que facer. Unicamente lles solicitamos que nos presenten as súas propostas para despois apoiar o 100% do seu orzamento.

Deste xeito, poden demostrar a capacidade de organizar os seus propios proxectos, ao tempo que se estimula o protagonismo, a creatividade e o liderado xuvenil.

Tendo en conta estas vantaxes, fixemos de Iniciativa Xove un programa fundamental nas nosas políticas de Xuventude. Dende a súa posta en marcha ata este ano investimos máis de 3,1 millóns de euros.

Un esforzo orzamentario que nos permitiu financiar máis de 850 proxectos promovidos polos mozos, xa sexa a través de asociacións e entidades xuvenís como de grupos informais. As mozas e os mozos beneficiados directamente como promotores dos proxectos superan os 4.200.

Unha aposta polo talento xuvenil do que son boa mostra os proxectos levados a cabo.

## **Ovidio Rodeiro Tato**

Director xeral de Xuventude e Voluntariado



A educación e a formación entendidas en sentido amplo viñeron a converterse, en particular naqueles países avanzados que carecen dunha gran riqueza en materias primas, nunha condición necesaria –aínda que non suficiente- para o benestar, a competitividade e a cidadanía activa, tanto a nivel individual como colectivo.

Neste contexto, recentemente houbo un redescubrimento da importancia da educación e da formación que teñen lugar fóra do sistema educativo formal –como son as escolas e as universidades-, por medio da participación en grupos, proxectos e actividades de carácter non formal. Hai un crecente corpus de evidencia que demostra o efecto que a educación non formal ten, en especial, no desenvolvemento de habilidades transversais como a comunicación, o liderado, a capacidade de pensamento crítico, a capacidade para resolver problemas ou a capacidade para traballar en equipo. Estas habilidades transversais están altamente valoradas tanto dentro do mercado de traballo –onde se atopan entre as características máis demandadas polos empregadores-, como fóra del<sup>1</sup> -pola súa relación con aspectos como o desenvolvemento persoal, a cidadanía activa e a democracia participativa.

O desenvolvemento das habilidades transversais é un proceso dinámico, que ocorre ao longo da vida. Con todo, a súa adquisición durante as etapas temperás da vida é particularmente importante. Estas etapas son os alicerces que proporcionan maiores posibilidades de desenvolvemento das devanditas habilidades e de ‘retornos’ sobre o investimento realizado a prazo máis longo. É por isto que o investimento na mellora das habilidades transversais dos mozos e das mozas é singularmente eficiente, como foi recoñecido amplamente a nivel internacional por organizacións como as Nacións Unidas<sup>2</sup>

e a Unión Europea<sup>3</sup>. Estas organizacións están a traballar tanto na creación de marcos e ferramentas que proporcionen maiores oportunidades de calidade para a educación non formal para a mocidade, como no desenvolvemento de diferentes formas de recoñecemento das habilidades adquiridas durante as mesmas<sup>4</sup>.

Esta publicación, *Iniciativa Xove. O reto da educación non formal*, proporciona un inventario de proxectos ideados e levados a cabo por mozos e mozas en ámbitos extremadamente diversos (cultural, educativo, artístico, social, económico), pero cun denominador común: os proxectos expostos demostran o fantástico potencial da mocidade de Galicia. Así mesmo, esta publicación proporciona un espazo para a reflexión sobre o deber imperativo que temos de ampliar as oportunidades para o desenvolvemento, o aproveitamento e o recoñecemento do talento da nosa mocidade; e para iso, a educación non formal continuará, sen dúbida, sendo fundamental no futuro.

## Manuel Souto Otero

Profesor da Universidade de Bath (Reino Unido)

1 Souto-Otero, M., Ulicna, D., Schaeapkens, L. and Bogner, V. (2012) ‘Study on the impact of non-formal education in youth organisations on young people’s employability’ Final report to the European Youth Forum. University of Bath and ICF-GHK. Bath, UK.

2 United Nations (2012) Resolution 66/121 Policies and programmes involving youth. February 2012.

3 Council of Europe (2010) ‘Charter on Education for Democratic Citizenship and Human Rights Education’ Committee of Ministers of the Council of Europe. Strasbourg.

4 Para unha discusión detallada sobre o tema de recoñecemento pode consultarse o Inventario Europeo de validación da aprendizaxe non formal e informal: Souto-Otero, M. Murphy, I and Howley, J. (2014) ‘2014 Update of the European Inventory on validation of non-formal and informal learning’ Final report to the European Commission. ICFI, Brussels.

# EDUCACIÓN NON FORMAL E XUVENTUDE: UNHA CLAVE DE EMPREGABILIDADE

**Miguel A. Santos Rego**

Universidade de Santiago  
de Compostela

De entrada, permítasenos advertir contra o labirinto definitorio da empregabilidade. Sen que sirva de precedente, suxerimos o sentido outorgado pola mesma Unión Europea: capacidade dunha persoa para incorporarse ao mundo do traballo e permanecer nel. Unha definición sinxela, sen dúbida. Moito máis do que supón asociar o termo coas tribulacións da xuventude neste tempo histórico. Falamos, polo tanto, dun tópico que abrangue distintas capacidades básicas para motorizar a propia aprendizaxe e desenvolverse con eficacia, incluíndo a habilidade de relacionarse co resto dos individuos e manexar procesos de organización.

O primeiro creo que vén de seu. As rutas cara á empregabilidade das persoas nas sociedades complexas non responden xa a un único patrón de referencias socioeconómicas, tradicionalmente ligado á formación de capital humano que planeaba e artellaba en exclusiva o sistema educativo formal.

Naturalmente, ese patrón credencialista continúa a pór as bases -pero menos- sobre as que medran os requirimentos de tipo intelectual e cultural, lexitimadores da representación da forza de traballo a través de títulos, xurídica e profesionalmente válidos. Pódese dicir, entón, que os diplomas e os graos conforman unha condición necesaria, aínda que non suficiente, para o acceso a un mundo laboral, agora máis flexible, poroso, e absolutamente imbuído de incerteza.

É certo que a xestión desa incerteza non sempre obedece a parámetros de equidade social nin é allea ás dialécticas dos conflitos que latexan detrás de posicións vinculadas a factores como xénero, pobreza ou migracións nun panorama de contornas globais, dificilmente controlables desde fórmulas maximalistas que apenas están a reparar nas consecuencias da

conectividade dixital en todas as dimensións da vida persoal, social e laboral.

Asemade, cómpre decatarse de que a oferta e a demanda de traballadores nas ordes escalares da produción solicita unha combinatoria de coñecementos e competencias a prol dunha maior funcionalidade, cara a dentro e cara a fóra, da empresa ou organización. A lóxica das oportunidades nun mercado aberto e desregulado ten mudado de tal xeito que as preguntas nucleares nas dinámicas de selección de persoal están alimentadas por unha linguaxe instrumental, decisiva en termos daquelas destrezas que marcan diferenzas na realización de tarefas e actividades acordes cunha economía do coñecemento.

Por iso, mesmo cunha semántica proteica, escoitamos unha sorte de mantra encol dun *skill gap*, a saber, un baleiro de destrezas, que grandes consorcios (públicos e privados) usan para explicar os atrancos no acceso ao emprego que sofren centos de milleiros de mozos.

Nese desacougante ambiente, a educación non formal asume e proxecta —a miúdo sen pretendelo— un enfoque de capacidades humanas situado alén de teorías e/ou perspectivas académicas sobre procesos extraordinariamente sensibles como son a aprendizaxe e a motivación humanas. Especialmente, se o que se buscan son eixos comprensivos dos seus potenciais efectos cognitivo-sociais nas mozas e mozos que xa toman contacto coa realidade laboral, ou que están a facelo grazas ao deseño de formatos prácticos, en empresas ou organizacións, ligados a estratexias de fomento da empregabilidade.

Coa educación non formal o que buscamos son competencias para a vida, alén das estrictamente profesionais. Por iso ten que ser máis dinámica e flexible que a convencionalmente unida ao sistema regrado. Tampouco se ten que restrinxir a tempos ou espazos concretos, de tal xeito que fai posible unha maior inclusión das persoas nunha aprendizaxe continua. Velái o xermolo do seu enorme potencial.

Dun tempo a esta parte, as políticas de xuventude non se entenden á marxe de argumentacións que colocan unha forte énfase na empregabilidade, palabra que devén rutilante en todas as axendas públicas.

Porque, acaso non pasa por esa ribeira a xestión responsable do futuro nunhas sociedades democráticas, tan eivadas de desafección cívica? Sendo así, pór o acento na necesidade de completar a oferta formativa con programas de educación non formal ten que ser unha liña a explorar. Daquela, entre outras, hai unha razón de peso: proporcionar coñecemento práctico desde a experiencia de contacto directo cos problemas a resolver, ao tempo que se poden ir avaliando as destrezas das persoas e o seu progreso nunha dirección operativa.

Moitas empresas, diante da dificultade para medir a produtividade marxinal, usan a produción como sinal desta. Abundan os empregadores que actúan deste xeito porque a súa experiencia indícalles que o nivel de educación funciona como aproximación ás habilidades do individuo.

Pois ben, se o nivel de educación formal se representa seguindo ese *modelo de sinal*, o grao de implicación exitosa en actividades de educación non formal podería servir tamén nese sinalamento de habilidades e disposicións de compromiso nun marco de traballo, nomeadamente, se se trata dun traballo por conta allea. En poucas palabras, educación formal e non formal terán que artellarse dun modo imbricado se queremos máis e mellor empregabilidade para a mocidade.

Polo que sabemos desde a investigación educativa solvente dos últimos anos, valores e destrezas nominadas nos máis efectivos plans e programas deste tipo de educación (léase, iniciativa, solidariedade, autonomía, auto-regulación...) estenderían efectos e alicerces se fosen tidos en conta nos patróns curriculares que, de xeito previo ou en simultaneidade, acompañasen a adquisición de coñecementos e saberes que se estipulan desde as correspondentes instancias administrativas no intre de definir o percorrido escolar de cativos e adolescentes.

Quérese dicir, sinxelamente, que o coidado da habilitación para emprender na vida cabe tamén entre os cometidos da educación ou, máis pedestremente, da escolaridade nos distintos niveis, ciclos e modalidades do ensino. Do que se colixe que o profesorado seguirá sendo pedra angular dese *training*, e a súa formación (do profesorado) un valor de calidade sistémica, difícil de contrarrestar, independentemente das

leccións a entresacar da alfabetización dixital asimétrica que hoxe alumea e impregna a comunicación entre adultos e xoves.

Xa que logo, a empregabilidade dun individuo nesta era reclama o concurso de variables formativas que non sempre teñen debuxo lineal pois, amén do perfil competencial adquirido, tamén hai que contar con disposicións persoais e a pericia relacional (emocional) cos seus iguais en contextos de interactividade, natural ou programada, a propósito de perfís cívico-morais que importan e que cómpre considerar na definición de metas e no encadre de técnicas para espolear pensamento crítico e acción solidaria. No mundo da vida, o capital social é unha clave de desenvolvemento e mellora, que sería temerario desprezar aínda que só fose por simple desexo de efectividade no fluxo das comunicacións interpersoais.

Pero o remuíño de elementos que se condensan na cuestión da empregabilidade non esqueceu da educación superior. Na actualidade é meridiana a incidencia do asunto que nos preocupa nas cohortes de universitarios que contemplan absortos o remate dos seus estudos. O desánimo que os paraliza agrávase pola inexistencia de ideas e programas no seo das institucións académicas cun epicentro orientador das súas liñas de carreira, tratando de monitorizar expectativas e toma de decisións.

Na educación superior do noso país escasean as innovacións educativas de natureza social e comunitaria, capaces de conectar teoría e práctica, de xeito que os estudantes e graduados poidan identificar e tentar de 'resolver' problemas sobre o terreo, valéndose das súas habilidades para deseñar e proxectar secuencias de investigación-acción colaborativas.

Sen mistificar fórmula ningunha, pode que sexa hora de probar estratexias que foron bastante funcionais en latitudes universitarias que gustamos de referir modelicamente. O modelo de aprendizaxe-servizo continúa a ser nesta beira do Atlántico un procedemento un tanto exótico na maioría dos campus, por máis que un recente documento da Conferencia de Reitores españois o citara a modo de recurso formativo digno de atención.

Do que se trata, pois, é de abrir perspectivas e visións da aprendizaxe non estritamente formais, ancoradas desde logo na lóxica do coñecemento científico que, precisamente por selo, abrangue a lóxica experiencial da vida. Tal lóxica non fai esmorecer, senón que, ao contrario, fortalece os vieiros do pensamento que serven para catalizar, en contacto coa realidade, reflexión e acción.

Como dixemos, o normal viña sendo que os empregadores pedisen aos xóvenes un capital humano e cultural baseado en patróns bastante fixos (titulación, experiencia...). Isto é agora só unha parte do que inclúe e abrangue o relato da empregabilidade. Porque o que tamén se agarda dos graduados é que saiban proxectarse integrando habilidades académicas e atributos persoais, interpersoais e condutuais.

Doutra banda, é innegable a importancia xeralmente concedida, pola súa demanda no mercado de traballo, de determinadas habilidades e destrezas non estritamente cognitivas, máis vinculadas ao capital relacional e que lles permite aos individuos ser máis globais, tolerantes e inclusivos. Abonda a súa rotulación de *soft skills*, cuxo desenvolvemento é, ou pode ser, continxente a un tipo de aprendizaxe non formal ligado a dinámicas de participación en distintas organizacións da sociedade civil.

Non pode estrañar a forza das hipóteses que relacionan a confianza e as destrezas culturais de bastantes xoves coa súa participación en actividades extracurriculares, incluíndo o carácter estratificador que tal realidade pode supor, xa que non todas as familias teñen posibilidades de favorecer o acceso dos seus fillos a unhas actividades ben valoradas polas clases máis acomodadas da sociedade. As opcións de carreira adoitan facerse con arreglo a disposicións e marcos de acción específicos na vida das persoas. Sería unha inxenuidade supina pontificar sobre este tema como se as posicións sociais dos individuos non importasen.

Ao carón da énfase que a análise sociolóxica puxo na orixe familiar do capital social (a obra do intelectual francés Pierre Bourdieu resulta moi esclarecedora), contamos con datos acerca do rol activo dos xoves no desenvolvemento dese mesmo capital. O caso da súa participación en organizacións cívicas amosa canles de interese estratéxico para as mesmas universidades xa que ese tipo de implicación alenta conexións entre individuos e grupos (de natureza étnico-cultural, social ou económica) coa posibilidade de traducirse nun acceso máis efectivo á información e a outros recursos relacionados co emprego. Aínda así, a importancia das aptitudes interpersoais parece aumentar a medida que se vai subindo na escala ocupacional.

Desde logo, considerando os efectos da crise económica sobre o emprego dos xoves, incluíndo os universitarios, este é un tema que interesa moito no noso tecido de vida europeo. Temos que dar pulo a proxectos de alcance, salientando o valor dos nexos reticulares na chamada 'xeración Erasmus', portentosa masa crítica de xoves europeos xurdida dun gran programa de intercambio

académico nas últimas dúas décadas. E nesas andainas, a participación da xuventude galega vén sendo, e coidamos que así seguirá, un eixo de progreso individual e colectivo.

Temos equipos de traballo excelentemente preparados para animar a implicación e facer as mellores análises desde o país, e tamén sacando vantaxe de especialistas galegos no exterior. Aí temos o exemplo dun xeneroso colaborador do noso Grupo de Investigación (Esculca-USC), Manuel Souto, actualmente profesor na *University of Bath* no Reino Unido, que liderou un estudo europeo no que se xuntan pertinencia e relevancia no que atinxe ás políticas de xuventude (*Study on the impact of non-formal education in youth organisations on Young people's employability*, European Youth Forum, Brussels, 2013).

Desde unha pregunta básica, importa realmente no mercado de traballo o desenvolvemento das chamadas 'destrezas brandas'?, contou no estudo con 1076 suxeitos entre 15 e 30 anos de idade, pertencentes a uns corenta países. En xeral, a participación de moitos destes xoves en organizacións xuvenís de distinto signo socio-cultural mellora sustantivamente habilidades ben consideradas polos empregadores, caso das asociadas á comunicación, patróns de adaptabilidade e flexibilidade, formas de traballo en equipo, amosar auto-confianza e pór de manifesto destrezas de tipo intercultural. Por debaixo destas aparecen outras que tenden a recibir máis atención no currículo formal (dominio de tecnoloxía informática, razoamento numérico ou coñecemento de linguas estranxeiras).

Coidamos que a seguinte é unha nota interesante destas mesmas contribucións: a maneira na que ten lugar a implicación nas organizacións dos xoves resulta ser un mellor predito dos resultados que as características persoais dos suxeitos. E posto que a evidencia amosa un certo nesgo en función da clase social, o recomendable sería que na educación superior deseñásemos estratexias capaces de facer máis atractiva e balanceada a presenza dos estudantes nestas organizacións, e tamén na súa orixe.


Nesa liña argumental, non deixa de ser paradóxica a actual debilidade no estado das políticas de xuventude na contorna europea, entre outras razóns porque a dependencia das súas familias agrava a desmotivación da mocidade e prexudica a transición ao mundo laboral. Que en Galicia se abrisen programas de Iniciativa Xove, con vontade política de continuidade e disposición positiva para a súa rigorosa avaliación, é algo saudable, espléndido mírese por onde se mire.

*Santiago de Compostela, Nadal 2014*

# Iniciativa Xove

Consellería de Traballo e Benestar

---



**INICIATIVA XOVE**  
*un novo modelo de  
participación xuvenil*

### INICIATIVA XOVE, UN NOVO MODELO DE PARTICIPACIÓN XUVENIL

O programa de participación xuvenil **Iniciativa Xove**, que desenvolve a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar desde o ano 2010, supuxo a posta en marcha dun novo modelo de participación xuvenil no marco da renovación das políticas de xuventude cara a programas que melloren ou faciliten a empregabilidade e o emprendemento a través da educación non formal da nosa mocidade.

Nace pois, como un programa pioneiro de participación xuvenil que busca potenciar o liderado e as competencias transversais para a empregabilidade da mocidade, a través do financiamento de proxectos pensados e xestionados polos propios mozos e mozas.

A propia Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia prioriza a participación e o espírito de protagonismo dos mozos e mozas, pivotando dun xeito primordial sobre a participación da mocidade na sociedade, xa sexa dun modo individual ou como a través de

fórmulas asociativas e mediante grupos informais (preámbulo). A Lei e o novo modelo seguen as recomendacións establecidas pola Unión Europea no Libro Branco sobre a xuventude, apoiando tamén a participación dos grupos informais de mozos e mozas.

A Comisión Europea prioriza como obxectivo fundamental o apoio á educación non formal da mocidade como complementaria da educación formal, para contribuir á aprendizaxe permanente, incluso fóra das aulas, mediante a animación xuvenil e o uso das novas tecnoloxías.

Existe a evidencia de que o compromiso e a participación prolongadas neste tipo de iniciativas permiten o desenvolvemento dunha serie de destrezas e aptitudes nas persoas novas que, sen dúbida, teñen un grande impacto sobre a empregabilidade xuvenil dada a coincidencia identificada entre as destrezas que demandan as persoas empregadoras e as adquiridas a través da educación non formal.

Nesta liña, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado apostou, xa dende o 2009, polo deseño e posta en marcha de programas que facilitarán a participación das mozas e mozos galegos en proxectos xuvenís, apoiando as súas iniciativas sen tutelalas e como unha vía máis para axudalos na transición da educación ao emprego. Así naceu Iniciativa Xove, como unha ferramenta para estimular o espírito de protagonismo e liderado das persoas mozas, constituíndose nunha escola de cidadanía activa que permite potenciar o talento dos líderes do futuro.

Iniciativa Xove representa pois, o compromiso da Xunta de Galicia coa educación non formal, como ferramenta para estimular o protagonismo da xuventude. A calidade da educación non formal, o seu acceso para todos os mozos e mozas, así como unha maior mobilidade, son factores cruciais para aumentar o impacto positivo que poida ter na empregabilidade da mocidade.

### O programa en cifras

Iniciativa Xove nace no ano 2010 como unha medida pioneira a nivel de todo o Estado, incluída dentro do **Plan estratéxico de xuventude 2010-2013**, a **Estratexia Xuventude 2013**, e durante o período

2010-2014 supuxo un investimento de **3.129.520,00 €**, investimento que facilitou o financiamento dun total de 857 proxectos promovidos polas entidades xuvenís e grupos informais de mozos e

mozas. As mozas e os mozos beneficiados directamente como promotores dos proxectos foron un total de 4.285.

#### INICIATIVA XOVE 2010-2014

Beneficiarios/as	2010	2011	2012	2013	2014	Total	Orzamento	2010	2011	2012	2013	2014	Total
Proxectos	165	269	119	165	139	<b>857</b>							
Mozos/as	825	1.345	595	825	695	<b>4.285</b>		775.000 €	695.000 €	430.620 €	727.900 €	501.000 €	<b>3.129.520 €</b>



	SOLICITUDES PRESENTADAS EN INICIATIVA XOVE						PROXECTOS CONCEDIDOS EN INICIATIVA XOVE					
	2010	2011	2012	2013	2014	Total	2010	2011	2012	2013	2014	Total
<b>ASOCIACIÓN S</b>												
A Coruña	51	31	48	23	20	<b>173</b>	12	28	8	19	12	<b>79</b>
Lugo	37	38	31	15	14	<b>135</b>	11	25	4	11	8	<b>59</b>
Ourense	57	52	35	21	20	<b>185</b>	15	31	6	19	7	<b>78</b>
Pontevedra	70	62	66	45	48	<b>291</b>	25	61	10	28	12	<b>136</b>
Provinciais	215	183	180	104	102	<b>784</b>	63	145	28	77	39	<b>352</b>
Autonómicas	66	100	87	58	66	<b>377</b>	44	45	36	33	26	<b>184</b>
Total Asoc.	281	283	267	162	168	<b>1.161</b>	107	190	64	110	65	<b>536</b>
<b>GRUPOS INFORMAIS</b>												
Grupos	102	132	139	97	151	<b>621</b>	58	79	55	55	74	<b>321</b>
<b>SOLITUDES (ASOCIACIÓN S+GRUPOS)</b>												
Total	383	415	406	259	319	<b>1.782</b>	165	269	119	165	139	<b>857</b>

Do total das 1782 solicitudes presentadas, un 65,15 % correspondeu a asociacións e un 34,85 % a grupos informais.

Do total de 857 proxectos concedidos, un 62,54 % correspondeu a asociacións e un 37,46 % a grupos informais.

Os proxectos subvencionados por Iniciativa Xove teñen como límite 4.000 euros de gasto e finánciase o 100% do orzamento, polo que a axuda é incompatible con outras destinadas á mesma actuación. Este programa tamén lles concede ás asociacións e aos grupos informais

anticipos automáticos de pagamento do 80%, de xeito que a falta de liquidez non sexa un impedimento para levar a cabo proxectos interesantes.

O novo **Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016, Horizonte 2020, Xuventude 2016**, que foi **aprobado polo Consello da Xunta do 16 de abril de 2014** (Plan que conta con 11 eixos de acción, 48 obxectivos operativos e 240 medidas e un orzamento total de 343.559.478,24 euros) inclúe entre as súas medidas o programa Iniciativa Xove para que as

mozas e os mozos galegos poidan seguir poñendo en marcha proxectos de interese organizados e realizados por eles mesmos e nos que eles sexan os auténticos protagonistas. A previsión de investimento para os próximos dous anos de vixencia do novo Plan é de 1.000.000 euros, co obxectivo de lograr o financiamento de 392 proxectos e con 1.960 mozas e mozos beneficiados directamente como promotores destes proxectos, para estimular o espírito de protagonismo e liderado da mocidade, a súa autonomía, así como a creatividade e o talento xuvenil.

## Ordes de convocatoria INICIATIVA XOVE

- > Orde do 30 de abril de 2010 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 86 do 07.05.2010)
- > Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 20 do 31.01.2011)
- > Orde do 31 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 43 do 01.03.2012)
- > Orde do 11 de abril de 2013 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 75 do 18.04.2013)
- > ORDE do 7 de abril de 2014 pola que se establecen as bases que rexen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 73 do 15.04.2014)

# Iniciativa Xove

Consellería de Traballo e Benestar

---

Esta publicación recolle unha selección dos proxectos desenvolvidos no marco do programa Iniciativa Xove durante os seus primeiros cinco anos de vida (2010-2014). Trátase non tanto de recompilar as múltiples iniciativas emprendidas durante todo este tempo (tarefa inabarcable nunha edición), senón de ofrecer, a través dalgunhas delas, unha visión de conxunto sobre o talento e as capacidades das mozas e dos mozos galegos á hora de acometer os seus propios proxectos, o que sen dúbida lles axudou ademais a adquirir novas competencias.

Así pois, estamos ante unha serie de proxectos desenvolvidos ao longo do territorio galego que exemplifican o espírito Iniciativa Xove, proxectos finalizados con éxito que ben se poden presentar articulados sobre cinco grandes eixos temáticos: voluntariado e integración da diversidade; creatividade; sustentabilidade, memoria e tradición; dinamización e lecer alternativo; e emprendemento e innovación.

Esta escolma de iniciativas dá conta, polo tanto, non só das inxerencias da nosa mocidade, senón tamén da súa actitude e aptitude, calidades ás que o programa Iniciativa Xove agarda seguir contribuíndo nos próximos anos.




# INICIATIVA XOVE

*escolma 2010-2014*

# Iniciativa Xove

Consellería de Traballo e Benestar

---





## DEPORTE E MENTE SEN BARREIRAS

ASOCIACIÓN ACHEGA / VILAGARCÍA DE AROUSA





01

### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O obxectivo principal da asociación Acheга é contribuir ao crecemento persoal e á integración social e no deporte das persoas con algún tipo de discapacidade, así como sensibilizar á sociedade en xeral.

Acheга, a través do seu traballo, pretende ser un referente para a comunidade e para a poboación con risco de exclusión social na loita por alcanzar a plena integración social das persoas con discapacidade no territorio galego.

A asociación desenvolveu o proxecto **Deporte e mente sen barreiras**, cuxo obxectivo fundamental era brindarlle á poboación galega con calquera tipo de discapacidade a oportunidade de participar e coñecer actividades deportivas e de lecer e, ao mesmo tempo, darlle a oportunidade de seguir practicando ese deporte grazas á colaboración dos clubs participantes no proxecto.

Outros dos obxectivos de **Deporte e mente sen barreiras** foron crear conciencia, responsabilidade social e sensibilizar á poboación xeral permitindo a práctica dos deportes que se levaron a cabo e o coñecemento dalgunhas das modalidades de deporte adaptado.

### DESENVOLVEMENTO

No marco do proxecto, organizáronse un total de sete actividades:

- > Rugby adaptado (en Vilagarcía de Arousa)
- > Petanca adaptada (en Vigo)
- > Tenis en cadeira de rodas (na Coruña)
- > Baloncesto en cadeira de rodas (en Vigo)
- > Esgrima paralímpica (en Santiago de Compostela)
- > Vela adaptada (en Vigo)
- > O deporte como medio integrador: beneficios sociais e mentais (en Santiago de Compostela)

Os participantes destas actividades foron fundamentalmente persoas con distintos tipos de discapacidade: física, psíquica, intelectual etc.; non obstante, en todos os casos permitiúselles a participación nas actividades a persoas sen ningún tipo de discapacidade, co obxectivo de crear conciencia social e sensibilización.

### DIFUSIÓN

#### O proxecto nas webs de:

Voluntariado Galego

<http://www.voluntariadogalego.org/web/index.php?mod=not&ide=2351>

Cogami

<http://www.cogami.es/difusion/sala-de-prensa/novas/persoas-usuarias-de-cogami-participan-nun-partido-de-baloncesto-en-cadeira-de-rodas/>

Federación Galega de Petanca

<http://www.fgpetanca.org/deporte-e-mente-sen-barreiras/>

#### O proxecto nos medios:

Radio Galega (RG)

<http://www.crtvg.es/rg/a-carta/convivir-en-igualdade-convivir-en-igualdade-do-dia-03-10-2014-901999>

TVG

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/reportaxes-locais-42>

#### Información sobre Acheга:

Web

[www.grupoacheга.es](http://www.grupoacheга.es)

Facebook

<https://es-es.facebook.com/asociacionacheга>

Twitter

<https://twitter.com/asociacioacheга>

01



## IGUAL ARTE FILM PROJECT

GRUPO INFORMAL ALGO VISUAL / VIGO







### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

**Igual Arte Film Project** é un proxecto desenvolvido polo grupo informal Algo Visual, que tivo como obxectivo lograr a integración e a inclusión de mozos e mozas con discapacidade nun equipo audiovisual profesional e elaborar, conxuntamente, unha curtametraxe.

A colaboración entre ambos os dous eixes do proxecto (persoas con discapacidade e o grupo profesional) deuse en todos os estadios e facetas da produción desta obra cinematográfica.

### DESENVOLVEMENTO

A cooperación comezou cun taller de escritura de guiño no que participou alumnado da Fundación Igual Arte, do cal xermolou a historia que deu pé á curta. Deseguido, tras rematar o libreto, púxose en común unha visión estilística da imaxe e son da fita. Na última fase, outro grupo de estudantes da fundación sen experiencia no eido filmico, tras asistir a un taller de formación técnica, gravou a curtametraxe xunto dun equipo con bagaxe no sector audiovisual.

Sobre o traballo final, a curtametraxe *Narci*, pódese aprofundar na páxina web de **Igual Arte Film Project**: <http://igualartefilmproject.fundacionigualarte.com/>

Amais da produción e da rodaxe da curta, **Igual Arte Film Project** incluíu como outro dos seus piares a realización dunha reportaxe que

recolla toda a evolución do proxecto dende o taller inicial ata a estrea final. A maiores, impulsado pola riqueza do proxecto, o recoñecido director Agustí Vila, gañador do Festival Karlovy Vary, realizou desinteresadamente unha longametraxe ficcionalizando todo o proceso creativo do estudiantado de Igual Arte. Nesta produción, os mozos e mozas da fundación participaron como actores e actrices do elenco.

Na posta en marcha deste proxecto entrelazáronse diversas motivacións. Por unha banda, dar a oportunidade de compartir inxerencias artísticas de sectores sociais tradicionalmente ignorados na creación de películas. Neste sentido, non só se traballaron aspectos creativos, senón que tamén se atendeu á adquisición de habilidades técnicas no terreo audiovisual por parte da xente con discapacidade. Esta formación práctica ten a súa lóxica na formación profesional destas persoas.

Por outra banda, alén de repercutir positivamente na adquisición de ferramentas cinematográficas, a difusión pública da curtametraxe amosou as habilidades narrativas de persoas con discapacidade a unha audiencia heteroxénea. Mentres, derrubáronse determinadas barreiras de exclusión social e profesional, a reportaxe converteu a totalidade do proceso nun modelo para futuras iniciativas inclusivo-pedagóxicas similares.

### DIFUSIÓN

01

**Web do proxecto:**

<http://igualartefilmproject.fundacionigualarte.com/>

**O proxecto na web da Xunta de Galicia:**

<http://www.xunta.es/notas-de-prensa/-/nova/0363/xuventude-financia-con-180-000-euros-total-proxectos-que-desenvolveran-245-mozos>

**O proxecto na web da Universidade de Vigo:**

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=8896](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=8896)

**O proxecto nos medios:**

Unha curta con moita trastenda.

*La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2014/07/02/corto-trastienda/0003\\_201407V2C4991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/2014/07/02/corto-trastienda/0003_201407V2C4991.htm?idioma=galego)

Rodan en Vigo un documental dun grupo de discapacitados.

*Atlántico Diario*

<http://www.atlantico.net/articulo/cultura/ruedan-vigo-documental-grupo-discapacitados/20140907002939434009.html>

TVG

<http://www.crtvg.es/informativos/os-usuarios-da-fundacion-igualarte-de-discapacitados-guionizan-e-rodan-una-corta-de-ficcion-en-vigo-852509>

Localia TV

[https://www.youtube.com/watch?v=MFMSLr8P\\_VM](https://www.youtube.com/watch?v=MFMSLr8P_VM)

**Información sobre Igual Arte :**

Facebook (Fundación Igual Arte)

<https://www.facebook.com/igualarte?ref=ts&fref=ts>

Twitter (Samthing Visual)

<https://twitter.com/SamthingVisual>

## ARCO DA VELLA MUSICAL


GRUPO INFORMAL ARCO DA VELLA MUSICAL / VILA DE CRUCES



Emilio Realiva Pérez



Xaviér Gómez Souto



Julio Binger González



José Antonio Fdez. Gómez



Iñaki Marcos Campomar



Antonio Craxpo Delama





### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

Arco da Vella Musical é o nome que recibe un grupo informal de mozas e mozos constituído na parroquia pontevedresa de Merza. Xuntos decidiron dar forma ao proxecto que leva o mesmo nome: **Arco da Vella Musical**, que tivo como finalidade favorecer o acceso da mocidade con discapacidade ás actividades culturais e de ocio.

O grupo, en colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) e coa Banda Artística de Merza, puxo en marcha unha actividade en formato de taller-concerto, que combinou as disciplinas de música, a pintura e o teatro. As persoas beneficiarias desta actividade foron os propios socios de Cogami.

### DESENVOLVEMENTO

A actividade consistiu nun conto musicado moi sinxelo, cuxa protagonista é unha nena da Illa de San Simón á que súa nai lle encarga facer por primeira vez a compra e ten que ir en barca ata Cangas. Unha vez alí, terá que enfrontarse coa dificultade de escoller unha marca de salsa de tomate. Polo medio da narración, intercaláronse pezas musicais, interpretadas por unha selección de músicos da Banda Artística de Merza. Unha vez finalizado o conto, pediúselles ás persoas participantes que pintasen sobre lenzo aquelas sensacións que a música espertou nelas.

O evento, de hora e media de duración, estivo aberto a familiares e veciñanza das zonas onde se desenvolveu. En total, realizáronse catro talleres-concerto, un por cada provincia galega: no Centro de Recursos de Medelo en Silleda (Pontevedra), no Salón Multiúsos de Arzúa (A Coruña), nas instalacións da Asociación Aixiña en Ourense e no Centro de Recursos Fingoi en Lugo.

Os fondos de obras pictóricas resultantes do **Arco da Vella Musical** foron expostos na asociación Aixiña, en Ourense.

### DIFUSIÓN

O proxecto en Google+:

<http://goo.gl/v6G8sE>

O proxecto nos medios:

Arco da Vella Musical estrenouse no centro de Medelo.  
*La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2014/09/25/arco-da-vella-musical-estreno-centro-medelo/0003\\_201409D25C12994.html?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2014/09/25/arco-da-vella-musical-estreno-centro-medelo/0003_201409D25C12994.html?idioma=galego)

Arco da Vella de música e pintura.

*Faro de Vigo*

[galego.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2014/09/23/arco-da-vella-musica-pintura/1098686.html](http://galego.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2014/09/23/arco-da-vella-musica-pintura/1098686.html)

Un proxecto dezán para persoas con discapacidade aúna pintura e música.


*La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2014/09/23/proyecto-dezano-personas-discapacidad-auna-pintura-musica/0003\\_201409D23C8991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/deza/2014/09/23/proyecto-dezano-personas-discapacidad-auna-pintura-musica/0003_201409D23C8991.htm?idioma=galego)



## GREEN HOPE

GRUPO INFORMAL ESPECIALISTAS EN SOÑOS / NIGRÁN



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Especialistas en soños, formado por catro mozas de Nigrán, desenvolveu o proxecto **Green Hope**, no que se implicaron a fondo para que persoas con autismo puidesen acceder a un completo programa de actividades de tempo libre na súa contorna máis próxima.

O obxectivo xeral do proxecto era fomentar o nivel máximo de determinación, ocio e tempo libre das persoas discapacitadas destinatarias, amais de pretender integralas na sociedade a través da diversión en contacto coa natureza.

A través das actividades realizadas no proxecto, mellorouse a vida en comunidade das persoas usuarias, de maneira dinámica; favoreceuse a súa formación a través das visitas a lugares culturais e potenciouse a súa autonomía a través de actividades de interacción; todo isto, sempre nun ambiente distendido, de diversión e en contacto coa natureza.

O proxecto **Green Hope** ía dirixido a persoas con discapacidade, nomeadamente, autistas do centro Castro Navás, da Fundación Menela, de Nigrán.

### DESENVOLVEMENTO

As actividades que se levaron a cabo foron as seguintes:

- > Visita ao Parque Nacional das Illas Atlánticas, nas Illas Cíes: ruta pola illa ata o Faro Pequeno, xantar na praia e xogos na area e na auga
- > Equinoterapia en Mougás: paseo e coidado (peiteado) dos cabalos
- > Visita ao acuario do Grove e paseo en catamarán: visita guiada ao acuario, xantar na zona do paseo do Grove e paseo en catamarán durante unha hora pola ría do Grove
- > Visita ao zoo de Vigo
- > Visita ao campo arqueolóxico de Campo Lameiro
- > Visita ao adestramento do Real Club Celta de Vigo: visita ao campo de adestramento do equipo, visualización do adestramento e sinatura de autógrafos
- > Práctica de surf en Nigrán

As actividades de equinoterapia, visita ao zoo e a Campo Lameiro completáronse con diversos xogos durante a tarde no centro Castro Navás.

**Green Hope** plasmouse, en definitiva, nun conxunto de experiencias que aos usuarios e usuarias da Fundación Menela lles abriu novos horizontes e que para o grupo de mozas que programou e desenvolveu o proxecto supuxo a gratificación de colaborar no labor de garantir o benestar das persoas con autismo.



### DIFUSIÓN

O proxecto en Facebook:

<https://www.facebook.com/pages/Proyecto-Green-Hope-Especialistas-en-so%C3%B1os/700041906753392>

O proxecto nos medios:

Green Hope ou como romper a rutina das persoas con autismo. *Xuventude.Novas*  
[http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/XuventudeNovas/XuventudeNovas\\_N55\\_Outubro2014.pdf](http://xuventude.xunta.es/uploads/docs/XuventudeNovas/XuventudeNovas_N55_Outubro2014.pdf)

Catro mozas formulan novas formas de ocio para as persoas con autismo en Galicia. *Faro de Vigo*  
<http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2014/10/14/cuatro-jovenes-plantean-nuevas-formas/1111585.html>



## ESTIMULANIMAL

GRUPO INFORMAL MOCIÑAS VEÑEN E VAN / COSPEITO





### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

O Albergue Rural Garabullos de Sistollo, en Cospeito, foi o lugar escollido polo grupo informal Mociñas veñen e van –un grupo formado por cinco rapazas con formación e inqedanzas nos eidos social e natural– para levar a cabo o proxecto **Estimulanimal**.

**Estimulanimal** foi unha alternativa de ocio con finalidade educativa, dirixida a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 12 e os 35 anos con diversidade funcional intelectual. Esta actividade, que se levou a cabo durante dúas fins de semana, pretendeu achegarlles a estes mozos e mozas con necesidades especiais a natureza e os animais domésticos, nomeadamente, os cans e os cabalos, que xogaron un importante papel como dinamizadores de actividades.

### DESENVOLVEMENTO

A través desta iniciativa pretendeuse estimular a adquisición por parte das persoas usuarias de novas habilidades sociais, físico-motoras e intelectuais a un nivel práctico, sobre todo, a través do traballo con animais. Para a consecución deste fin, contaron coa axuda do equipo de Natural Ardaí, encabezado por Izcalli Fernández, unha recoñecida psicóloga e adestradora equina e canina, quen coordinou as actividades de estimulación e educación asistida con estes animais de granxa. Ademais, tamén se realizaron obradoiros, xogos e dinámicas de contacto

coa natureza que conduciron as propias mozas, cuxa finalidade era ofrecerlle ao público asistente unhas horas amenas e cheas de aprendizaxes e diversión.

Valorando a importancia do contorno e o ambiente para traballar certos aspectos da diversidade funcional intelectual, a actividade realizouse no corazón da Reserva da Biosfera Terras do Miño, onde a tranquilidade e a amplitude de espazos xeran unha gran sensación de confort á vez que, polas súas especiais características de xestión, crea un ambiente de confianza e familiaridade moi beneficioso para desenvolver este tipo de actividades.

Neste lugar os animais son tratados como un membro máis da familia, respéctase a súa identidade e refórzanse as súas virtudes; trabállase diariamente con eles na confianza, cubrindo do xeito máis rigoroso as súas necesidades físicas, psíquicas, sociais e individuais, atendendo sempre a criterios científicos de etoloxía natural e adestramento en positivo.

Os destinatarios principais, a quen se lles ofertou a realización práctica da actividade totalmente de balde, foron as asociacións ou fundacións sen ánimo de lucro galegas que traballan de xeito continuo co colectivo de persoas con diversidade funcional intelectual.

### DIFUSIÓN

**O proxecto en Facebook:**

<https://www.facebook.com/estimulanimal>

**O proxecto nos medios:**

Animais, un estimulante social. *El Progreso*  
<http://elprogreso.galiciae.com/nova/361766-animales-estimulante-social?lang=es>

Mozos e mozas con diversidade funcional aproveitaron as actividades de Estimulanimal. *TerraChá.xa*  
<http://www.terrachaxa.com/novas/mozos-e-mozas-con-diversidade-funcional-aproveitaron-actividades-de-estimulanimal>



## MOZAS E MOZOS XORDOS GALEGOS NO MUNDO TECNOLÓXICO

FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG) / SANTIAGO DE COMPOSTELA



01



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A finalidade da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) é xerar as condicións que, tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades.

En relación coa xuventude, segundo os estatutos da FAXPG, os seus fins son desenvolver programas que favorezan a atención e a evolución óptima das persoas xordas ao longo do seu ciclo vital (infancia, xuventude e persoas maiores).

O grupo de mozas e mozos da FAXPG propúxose realizar unha actividade que tiña como finalidade a transferencia de coñecementos no ámbito das novas tecnoloxías. A actividade consistiu, tal e como establecía o proxecto inicial, na realización de obradoiros, dinamizados por un mozo xordo con coñecementos específicos no tema, no que se mesturasen mozos e mozas con e sen coñecementos sobre as novas tecnoloxías, de forma que todas as persoas colaborasen na aprendizaxe.

### DESENVOLVEMENTO

Os obradoiros –desenvolvidos en Santiago de Compostela, coa participación de 24 mozas e mozos xordos– foron os seguintes:

- > Deseño Photoshop
- > Montaxe e Posprodución de IDendeaf
- > Seguridade e Mantemento do mundo Tecnolóxico, a xestión para a vida habitual dixital, DNI-electrónico
- > Creación dunha páxina web

Por último, intercambiáronse experiencias entre todos os asistentes.

O obxectivo xeral da iniciativa era a difusión de coñecementos sobre

novas tecnoloxías entre as mozas e os mozos xordos. Neste sentido, a dinámica da actividade permitiu acadar completamente o obxectivo en canto que supuxo un lugar común de intercambio de coñecementos sobre os temas de cada un dos obradoiros, o que permitiu acadar, completar ou ofrecer coñecementos segundo o grao de coñecementos sobre o tema de cada unha das persoas participantes.

A transferencia de coñecementos levouse a cabo respecto dos temas que se detallan nos seguintes obxectivos específicos:

- > Fomentar as habilidades técnicas instalación-configuración, mantemento e seguridade do equipamento informático persoal
- > Fomentar o coñecemento do uso de redes sociais e de aplicacións para a xestión dixital no ámbito da vida diaria
- > Fomentar o coñecemento básico sobre a elaboración de montaxes e curtametraxes

Os resultados obtidos en relación cos obxectivos específicos foron os seguintes, tendo en conta a satisfacción das persoas participantes:

- > 95% dos mozos e mozas participantes, bastante ou totalmente satisfeito coa formación de deseño gráfico
- > 84% dos mozos e mozas participantes, bastante ou totalmente satisfeito coa formación sobre montaxe e posprodución
- > 88% dos mozos e mozas participantes, bastante ou totalmente satisfeito coa formación sobre instalación, mantemento e seguridade de equipos e xestión dixital



### DIFUSIÓN

01

#### O proxecto en Vimeo

(vídeo resumo dos obradoiros):

<http://idendeaf.com/2013/10/25/video-resumen-jovenes-sords-gallegos-en-el-mundo-tecnologico/>

#### O proxecto na web de Xuventude.Net:

<http://xuventude.xunta.es/2013102111735/un-proxecto-de-iniciativa-xove-achega-as-posibilidades-das-novas-tecnoloxias-aos-mozos-e-mozas-con-discapacidade-auditiva.html>

#### O proxecto nos medios:

TVG

<http://www.crtvg.es/informativos/as-novas-tecnoloxias-facilitan-a-integracion-das-persoas-xordas-684035>

#### Información sobre a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia:

Web

<http://www.faxpg.es/>

Facebook

<https://www.facebook.com/faxpg>

## XOVES INTERCULTURAIS: XUVENTUDE, COMUNICACIÓN E SOCIEDADE

ONG MESTURA / CULLEREDO



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

**Xoves interculturais** é un programa que a ONG Mestura desenvolve dende o ano 2012 co obxectivo de crear puntos de encontro, socialización e intercambio de experiencias entres os mozos e as mozas da área do Consorcio das Mariñas, nomeadamente, do Concello de Culleredo, prestando unha especial atención ás persoas migrantes e á súa integración na sociedade.

A edición de 2014, desenvolvida no marco do programa Iniciativa Xove, centrouse especialmente na creación de espazos de encontro entre a poboación xuvenil local e a migrante, co obxectivo último de empoderar o movemento xuvenil como parte activa da sociedade e motor de cambio.

## DESENVOLVEMENTO

As actividades deste programa dividíronse en tres liñas de acción:

### 1. Xuventude e comunicación

1.1. Taller “As redes sociais: máis aló das faladorías”: neste taller traballouse o uso responsable das redes sociais, para previr as malas prácticas e favorecer o uso produtivo deste potente medio de información e comunicación.

1.2. Taller “O que podó facer cunha cámara”: nesta actividade achegouse a xente nova á fotografía, tanto na súa vertente técnica como comunicativa. Empregáronse recursos cotiás da mocidade, como son as cámaras dos teléfonos móbiles.

1.3. Safari fotográfico: a actividade consistiu nun percorrido polas rúas de Culleredo cunha mirada crítica e construtiva, deixando reflectidas, a través da fotografía, as diferentes realidades sociais da nosa comunidade e visibilizando as desigualdades e as necesidades existentes detectadas pola poboación xuvenil.

### 2. Xuventude e participación

2.1. Punto de información xuvenil: púxose a disposición dos mozos e mozas que se achegaran á ONG Mestura un servizo de información, asesoramento e documentación sobre os recursos formativos, sociais e lúdicos existentes para eles e elas na súa zona.

2.2. Open Space ou “espazo aberto”: ferramenta de tecnoloxía social onde formular temas de discusión, a través dos cales indagar e explorar para chegar

a conclusións, buscando despois os medios máis axeitados para difundilas. A actividade realizouse a través dun facilitador que dinamiza a actividade do grupo guiándoa cara aos seus obxectivos.

Desenvólveronse dúas sesións en cursos lectivos diferentes co alumnado de 4º da ESO do IES Blanco Amor. As cuestións que se formularon pasaron por: como establecer alternativas de ocio e tempo libre que fomenten a participación xuvenil e como favorecer a participación activa do alumnado na escola. Na segunda sesión, involucrouse tamén o persoal docente e persoal dos servizos de Educación e Servizos Sociais do Concello de Culleredo.

De ambas as dúas actividades saíron outras propostas, como crear unha asemblea de alumnos e alumnas que propoña actividades de lecer autoxestionadas para os descansos ou que organice un festival cultural de final de curso, que involucre a toda a comunidade educativa.

### 3. Xuventude e conexión

3.1. Bailes interculturais: o baile serve como elemento socializador, punto de encontro e como fonte de iniciativas xuvenís. A actividade organizouse como un espazo aberto á participación de calquera moza ou mozo interesado en participar, co único requisito de ter a autorización legal para poder participar. No mes de xuño realizouse unha exhibición final na sede da ONG Mestura.

3.2. Cine-foro: ao longo do ano proxeccións distintas películas de contido social e, ao seu remate, dedicouse un tempo para a reflexión e o debate entre as persoas participantes. Os filmes escollidos foron a longametraxe francesa *A classe*, o documental *Somos Parte*, da ONG Acoes, e a curtametraxe senegalesa *Tan Sa Young*.

3.3. Cociña saudable: realizáronse dous cursos, un primeiro enfocado á cociña saudable e con aforro, e un segundo enfocado á aprendizaxe de receitas básicas para o día a día.

3.4. X-plora Culleredo: a actividade consistiu nunha saída polo Monte Xalo, dun día enteiro, na que ademais da ruta tamén se realizaron diversas actividades lúdicas nas que se potenciou a interacción entre as persoas participantes.



## DIFUSIÓN

### O proxecto nos medios:

Uns 20 mozos participan nunha ruta “intercultural e inclusiva” polo Xalo.

*El Ideal Gallego*

<http://www.elidealgallego.com/articulo/area-metropolitana/20-jovenes-participan-ruta-intercultural-inclusiva-xalo/20140905013834207329.html>

Unha ruta intercultural e inclusiva polo Monte Xalo. *El Noticiero de Arteixo*

[http://elnoticierodearteixo.com/not/21174/una\\_ruta\\_intercultural\\_e\\_inclusiva\\_por\\_el\\_monte\\_xalo/](http://elnoticierodearteixo.com/not/21174/una_ruta_intercultural_e_inclusiva_por_el_monte_xalo/)

### Información sobre a ONG Mestura:

Web

<http://ongmestura.es/mestura/PRESENTACION.html>

Twitter

<https://twitter.com/ongmestura>

# ACTÚA!

GRUPO INFORMAL RUELA / VIGO



01



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Ruela está formado por oito mozos galegos que comparten a mesma inquiredanza: o gusto polo teatro e a vontade de integrar socialmente a colectivos con dificultades de socialización. Por este motivo, decidiron crear o proxecto **Actúa!**, unha iniciativa que tivo como obxectivo principal traballar a autoestima de persoas que padecen unha discapacidade a causa dunha enfermidade mental a través do teatro terapéutico e a equinoterapia.

### DESENVOLVEMENTO

A proposta ía dirixida a persoas diagnosticadas cun trastorno mental e as actividades realizáronse tres días á semana (martes e xoves, teatro, e sábados, equinoterapia) en sesións de dúas horas e media cada unha, sumando un total de 20 sesións de teatro terapéutico e 6 de equinoterapia. As primeiras tiveron lugar no Colexio Compañía de María de Vigo e as segundas realizáronse no Centro Hípico A Muralla da cidade olívica.

O obxectivo final da actividade teatral era presentar a obra *A Comedia da Arte* no II Certame IgualArte, organizado pola Fundación IgualArte, mentres que a equinoterapia, a terapia con cabalos, buscaba mellorar as funcións cognitivas dos pacientes castigados pola patoloxía mental.

Grazas ao teatro, once persoas con discapacidade a causa de enfermidade mental lograron a través do programa **Actúa!** disipar os seus problemas, crear grandes amizades e gañar confianza. O grupo de participantes traballou na adaptación da obra *A Comedia da Arte*, que representaron en setembro de 2014 ante un emocionado auditorio do Colexio Compañía de María de Vigo.

O proxecto **Actúa!** tamén beneficiou ás familias e aos cuidadores das persoas participantes, así como aos propios voluntarios a nivel persoal, que se enriqueceron dunha experiencia moi agradable que favorece a eliminación de ideas erróneas, estereotipos e posibles prexuízos.

### DIFUSIÓN

#### O proxecto en YouTube:

<https://www.youtube.com/watch?v=r2a7azgzzxY&feature=youtu.be>

#### O proxecto na web da Xunta de Galicia:

<http://www.xunta.es/notas-de-prensa/-/nova/0675/grupo-mozos-mozas-con-discapacidade-cerebral-vigo-interpretan-una-obra-teatro>

#### O proxecto nos medios:

Levántase o pano e esvaécense os problemas. *Faro de Vigo* [galego.farodevigo.es/gran-vigo/2014/08/28/levanta-telon-desvanecen-problemas/1083027.html](http://galego.farodevigo.es/gran-vigo/2014/08/28/levanta-telon-desvanecen-problemas/1083027.html)

‘Actúa’ acode á equinoterapia para mellorar a atención. *Faro de Vigo* <http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2014/08/28/actua-acude-equinoterapia-mejorar-atencion/1083026.html>

O Proxecto Actúa, de teatro terapéutico, pon hoxe en escena ‘A Comedia da Arte’. *Faro de Vigo*

[galego.farodevigo.es/gran-vigo/2014/09/01/proxecto-actua-teatro-terapeutico-pono/1085199.html](http://galego.farodevigo.es/gran-vigo/2014/09/01/proxecto-actua-teatro-terapeutico-pono/1085199.html)

O grupo informal Ruela axuda a mellorar a integración social das persoas con enfermidade mental. *Blog Infogauda* [http://infogauda.blogspot.com.es/2014/08/vigo\\_27.html](http://infogauda.blogspot.com.es/2014/08/vigo_27.html)

#### Información sobre o grupo informal Ruela:

Blog

<http://gruporuelaactua.blogspot.com.es>

Facebook

<https://www.facebook.com/gruporuela>


Twitter

<https://twitter.com/GrupoRuela>

## LITERAPIA


GRUPO INFORMAL ESTUDANTES SEN FRONTEIRAS / SANTIAGO DE COMPOSTELA

# I PREMIO LITERATURA INFANTIL E XUVENIL XOSÉ NEIRA VILAS



**+info:** [literapiaesf.blogspot.com](http://literapiaesf.blogspot.com)

- Poderán participar todas as persoas menores de 30 ao fin desta convocatoria, sen importar nacionalidade, sempre que sexan obras escritas en idioma galego.
- Cada autor poderá presentar ata tres textos, que deben cumprir as seguintes condicións:
  - Deben ser inéditos, non publicados nin premiados noutros certames.
  - Deberán presentarse mecanografiados.
  - A extensión e véñero literario serán libres, coa condición de que sexan adecuadas para un público infantil/xuvenil e relacionadas coa realidade hospitaleira.
- Deberán remitirse as obras por un dos seguintes medios:
  - Por correo electrónico:** mandar un único correo electrónico
    - Axuntando un documento Word co título da obra, que irá firmada por un pseudónimo.
    - Axuntando un documento Word diferente co título "plica" e os datos persoais e de contacto do autor.
    - Enviarase á dirección de correo [concurso@literapiaesf.com](mailto:concurso@literapiaesf.com), facendo constar no asunto do correo electrónico "certame literario".
  - Por correo ordinario:** mandar nun único sobre
    - Enviarase a obra por duplicado nun sobre pechado, e irá firmada por un pseudónimo.
    - Noutro sobre pechado dentro do anterior enviarase os datos persoais e de contacto do autor.
    - A dirección a enviar é "Edificio Docente Roberto Novoa Santos, Rúa Choupana s/n 15782 Santiago de Compostela" e o destinatario "Literapia Estudiantes Sin Fronteras".
- O prazo de presentación terminará o 25 de outubro de 2013, non sendo válidos traballos recibidos por correo electrónico con posterioridade desta data ou selados polo servizo de correos despois desta data.
- Os premios serán:
  - 1º premio: 200€ e diploma acreditativo.
  - 2º premio: 100€ e diploma acreditativo.
- O xurado poderá conceder os accésos que considere oportunos, que non recibirán premio en metálico pero si diploma acreditativo.
- O xurado pode declarar os premios desertos se considera que ningunha obra presentada acadou suficiente calidade para ser merecedora do galardón.
- Comunicaráselle ao gañador o premio, que terá que asistir á entrega do premio en Santiago de Compostela.
- O xurado darase a coñecer o día da resolución e estará composto tanto por persoas dentro do mundo literario como por persoas do servizo de Pedetría e por representantes da asociación Estudiantes Sin Fronteras.
- Os premiados ceden á Organización deste premio as facultades de uso, difusión, distribución, comunicación pública e exhibición sempre indicando o nome do autor título e premio conseguido durante 5 anos. Despois o autor poderá dispoñer de súa obra e publicala, sempre especificando que recibiu este galardón.
- O xurado resérvase o dereito a interpretar calquera dúbida ou incidencia que se poida producir durante o certame. As decisións do xurado son inapelables.
- A participación neste certame supón a aceptación de todas as súas bases.




## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

**Literapia** é un proxecto que nace e medra coas ganas de impulsar todas as facetas da literatura no ámbito hospitalario. As persoas ingresadas nun hospital, sobre todo as que teñen que estar longos períodos de tempo, ven reducida a súa variedade de lecer. Por iso, impulsar a lectura e a escritura é unha boa forma de que a súa realidade se expanda moito máis alá do espazo físico no que deben permanecer.

As nenas e nenos hospitalizados de longa duración teñen un problema engadido á súa doenza. Ao estaren en pleno desenvolvemento psíquico e social, a vida do hospital pode truncar parte desta evolución. É importante que as crianzas vexan a lectura como un regalo, e non como deber ou castigo, e aínda máis cando, por culpa da súa situación, o tipo de lecer dispoñible é máis reducido.

Por outro lado, a creación literaria, así como o debuxo, axuda aos nenos e nenas a comunicarse co seu ámbito e a expresar as súas emocións. É aí onde os voluntarios de **Literapia** son fundamentais, tanto como transmisores orais de contos e historias, como tamén impulsando a lectura individual ou á co-lectura entre os pais e os nenos.

Tomando todo isto como punto de partida, **Literapia** pretendeu impulsar a formación dun corpo de “voluntarios literarios”, que se achegase ao servizo de pediatría do Hospital Clínico de Santiago, coa Escola Infantil Camilo José Cela como eixe vertebrador e colaborador fundamental para o éxito do proxecto.

Para que este voluntariado fose eficaz, a formación era un punto fundamental. Resultaba importante que, para que puidesen transmitir esta mensaxe, en primeiro lugar, cada un deles sentise e compartise unha clara vocación lectora e, de ser posible, tamén de escritura creativa. A partir de aí, as charlas e os talleres que se impartiron durante as “Xornadas de formación en Literapia” serviron para ver os puntos de vista de creadores, académicos, persoal médico e de enfermería, así como de contacontos.

## DESENVOLVEMENTO

As “Xornadas de formación en Literapia” foron só o punto de partida, só o comezo, para que a longo prazo este corpo de voluntarios/as sexa unha ferramenta máis nos servizos hospitalarios. **Literapia** constou de tres actividades: xornadas literarias, obradoiros e dous premios literarios.

As Xornadas de Literapia serviron para formar mozas e mozos interesados no voluntariado hospitalario. Ruth Gómez, mestra da Escola Infantil Camilo José Cela; os escritores Paco Martín, Fina Casalderrey e Andrea Maceiras; xunto cos contacontos Celso Fernández Sanmartín e Paula Carballeira foron as persoas encargadas de impartir os relatorios destas xornadas.

Os obradoiros de **Literapia** tiñan como obxectivo achegarlles habilidades prácticas ás persoas voluntarias e preparar o espectáculo de contacontos conxunto. Os obradoiros que se levaron a cabo foron os seguintes:

- > obradoiro de traballos manuais, no que se explicou como crear diferentes tipos de marcapáxinas para os máis pequenos;
- > brainstorming: preparación das historias que se ían contar posteriormente;
- > material de apoio bibliográfico, escenográfico e de caracterización, para adquirir habilidades necesarias á hora de levar a escena os contos orais.

O I Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Xosé Neira Vilas tentou incentivar o achegamento á realidade hospitalaria dos nenos e nenas e mozos e mozas ingresados no hospital, dende o punto de vista do autor ou autora menor de 30 anos que non sofre esas condicións.

Pola súa banda, o Premio Ruth Gómez buscaba promover a comunicación das nenas e nenos ingresados a través da escritura.



## DIFUSIÓN

### Blog do proxecto:

<http://literapiaesf.blogspot.com.es/>

### O proxecto na web de Xuventude.Net:

<http://xuventude.xunta.es/2013101511700/xuventude-apoia-a-posta-en-marcha-dunha-rede-de-voluntariado-hospitalario-para-fomentar-a-lectura-e-outras-accions-literarias.html>

### O proxecto nos medios:

A Literapia avanza en Santiago.

*La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2013/11/05/literapia-avanza-santiago/0003\\_201311S5C5991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2013/11/05/literapia-avanza-santiago/0003_201311S5C5991.htm?idioma=galego)

### 01 Correo TV

<https://www.youtube.com/watch?v=d6TTLKccswo>

<https://www.youtube.com/watch?v=ca7RsnruIE8>

### Información sobre Estudantes sen Fronteiras:

Facebook

<https://www.facebook.com/estudiantessinfronteras.esf>

## MENTES CREATIVAS

GRUPO INFORMAL TECNOXOVE RIBADUMIA / RIBADUMIA

**MENTES  
CREATIVAS**

ORGANIZA:  
**TecnoXove  
RIBADUMIA**

 **iniciativa xove**

 **XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de Xuventude  
e Voluntariado







### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

**Mentes creativas** xurdiu co obxectivo de promover un proxecto dirixido a mozos e mozas baseado na utilización e o achegamento ás novas tecnoloxías, fomentando un uso responsable e produtivo, no cal aprendan a utilizar e a explorar novas posibilidades e recursos que estas lles ofrecen para sacarlle o máximo rendemento en todos os ámbitos da vida.

O grupo informal Tecnoxove Ribadumia organizou unha xornada de actividades ao aire libre onde se mesturou a tradición coa tecnoloxía, sempre en contacto coa natureza, abrindo portas a unha maior accesibilidade a persoas con algún tipo de discapacidade.

### DESENVOLVEMENTO

As actividades que se desenvolveron dentro da iniciativa **Mentes creativas** foron as seguintes:

#### Instalación de códigos QR e pictogramas

O grupo desenvolveu uns códigos QR audibles e uns pictogramas específicos para persoas con autismo nos que se explican as características do lugar onde están situados. Tanto os códigos QR como os pictogramas instaláronse nos lugares máis importantes do Concello de Ribadumia: na ruta da Pedra da Auga, na ruta do Río Umia, no xacemento do Monte do Castro...

O grupo de persoas participantes realizou unha ruta de sendeirismo onde puideron consultar o traballo realizado e visitaron un muíño de auga, á vez que gozaban da natureza, incluído un xantar campestre na carballeira de Ribadumia.

O obxectivo fundamental desta iniciativa era facer máis accesibles as actividades de ocio para mozos e mozas con algunha discapacidade.

#### Plataforma de xogos de intelixencia e xogos tradicionais

Desenvolveuse igualmente unha segunda actividade da xornada que consistía en poñer a disposición dos e das participantes unha serie de actividades de tempo libre que lles permitan desenvolver certas habilidades tanto mentais como físicas.

A plataforma de xogos chamada Beebrite permite xogar en tabletas a diferentes xogos de intelixencia que obrigan a pensar e a adestrar o cerebro, o que permite mellorar as cinco áreas do cerebro: o cálculo, a memoria, a velocidade, a linguaxe e a concentración.

Á parte desta actividade tecnolóxica, puxéronse a disposición dos e das participantes xogos tradicionais como a chave, a petanca, os zancos etc. A xornada foi amenizada pola Banda de Música de Ribadumia.

### DIFUSIÓN

**O proxecto na web de Xuventude.Net:**

<http://xuventude.xunta.es/2013091511410/un-grupo-de-iniciativa-xove-instala-codigos-qr-informativos-adaptados-a-persoas-con-discapacidade-na-ruta-dos-muinos.html>

**O proxecto nos medios:**

Ribadumia acolle Mentes creativas, un proxecto para emprendedores promovido por xoves da comarca. *Noticiero Galego*  
<http://www.noticirogalego.com/2013/09/ribadumia-acolle-mentes-creativas-un-proxecto-para-emprendedores-promovido-por-xoves-da-comarca/>

A ruta dos Muíños vólvese máis accesible grazas á colocación de códigos QR e pictogramas. *La Voz de Galicia*  
<http://goo.gl/TVVwq9>

A ruta dos Muíños de Barrantes facilita o paseo con novos pictogramas. *Faro de Vigo*  
<http://www.farodevigo.es/portada-arousa/2013/09/15/ruta-molinos-barrantes-facilita-paseo/878182.html>

Instalan pictogramas e códigos QR na ruta dos Muíños. *Diario de Arousa*  
<http://www.diariodearousa.com/articulo/o-salnes/instalan-pictogramas-y-codigos-qr-ruta-muinos/20130916022715040841.html>

Emprendedores da comarca presentan en Ribadumia o seu último proxecto. *Faro de Vigo*  
[galego.farodevigo.es/portada-arousa/2013/09/15/emprendedores-comarca-presentan-ribadumia-ultimo/878176.html](http://galego.farodevigo.es/portada-arousa/2013/09/15/emprendedores-comarca-presentan-ribadumia-ultimo/878176.html)

## VIDEOARTE, COMUNICACIÓN E LINGUAXE DE SIGNOS

GRUPO INFORMAL BOTA UN OLLO / BALBOA (O BIERZO)





### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Bota un Olló naceu coa pretensión de levar a cabo obradoiros creativos de videoinstalacións e linguaxe de signos para a formación de persoas xordas e oíntes. A iniciativa xorde dun grupo de mozas e mozos motivados que decide convocar sesións formativas acerca do vídeo, a arte, a paisaxe, a diversidade cultural e a vida rural.

O proxecto **Videoarte, comunicación e linguaxe de signos** consistiu na elaboración de dúas actividades, dirixidas a persoas xordas e oíntes maiores de 18 anos: o obradoiro de videoarte e comunicación visual e mais o obradoiro de linguaxe de signos.

### DESENVOLVEMENTO

Os promotores deste proxecto achegaron coñecementos e ferramentas na área da comunicación audiovisual, creativa e artística a persoas xordas e oíntes. O espazo aproveitouse tamén para a difusión de coñecementos acerca da linguaxe de signos e cultura das persoas xordas. Ambas as dúas actividades leváronse a cabo en Balboa, O Bierzo (León). Rompeuse coa idea do rural como illamento: o feito de levar a cabo os obradoiros en Balboa, unha localidade de non máis de 40 habitantes, e a interacción obrigatoria que se deu coa xente da zona nesas días de convivencia

espertou relacións e curiosidade mutua.

Na parte formativa cabe destacar a execución de *stop motion* (sesións fotográficas e máis edición e montaxe) e as dificultades que as persoas participantes salvaron durante a realización dun obradoiro que require a atención visual simultánea cara á pantalla, á cámara, ao protector, á luz... e, ao mesmo tempo, cara ás intérpretes en linguaxe de signos.

O *stop motion* foi traballado con dous *softwares* maioritariamente: a edición de animacións (*timeline*) de Photoshop e a edición de *stop motion* en Premiere. Este último é un *software* máis específico que permitiu profundar un pouco máis na edición de vídeo e nos factores que interveñen.

Por outra banda, en **Videoarte, comunicación e linguaxe de signos** traballouse co xogo visual de instalación de móbiles, puntos de luz e proxeccións, que permitiu adquirir coñecementos técnicos en canto a distancias focais, intensidades e sombras.

Aprendéronse conceptos variados en canto á historia da linguaxe de signos, a cultura das persoas xordas e máis aspectos prácticos como o dactilolóxico, a asignación dun nome a cada participante, expresións básicas do día a día e mais desmentir algúns mitos e erros xerais sobre o mundo das persoas xordas.

### DIFUSIÓN

01 O proxecto en YouTube:  
<https://www.youtube.com/watch?v=HBy5YykK8BY>


Información sobre Bota un Olló:  
<https://www.facebook.com/profile.php?id=100004240939412>



# Iniciativa Xove

Consellería de Traballo e Benestar

---






## FOTONOVELA CARMELIÑA

GRUPO INFORMAL CARMELIÑA / CANGAS



**Carmeliña**  
Unha fotonovela de Alberto Ardid





#### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Carmeliña, formado por cinco mozos e mozas, naceu coa finalidade de realizar e publicar unha fotonovela (un xénero descoñecido para a maioría dos mozos e das mozas) coa finalidade de poñer en valor o coñecemento deste tipo de narracións en fotografías e fomentar o espírito de continuidade e incluso emprendedor neste tipo de xénero editorial, sobre todo entre as persoas máis novas.

A **fotonovela Carmeliña** narra os sucesos que aconteceron nun día da vida da protagonista, Carmeliña, unha moza de vinte e cinco anos que non ten noticias do seu home desde hai moito tempo... A historia está inmersa no conflito social xurdido a finais dos anos 70 en Galicia, no momento en que os primeiros nudistas empezan a chegar á praia de Barra. Tanto o guiión como as imaxes mesturan sucesos reais e documentados con tratamentos ficticios e desnaturalizados.

#### DESENVOLVEMENTO

Para a creación de **Carmeliña**, partiuse da base dun guiión para unha curtametraxe xa realizado previamente

por Alberto Ardid, membro do grupo informal, e readaptouse para a fotonovela **Carmeliña**. Unha vez que o guiión estivo rematado, o grupo acondicionou en Cangas unha casa deshabitada dende hai 20 anos para realizar unha das escenas. Amais, buscaron unha gamela para os días de toma de fotografías. Posteriormente, mantiveron varias reunións con membros do equipo para traballar todos os aspectos técnicos do guiión, facer a repartición de papeis e concretar as datas para a toma de fotografías.

A rodaxe da **fotonovela Carmeliña** realizouse en distintas localizacións e aproveitando as diferentes horas e luz do día para tomar as fotografías. Posteriormente, traballouse na edición, maquetación e montaxe da fotonovela. Tras a selección, realizouse o tratado de imaxes, primeiro con Adobe Lightroom e Photoshop. Por último, maquetouse en Adobe Indesign un libro de 104 páxinas e editáronse 250 exemplares que se enviaron a diversas bibliotecas galegas. A presentación da fotonovela tivo lugar na biblioteca da Escola Municipal de Artes e Oficios en Vigo.

#### DIFUSIÓN

**Blog do proxecto:**  
[www.carmelinha.wordpress.com](http://www.carmelinha.wordpress.com)

**O proxecto en Issuu:**  
<http://issuu.com/albertoardid/docs/lav/1>

**O proxecto en Facebook:**  
<http://goo.gl/gvysjn>



## MOSTRA MULTIDISCIPLINAR DE ARTES ESCÉNICAS

GRUPO INFORMAL VARIETÉ D' CLO CLÓ / MOAÑA



01



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Varieté d' Clo Cló está integrado por actores e actrices graduados na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia que, xunto á axuda dun animador sociocultural, realizaron a **Mostra Mustidisciplinar de Artes**

**Escénicas** no Concello de Moaña. Na mostra mesturáronse xornadas de traballo teórico e formativo con obradoiros eminentemente prácticos, amenizados coa integración de *performances* e espectáculos en vivo dos participantes cara á empregabilidade e á súa posta en valor.

Todas as persoas que se achegaron á mostra en Moaña tiveron a oportunidade de contemplar e participar de maneira activa nesta variedade de disciplinas artísticas que achegou a todos os públicos as artes escénicas dunha maneira innovadora e creativa.

Nas xornadas formativas diferentes profesionais do ámbito da música, a danza, o circo e mais o teatro (coa participación de Moito Morro Teatro, que tamén colaborou na organización) achegaron dunha maneira máis próxima a súa andaina profesional e persoal para, a continuación, pasar á interacción directa e ao debate ampliado co público, á sesión de micro aberto e aos obradoiros prácticos.

### DESENVOLVEMENTO

A **Mostra Multidisciplinar de Artes Escénicas** iniciouse cunhas xornadas que tiveron lugar no Auditorio de Quintela. Os relatorios correron a cargo de profesionais das artes escénicas: Inés Núñez (danza), Daniel Blanco (artes circenses), María Salgueiro (teatro) e El Loren (música).

No segundo día da mostra a actividade trasladouse ao *Skatepark* do paseo do Con, onde se realizaron obradoiros de balde de percusión reciclada e de danza oriental, nos que os profesionais compartiron os seus saberes e coñecemento coas persoas interesadas nestas disciplinas.

De igual xeito, impartíronse obradoiros en expresión corporal e en artes circenses. Dentro da sección Micrófono Aberto, a organización invitou a participar de forma aberta a todos os artistas que o desexasen, independentemente da disciplina, xa fose recitando poesía, cantando ou poñendo unha nota de humor. Xa pola noite, a danza de Boombbox deu paso á *performance* de Showcase Fyah-oh!, con toques de *rap* e *reggae*. O día rematou coa música a ritmo de *electro-jazz* do Dj Hadri Hache.

Na última xornada da mostra, a actividade trasladouse ao Palco da Música e comezaba con pasarrúas; a continuación, realizouse unha *folki jam* e ao mediodía púidose gozar dun xantar popular. Á tardiña celebrouse unha gala espectacular, con teatro, danza, música e circo.

A mostra favoreceu o intercambio de experiencias, a adopción de boas prácticas e a inclusión social da creación artística vinculada á escena. Tamén se potenciou o desenvolvemento de novas audiencias por e para as artes escénicas, dende un punto de vista profesional, colaborando con persoas que non son abertamente profesionais, dando a coñecer a novos valores da comarca e dando pé ao establecemento de redes de contacto para o traballo en equipo.



### DIFUSIÓN

01

O proxecto en YouTube:

<https://www.youtube.com/watch?v=xJAKyY1KTI&feature=youtu.be>

O proxecto en Facebook:


<https://www.facebook.com/varietedecloco>

O proxecto nos medios:


Creadores de toda Galicia cítanse en Moaña para participar nunha mostra de artes escénicas. *Faro de Vigo*  
[http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2014/09/20/creadores-galicia-citan-moana-participar/1097273.html?utm\\_medium=rss](http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2014/09/20/creadores-galicia-citan-moana-participar/1097273.html?utm_medium=rss)

## CONCERTO DISLOCADO

ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL PLASTIC CROWDS / VIGO



DISLOCATED  
CONCERT



A Guitarra



A Arpa



O Piano



## DESCRIBIÓN E OBXECTIVOS

O colectivo artístico Plastic Crowds propúxose co seu proxecto a meta de dislocar un concerto. A finalidade e esencia desta proposta residía na investigación dos límites que ofrece Internet para a creación artística e, máis especificamente, para a música contemporánea.

A iniciativa, consistía en conseguir realizar un non lugar sonoro: dislocar un concerto. E isto conséguese mediante a extracción ou captación dunha serie de sons en determinados emprazamentos do mundo coa súa posterior mestura no non lugar, configurando así un todo sonoro froito da conxunción de distintas partes, as cales non están ao corrente as unhas das outras, unicamente se limitan a seguir a partitura que lles foi proporcionada.

A obra dislocada componse de tantas conexións como intérpretes deslocalizados se teñan. Cada músico ou conxunto que participe conta cun equipo de gravación de audio e vídeo. A sincronización entre as distintas partes vén dada por unha claqueta e un reloxo atómico -ou mundial- que fixa o momento do comezo e fin, polo que o *tempo* é o mesmo para todos os intérpretes. Unha vez enviada a información desde os distintos puntos de orixe, esta é almacenada no punto de recepción -ou control-, mesturada e reproducida cunha demora de 15 segundos para corrixir os desfases producidos na transmisión de datos, ao anticiparse ás posibles caídas.

O todo resultante foi reproducido nun falso directo no salón de actos do MARCO de Vigo, no que se dispoñía dunha escenografía baseada na tecnoloxía, algo axeitado á esencia do proxecto. Tres pantallas en abanico na parte frontal, sobre as cales se proxectaron cada unha das emisións das seccións, e unha mesa con todos os ordenadores, equipos e sistemas dos técnicos. Esta sala reproduciu o esquema da agrupación e deu unha sensación espacial grazas á disposición de distintos altosfalantes no lugar no que debería estar cada un dos intérpretes, algo que se acadou grazas á reprodución dos sinais recibidos por distintas canles de audio. Da mesma forma, proxectouse a imaxe dos músicos sincronizada coa música a modo de testemuña.

Para poder levar a cabo o **Concerto Dislocado** fíxose unha proposta aberta a distintos compositores co fin de

producir unha obra orixinal composta nun estilo libre seguindo unha serie de normas, como que debería ser unha obra non electroacústica, composta para dous cuartetos de vento, corda e un piano e unhas calidades rítmicas e tímbricas que sexan quen de poñer de manifesto as metas que se perseguían.

Esta peza foi coordinada polo profesor de composición do Conservatorio Superior de Música de Vigo, Juan Eiras. Contouse coa participación de sete compositores: catro galegos e tres italianos.

De forma paralela, tamén participaron Miguel Fernández, profesor de acústica e organoloxía do Conservatorio Superior de Música de Asturias, e Honorino García, como técnico de imaxe e son; pezas fundamentais sen as cales non tería sentido o proxecto.

Para a execución das pezas elixidas realizouse unha convocatoria aberta a distintos músicos, formouse unha agrupación para a ocasión na que se contou con músicos profesionais, profesores do Conservatorio Superior de Música de Vigo e alumnos de último ano de superior.

Estes músicos foron separados en seccións -corda, vento e piano- e foron levados a puntos espallados pola xeografía da nosa comunidade. Cangas do Morrazo, Vigo e Santiago de Compostela foron os lugares escollidos para levar a cabo o concerto.

Interpretado de forma simultánea, foi recollido nun único punto situado no museo MARCO de Vigo, no que se mesturaron ante o público asistente en directo os sinais emitidos dende os tres puntos onde estaban situados os músicos. Este sinal foi mesturado en directo por técnicos da televisión da Universidade de Vigo e emitido aos centros cos que se tiña concertada a emisión. Tamén foi retransmitido a través da web do colectivo Plastic Crowds para que puidese ser visto en directo en calquera punto do mundo. Mediante un *streaming* en aberto tamén se puido ver e escoitar dende a páxina web de Plastic Crowds ([www.plasticcrowds.com](http://www.plasticcrowds.com)) e a propia do concerto ([www.dislocatedconcert.com](http://www.dislocatedconcert.com)).

O obxectivo principal deste experimento era poder executar unha obra de forma simultánea en distintos espazos sen que o lugar importe ou, polo menos, sexa determinante no desenvolvemento. Posteriormente investigouse neste concepto, tomando os resultados do estudo como punto de partida para extraer conclusións.

Co **Concerto Dislocado** pretendeuse indagar nas posibilidades que ofrece a Internet para a creación artística. Partindo do planeamento inicial anteriormente descrito, o colectivo atopouse cunha serie de necesidades que obrigaron a cambiar o punto de partida froito da toma de contacto co medio -Internet-.



GL | ES | EN DIRECTO PROGRAMA MEDIA AYUDADOS UBICACIONES NOSOTROS

**DISLOCATED CONCERT**

Dislocated Concert es un concierto transnacional, escrito colaborativamente e interpretado en diferentes localizaciones a través de internet. El evento mostrará música, escenografía y vídeo. Se retransmitirá en directo a ubicaciones alrededor de Europa el día 30 de septiembre a las 19:30 CET (07H+2:00).

**CUENTA ATRÁS:**

0000 HORAS 0000 MINUTOS 0000 SEGUNDOS

**EXTRAS**

**METAPLASMOS V, VI, VII e VIII**  
 Juan Pérez

01

¡Gústame! G44 Follow @PlasticCrown SLL ISO

**DISLOCATED CONCERT**

EXITS INDYS GRAPHICS ACTIVISM VIDEODOCUMENTARY SCULPTURE COLLAB

02

**EXITS**

**INDYS**

**GRAPHICS**

**ACTIVISM**

**VIDEODOCUMENTARY**

**SCULPTURE**

**COLLAB**

03

## DESENVOLVEMENTO

O **Concerto Dislocado** foi de balde para os asistentes co fin de promover a música contemporánea entre o gran público, pero tamén orientado aos conservatorios e centros artísticos polo seu carácter especializado.

As persoas ás que se dirixiu esta actividade eran, principalmente, alumnado de conservatorios, escolas de arte ou música, alumnado de historia da arte e estudantes de ámbitos vinculados ás novas tecnoloxías ou á música contemporánea. Porén, tratouse dunha convocatoria aberta polo que non se limitou a asistencia ou o tramo de idade do público.

Os espazos onde se emitiu o concerto foron os seguintes:

- > Auditorio Municipal de Cangas, Cangas do Morrazo
- > Biblioteca pública Ánxel Casal, Santiago de Compostela
- > CCAI (Centro Cultura Antigo Instituto), Xixón
- > Taller de Músicos, Xixón
- > CGAC, Santiago de Compostela
- > CONSMUPA, Oviedo
- > IVAM, Valencia
- > KABK (Royal Academy of Art), A Haia
- > Karakedi Kültür Merkezi, Istanbul
- > La Caja Negra, Oviedo
- > MAC Gas Natural Fenosa, A Coruña
- > MARCO, Vigo
- > Mutuo Centro, Barcelona
- > MUSAC, León

Datos de público asistente:

- > Vigo, 190 persoas
- > Cangas, 27 persoas
- > Santiago, 30 persoas
- > A Coruña, 9 persoas
- > Oviedo, 35 persoas
- > León, 28 persoas
- > Valencia, 32 persoas
- > Barcelona, 41 persoas
- > Xixón, 7 persoas
- > A Haia, 36 persoas
- > Istanbul, 38 persoas
- > Internet, 1.327 persoas

## DIFUSIÓN

01 **Web do proxecto** (onde se pode ver/escoitar o concerto de novo):  
<http://www.dislocatedconcert.com>

03 O proxecto na web de Xuventude.net:  
<http://xuventude.xunta.es/uploads/DISLOCADO.pdf>

O proxecto na web do MARCO:  
[http://xuventude.xunta.es/uploads/Prensa\\_MARCO\\_GAL.pdf](http://xuventude.xunta.es/uploads/Prensa_MARCO_GAL.pdf)

**O proxecto en Facebook:**  
<https://www.facebook.com/events/228280670662935/>

**O proxecto nos medios:**  
Un concerto dislocado enlazará mañá Vigo, Cangas e Santiago. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ocioycultura/2013/09/19/concierto-dislocado-enlazara-manana-vigo-cangas-santiago/0003\\_201309G19P39992.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ocioycultura/2013/09/19/concierto-dislocado-enlazara-manana-vigo-cangas-santiago/0003_201309G19P39992.htm)

Unha orquestra dá o seu primeiro Concerto Dislocado en liña desde tres cidades. *El Día*  
<http://eldia.es/2013-09-20/vidaycultura/36-orquesta-da-primer-concierto-dislocado-on-line-tres-ciudades.htm>

O Concerto Dislocado rompe barreiras. *Faro de Vigo*  
<http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2013/09/21/concierto-dislocado-rompe-barreras/881589.html>

O IVAM presenta un Concerto Dislocado de música contemporánea. *El Periodic*  
[http://www.elperiodic.com/valencia/noticias/259473\\_ivam-presenta-concierto-dislocado-musica-contemporanea.html](http://www.elperiodic.com/valencia/noticias/259473_ivam-presenta-concierto-dislocado-musica-contemporanea.html)

O MUSAC de León acolle o sábado un Concerto Dislocado con dez músicos repartidos en tres cidades diferentes. *20 Minutos*  
<http://www.20minutos.es/noticia/1924217/o/>

Localia TV  
[https://www.youtube.com/watch?v=bEXo\\_pW9YR4](https://www.youtube.com/watch?v=bEXo_pW9YR4)

TVE Galicia  
<http://www.rtve.es/alcarta/videos/telexornal-galicia/telexornal-galicia-2-20-09-13/2025055/>

TVG  
<http://www.crtvg.es/informativos/hoxe-a-partir-das-19-30-h-primeiro-concierto-dislocado-de-galicia-no-que-os-musicos-nin-se-ven-nin-se-oen-666018#.Uj8qoBZhZJA.facebook>

Radio Galega  
<http://www.crtvg.es/rg/a-carta/a-tarde-a-tarde-do-dia-19-09-2013-665707>


Radio Galega  
<http://www.crtvg.es/rg/destacados/diario-cultural-diario-cultural-do-dia-18-09-2013-665001>

Televigo  
<http://www.youtube.com/watch?v=Gy1rq8Pyegw&feature=share&list=PLC2897FF5657DACEE>

02 **Información sobre a Asociación Cultural e Xuvenil Plastic Crowds:**  
Web  
<http://www.plasticcrowds.com>

## CREACTIVARTE

GRUPO INFORMAL EL PUNTO DE LA I / SANTIAGO DE COMPOSTELA



XUNTA DE GALICIA  
CONSILLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
INICIATIVA XOVE

Bus Station Space  
elpuntodelaI

Bus Station Space | 31 outubro | 19:00  
Praza Camilo Díaz Baliño nº17 | SCQ



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O proxecto **Creactivarte** é unha iniciativa creativa levada a cabo polo grupo informal El Punto de la i. Esta iniciativa tiña dous obxectivos básicos: por un lado, dar a coñecer o grupo e, por outro, fomentar o deseño na sociedade.

**Creactivarte** naceu co fin de cubrir a falta que hai na comunidade autónoma de iniciativas deste tipo, a diferenza doutros países nos que o deseño é un valor seguro que conta cun grande apoio da sociedade. Isto débese a que é unha disciplina que despegou non hai moitos anos, porén, cada vez acada máis forza. Hai datos que demostran o incremento do público obxectivo grazas a propostas de deseño en todos os ámbitos: deseño de locais, deseño da gráfica dunha empresa, deseño dos produtos que se utilizan nestes sitios etc. Tamén incrementou o número de persoas que acode a charlas e obradoiros creativos. A xente quere iniciativas novas, xa non se conforma con calquera produto, quere vivir experiencias cando compra un produto ou acode a un local determinado. Isto obsérvase dende hai anos co coñecido *Design Thinking*, o que se pretende desenvolver na comunidade galega con **Creactivarte**, xa que en Galicia hai moito potencial creativo.

## DESENVOLVEMENTO

Dentro da iniciativa **Creactivarte**, realizáronse catro actividades que se detallan a continuación:

### Renovación da praza do Ensanche (Santiago de Compostela)

Pretendíase dar un aire renovado á dita praza e para iso leváronse a cabo as seguintes tarefas:

- > deseño de bolsas que se distribuíron entre os comerciantes para que as repartisen entre a súa clientela;
- > decoración da praza usando materiais reciclables;
- > acondicionamento xeral da praza desde un punto de vista estético e do deseño.

O obxectivo desta actividade era renovar esta praza compostelá, xa que, aínda que se atopa nun punto céntrico da cidade, no momento sufría unha perda de clientela debido ao peche de numerosas tendas e locais comerciais. Por iso, o grupo quixo botarlles unha man aos poucos postos que quedaban animando á xente a que mercasen nela, renovando a súa estética e facéndoa máis atractiva á hora de facer as compras.

Tanto a decoración que se fixo na praza mediante caixas e ilustracións a modo de galería de arte emerxente, como todos os produtos gráficos (carteis, bolsas, tarxetas, photocall...), todo con moita cor, moi alegre e rechamante, conseguiron atraer a un número considerable de persoas novas á praza.

### Actividades urbanas (Santiago de Compostela e A Coruña)

A actividade consistiu en dispoñer o símbolo do grupo informal (un círculo rosa) en diferentes puntos das cidades de Santiago de Compostela e A Coruña. Debido a que os círculos teñen un tamaño considerable, esta actividade pretendía a interacción co público que encaraba co grupo.

### Down Compostela (Santiago de Compostela)

Realizouse un obradoiro, en colaboración co centro Down de Galicia, no que participaron 13 rapaces e rapazas con síndrome de Down. O obradoiro estruturouse tal e como se describe a continuación:

- > presentación;
- > explicación dos obxectivos do grupo informal e dos obxectivos da actividade;
- > introdución teórica á cor: diferenzas entre as cores primarias e secundarias, como se forman e a que dá lugar á súa mestura;
- > parte práctica orientada: elaboración dunha gama de cores;
- > parte práctica libre: experimentación coas cores sobre unhas grandes bases de *porexpan*, que, ao seu remate, se desencaixaban formando a palabra LUZ.

### Fíos Colección (Galería Bus Station, Santiago de Compostela)

Nesta actividade expuxéronse uns produtos e prototipos creados polo grupo. A presentación tivo lugar na galería de arte Bus Station, en Santiago de Compostela.

Para obter o produto final foi necesario levar a cabo as tarefas usuais nun proxecto: *brainstorming*, bosquejos, estudo de viabilidade, estudo de mercado, estudo de formas e materiais, creación do modelo en 3D, creación de prototipos e produto final.

## DIFUSIÓN

### O proxecto na web de Xuventude.net:

<http://xuventude.xunta.es/2013110411868/un-grupo-de-ex-alumnos-do-mestre-mateo-desenvolven-un-proxecto-de-dinamizacion-artistica-no-marco-do-iniciativa-xove.html>

### O proxecto no Facebook de Bus Station Space:

<http://goo.gl/i7cwhE>

### O proxecto nos medios:

Creativos en Santiago e pronto en Madrid. *La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2013/11/01/creativos-santiago-pronto-madrid/0003\\_201311S1C12991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2013/11/01/creativos-santiago-pronto-madrid/0003_201311S1C12991.htm?idioma=galego)

### Información sobre El punto de la i:

Facebook

<https://www.facebook.com/pages/elpuntodelai/160128360848702?fref=ts>  
<http://www.fioscollection.com/index.html>  
[https://twitter.com/fios\\_collection](https://twitter.com/fios_collection)

## EDITANTE. A EDICIÓN QUE TRANSMUTA

GRUPO INFORMAL ELECTRODOMÉSTICAS&CO / SANTIAGO DE COMPOSTELA





## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

**Editante** é un proxecto que pretende converterse nun punto de encontro para a mocidade interesada no mundo da edición de arte en Galicia. Un punto de encontro que lles sirva aos mozos e mozas tanto para atopar as referencias e información que necesitan, como para expoñer o seu propio traballo e establecer unha relación con persoas coas que comparten intereses.

Editante.org é o primeiro arquivo de edición de arte de Galicia, creado polo grupo informal Electrodomésticas&co co propósito de catalogar as obras de artistas galegos ou residentes en Galicia que desenvolven o seu traballo no mundo da edición artística.

Unha plataforma que pretende encher o baleiro existente e poñer en valor manifestacións artísticas como o libro de artista, o libro obxecto, a revista ensamblada, o *fanzine*, a edición de obxectos etc. Un punto de encontro para os usuarios tanto para expoñer o seu propio traballo, coma para conectar con outras persoas coas que comparten intereses e encontrar referencias e información sobre os espazos á súa disposición na nosa comunidade.

Electrodomésticas son María Castellanos Vicente, Lucía Morandeira Novo e Laura Fernández Patiño, tres artistas que dende 2011 comparten un proxecto co que propoñer un punto de vista diferente dende o que investigar en torno ao mundo da edición e da arte. Os seus proxectos son accións editoriais, unha manifestación máis da creatividade artística, nas que se analizan os obxectos cotiáns, a súa ambigüidade e os seus opostos. Obxectos seriados ou únicos que reflexionan sobre a edición en si.

Partindo das súas inquiredanzas, xorde o proxecto Editante, para o que se suman a Electrodomésticas tres artistas colaboradores (&co): Haya Blanco Fuentes, Iván Ferreiro López e Eva González Bernárdez, que achegan as súas experiencias para enriquecer e ampliar a súa visión da edición de arte.

## DESENVOLVEMENTO

Logo dunha convocatoria dirixida a artistas nados e/ou residentes en Galicia á que concorreron novos e tamén consagrados creadores do panorama artístico galego, seleccionáronse máis de medio centenar de obras que representan os primeiros tomos deste arquivo. Un catálogo que seguirá crescendo coa continua incorporación de pezas e artistas xa que Editante.org é un arquivo aberto e en constante transformación que queda permanentemente aberto á recepción de obras de artistas nados e/ou residentes en Galicia que desenvolven o seu traballo en torno á edición de arte.

Listado de artistas:

Ares Liñares Diego, Boulosa Álvarez Pilar, Cabeza de Corte Aéreo, Campos Lima, Elena, Castellanos Vicente, María, Cochón, Laura, Corbato, Román, Cubillo, Isra, Cuervo, Mar, Durán Martínez, Cristina, Fernández Patiño, Laura, Fernández Peláez, Julio, Fernández Vázquez, Ricardo, Fiestras Cachafeiro, Basilisa, García Lema, Natalia Desirée, Gutiérrez Rivera, Rita, Heyvaert, Anne, Lameiro González, Tatiana, López Vallejo, Paula, Morandeira Novo, Lucía, Oreiro Lago, Yolanda, Osorio, Rocío, Pazos, Sara, Prada Rodríguez, María, Ríos Coello, Yolanda, Rodríguez González, Manuela Elizabeth, Sampredro Caamaño, José, Sobrino, Clara, UH513, Varela García, Ana, Villa, Nuria, Vindel, Clara

**Editante** complementouse con actividades paralelas como o obradoiro teórico-práctico *Introdución á edición de arte* e a exposición documental que se puido visitar no espazo creativo O Cabalo Fosforito (Santiago de Compostela), que amosou unha selección de obras do arquivo e dos traballos creados polas persoas asistentes ao obradoiro.

# A EDICIÓN QUE TRANSMUTA EDITANTE

ARQUIVO DE EDICIÓN DE ARTE EN GALICIA:  
ARCHIVO DE EDICIÓN DE ARTE EN GALICIA:  
**CONVOCATORIA**

A base de datos Editante créase co propósito de xerar un arquivo de edición de arte en Galicia, con información referente a artistas galegos ou residentes en Galicia que desenrolan a súa obra entorno ao mundo da edición de arte (libro de artista, libro obxecto, revista ensamblada, edición de obxectos, etc.). Se a túa obra xira entorno á edición e queres formar parte deste arquivo non dubides en consultar as bases en [editante.org](http://editante.org) e enviar a documentación por correo electrónico a [info@editante.org](mailto:info@editante.org) ata o 10 de setembro de 2014.

La base de datos Editante se crea con el propósito de generar un archivo de edición de arte en Galicia, con información referente a artistas gallegos o residentes en Galicia que desenvuelven su obra entorno al mundo de la edición de arte (libro de artista, libro objeto, revista ensamblada, edición de objetos, etc.). Si tu obra gira en torno a la edición y quieres formar parte de este archivo no dudes en consultar las bases en [editante.org](http://editante.org) y enviar la documentación por correo electrónico a [info@editante.org](mailto:info@editante.org) hasta el 10 de septiembre de 2014.

Bases e inscricións en | Bases e inscripciones en:  
[www.editante.org](http://www.editante.org)

Más información | Más información:  
[info@editante.org](mailto:info@editante.org)

"Editante. A edición que transmuta", é un proxecto de Electrodomésticas & co subvencionado pola Dirección Xeral de Juventude e Voluntariado da Xunta de Galicia. Dentro do plan Iniciativa Xove 2014.

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENEFICIA  
Dentro do plan Iniciativa Xove 2014

## DIFUSIÓN

**Web do proxecto:**

<http://www.editante.org/>

**O proxecto nas redes sociais:**

Facebook

<https://www.facebook.com/editante>

Twitter

<https://twitter.com/editante>

**O proxecto nos medios:**

Editante. A edición que transmuta. *Blog Latamuda*

<http://latamuda.wordpress.com/2014/09/11/editante-la-edicion-que-transmuta/>

A facultade de Belas Artes de Pontevedra presenta editante.org. *DardoNews*

<http://www.dardonews.com/dardonews/content/la-facultad-de-bellas-artes-de-pontevedra->

## ENTRE FÍOS, O TEMPO DA MOCIDADE

GRUPO INFORMAL DEDAL XOVEN XXI / A ESTRADA



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O proxecto **Entre fíos, o tempo da mocidade**, posto en marcha polo grupo informal Dedal Xoven XXI, pretendeu potenciar e fomentar a capacidade creativa e, sobre todo, crear un soporte para que os mozos e mozas participantes que desexasen emprender o camiño no sector da moda, coa confección e modelaxe dos seus deseños, o poidan facer.

Atendeuse, principalmente, e fomentouse con esta iniciativa o espírito emprendedor naqueles mozos e mozas, pero nun sector concreto como é o da confección e deseño de complementos. Para a execución deste proxecto, púxose a disposición das persoas participantes todo o necesario, tanto os instrumentos tecnolóxicos e o taller de costura, como os soportes necesarios para a difusión das súas creacións. O desenvolvemento da capacidade emprendedora foi o obxectivo principal que pretendeu cumprir o grupo informal Dedal Xoven XXI con esta iniciativa.

**Entre fíos, o tempo da mocidade** é un proxecto que buscou a paridade, pois no sector da moda teñen cabida tanto as mozas como os mozos.

## DESENVOLVEMENTO

As actividades levadas a cabo no marco do proxecto foron as seguintes:

- > A creación dun blog (<http://dedalxovenxxi.blogspot.com.es>), que constituíu unha canle de información e difusión dos mozos e mozas emprendedoras no sector da moda, así como para distintas blogueiras ás que se entrevistou. Pretendíase que a bitácora fose unha canle de respostas ás múltiples dúbidas que lles xurdisen a aqueles mozos e mozas que o coñecesen.
- > Dispúxose dun **taller de costura e deseño artesanal**, con todo o material instrumental que precisaban as e os participantes, o que lles resultou moi práctico a aquelas persoas que carecían dos medios para a súa iniciación e participación.
- > **Talleres de confección innovadora pero tamén artesanal: Cose comigo**  
No primeiro caso foi xente experta e con ampla traxectoria a que explicou os mecanismos claves de confección e patronaxe que resultan fundamentais para realizar calquera tipo de prenda. As persoas participantes puideron

levar á práctica as explicacións teóricas, pois dispúxose de material específico que se emprega para o deseño, corte e confección dos modelos (papel manila, papel carbón, cartolinas, xiz, tesoiras, agullas, alfinetes, fíos, teas, máquinas de coser, remachadoras etc.).

No segundo caso, fíxose unha volta ao pasado, cando eran as avoas de hoxe as que facían as súas roupas de maneira artesanal. Contouse co relato dalgunhas señoras que deron unha charla práctica de calceta. Amais, relataron como antigamente se utilizaban ferramentas máis simples para confeccionar e ser verdadeiras modistas de grandes deseños.

### > Un **achegamento ao mundo empresarial e á empregabilidade: Re-Action**

Tratouse de ofrecer unha análise do mercado potencial e do mercado real. Para isto, dous empresarios consolidados do sector téxtil explicaron como foron os seus inicios neste sector, os pasos e as estratexias de mercado que seguiron ata chegar á actualidade, isto é, recoñecidos deseñadores e marcas téxtiles que acaparan o mercado. Foi unha boa maneira de coñecer en que medida se foron adaptando ante as novas demandas e situacións que xurdiron.

- > Charla e entrevista con blogueiras de moda: **Mercadotecnia\_Blogueiras**  
Foron dúas as entrevistas e charlas realizadas, nas que expertas blogueiras explicaron como foron os seus inicios, as súas motivacións e relataron como xogar para acceder ao mercado, así como os pasos que cómpre seguir para unha posible creación dun negocio.  
Madame Galiash e Sandy Coast, respectivamente, foron as responsables de impartir estas charlas. As entrevistas pódense ler no blog de Dedal Xoven XXI.
- > **Visita á fábrica téxtil de Inditex**, situada en Arteixo, na provincia da Coruña  
A visita ás instalacións da empresa punteira dedicada á fabricación de prendas de vestir tiña como finalidade que todas as persoas participantes coñecesen de primeira man todo o sistema de produción téxtil en cadea.

### > **Desfile de moda & blogueiras**

O desfile programouse tomando como referencia as valoracións e consellos tanto das blogueiras como das deseñadoras do sector téxtil e das deseñadoras artesanais participantes neste proxecto.

A actividade realizouse nun contorno natural, con ambientes distintos, tanto de interior como de exterior. Instalouse unha carpa para que servise de vestiario, unha sala fotográfica e un espazo para que interactuasen as persoas participantes e os/as asistentes que acudiron a ver o desfile.

- > **Exposición** do material producido polas persoas participantes. Na fase final realizouse unha exposición pública para difundir as actividades realizadas, nomeadamente, o desfile de moda. Todos os deseños que participaron están expostos nos blogs de Dedal Xoven XXI, Madame Galiash e Sandy Coast e mais na academia de Bandeira, onde se realizou a maior parte dos deseños.
- > **Xplora Xuventude**: o grupo informal Dedal Xoven XXI participou nesta actividade promovida pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que tivo lugar na localidade estradense. Dedal Xoven XXI aproveitou a ocasión para dar a coñecer o seu proxecto entre as persoas asistentes.

## DIFUSIÓN

### O proxecto en YouTube:

<http://goo.gl/PYIXqW>

<http://goo.gl/iOuQeX>

### O proxecto na web da Xunta de Galicia:

<http://goo.gl/bvUdle>

### O proxecto no blog de Madame Galiash:

<http://goo.gl/UUCeLZ>

<http://goo.gl/oB3Yj5>

### O proxecto nos medios:

Benestar financia con 25.000 euros sete proxectos xuvenís de Deza e Tabeirós. *Faro de Vigo*  
<http://goo.gl/fBHIVA>

### Máis información sobre Dedal Xoven XXI:

Blog

<http://dedalxovenxxi.blogspot.com.es/>

**MODARTE**

GRUPO INFORMAL FAMAX / PONTEVEDRA



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O proxecto **Modarte** é un traballo realizado polo grupo Famax, cinco mozas e mozos que pretenden aplicar os coñecementos e as habilidades creativas, así como as súas dotes de análise e de síntese, para dar solución a un traballo técnico e crear unha colección de moda con arte, nova e galega.

O grupo Famax quere dar a coñecer a súa creatividade, facer ver ao mundo a súa idea de moda galega creativa; con modificacións de patróns e con moita arte, busca elaborar unha roupa diferente con carácter auténtico e alternativo, crear unha tendencia de moda galega: **Modarte**, modernidade e creatividade con carácter galego.

### DESENVOLVEMENTO

O proxecto **Modarte**, constou de 3 coleccións:

#### Gallaecia

Nos anos 20, a ollada da fotógrafa americana Ruth Matilde Andersen, cunha sensibilidade exquisita, soubo captar como ninguén a dignidade do noso país. Namorouse desta terra, das súas xentes, e deixou na nosa retina gravada para sempre, grazas ás súas imaxes, o verdadeiro día a día do rural galego. Partindo destas imaxes, nace esta colección, utilizando tecidos naturais como o liño, o lenzo de algodón e tamén a la de cadros. Detalles como o niño de abella e *prints* de xoguetes típicos da época, como os cabaliños e os peóns, enriquecen esta fermosa colección para nenas.

#### A Dama do Pazo

En contraste coas imaxes de Ruth Matilde Andersen que plasmaban o verdadeiro día a día do rural galego, nesta colección quérese reflectir o día a día do señorío galego, a vida dentro dos fermosos e ricos pazos galegos. Por este motivo, o contorno escollido para realizar as fotografías foi A casa do Barón en Pontevedra.

#### Modelaxe

A través de modificacións e alteracións no patrón, conseguíuse modelar e crear prendas fóra de escala. Este proxecto ten unha gran focalización na elaboración do patrón; grazas a iso conseguíronse pezas inspiradas nas grandes estruturas e na arquitectura.

As tres coleccións de prendas constitúen unha unidade de 15 estilismos, todos eles cunhas coordenadas necesarias (coherencia e interrelación na selección de tecidos, cores, estampados, texturas...) para consideralas dunha mesma familia, cunha dirección conceptual e estética, pero tratando de propor o máximo de posibilidades formais.



### DIFUSIÓN

#### O proxecto en Pinterest

(coleccións completas de Modarte):

<https://www.pinterest.com/grupofamax/>



## FAME WEBSERIE

GRUPO INFORMAL FAME WEBSERIE / PONTEVEDRA



## DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

Un grupo de alumnos e alumnas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación impulsou, en xullo de 2013, no Curso de Medios Audiovisuais que a Universidade de Vigo organiza en Celanova, a **webserie Fame**. Tres días de gravación e catro de montaxe fixeron posible que naquel taller nacesen os tres primeiros episodios dun proxecto audiovisual que, poucos días despois da súa gravación, se estreaba na rede, a través de UVigo TV e de YouTube, onde acumulou preto de 5.000 reproducións.

Esta primeira temporada era moi modesta en medios, pero a súa aceptación deu ánimos aos seus responsables para seguir adiante e rodar a segunda temporada da serie, contando para iso coa axuda de Iniciativa Xove.

**Fame** é unha produción para internet que busca dar saída a unha xeración de creadores, técnicos e actores do novo audiovisual galego. Tenta ser un proxecto arriscado, non pretende copiar modelos e aposta polo xénero do *thriller*.

## DESENVOLVEMENTO

A segunda temporada, *Sede*, constou de cinco novos capítulos, con moitos máis personaxes, unha trama máis intrincada e un equipo técnico e artístico que triplicaba o inicial (40 persoas). A fase de preproducción realizouse de xaneiro a abril; a de rodaxe, de abril a maio, e a posproducción de maio a xuño de 2014.

Esta segunda temporada converteuse xa nunha produción profesional que foi presentada mesmo no Festival de Cans e en Culturalgal. Ademais, desta experiencia naceu unha produtora dedicada á divulgación científica que están tentando saír adiante na incubadora de empresas da Universidade de Vigo.

A sinopse da webserie reza así: dúas rapazas cun modo de vida diferente, capaces de crear o seu propio universo e arrastrar con elas a quen ten a mala sorte de coñecelas. Viven na estrada e o seu oficio é seducir, secuestrar e asasinar homes. Sede de vinganza, iso é o que guiou a viaxe das personaxes nesta segunda temporada. Botando a vista atrás cara ás orixes dos protagonistas, os espectadores achegáronse ás súas escuridades.

O elenco estivo formado por Belén Bouzas (Eme), Daniela Rodas (Uve), Adrián Ríos (Celso), José Manuel Vaquero (Camilo), Machi Salgado (Guillherme), Paula Pier (Flavia), Uxía Blanco (Adela) e Xosé Barato (Manolo).

## DIFUSIÓN

### Web do proxecto:

[famewebserie.com](http://famewebserie.com)

### Blog do proxecto:

[www.famewebserie.wordpress.com](http://www.famewebserie.wordpress.com)

### 01 O proxecto en Youtube:

<https://www.youtube.com/user/famewebserie>

### O proxecto nas redes sociais:

#### Facebook

[www.facebook.com/famewebserie](http://www.facebook.com/famewebserie)

#### Twitter

[www.twitter.com/famewebserie](http://www.twitter.com/famewebserie)

### O proxecto nas webs de:

#### Xuventude.Net

<http://xuventude.xunta.es/2014/10/17/14495/rodeiro-destaca-que-o-programa-iniciativa-xove-estimula-o-protagonismo-a-creatividade-e-o-liderado-xuvenil.html>

#### Universidade de Vigo

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=8491&Itemid=46](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=8491&Itemid=46)

### O proxecto nos medios:

#### Unha *webserie* con elenco moañés. *Faro de Vigo*

<http://ocio.farodevigo.es/tv/noticias/nws-221763-una-webserie-reparto-moanes.html>

#### A piques de comezar en Celanova a rodaxe dunha *webserie*.

#### *Código Cero*

<http://codigocero.com/A-piques-de-comezar-en-Celanova-a>

#### A *webserie Fame* prepara segunda tempada,

logo do éxito da primeira (5.000 reproducións). *Código Cero*

[http://www.codigocero.com/A-webserie-Fame-prepara-segunda?utm\\_medium=facebook&utm\\_source=twitterfeed](http://www.codigocero.com/A-webserie-Fame-prepara-segunda?utm_medium=facebook&utm_source=twitterfeed)

#### Fame: coñeces esa sensación? *Disquecool*

<http://www.disquecool.com/2014/02/03/fame-coneces-esa-sensacion/>

#### Fame, *webserie* con música do país. *GZMúsica*

<http://www.gzmusic.com/novas/outras-novas/43-novas/419-fame-webserie-con-musica-do-pais.html>

#### Unhas rapazas con moita "Fame". El Sótano. *Antena 3*

[http://www.antena3.com/elsotano/webzapping/chicas-mucha-fame\\_2013091800120.html](http://www.antena3.com/elsotano/webzapping/chicas-mucha-fame_2013091800120.html)

#### Radio Galega (RG)

<http://www.crtvg.es/rg/a-carta/a-tarde-a-tarde-do-dia-18-09-2013-665060>

#### TVG

<http://www.crtvg.es/cultural/corte-a-corte/fame-unha-webserie-de-alumnas-de-comunicacion-audiovisual-de-pontevedra>

<http://www.crtvg.es/informativos/comeza-en-carballo-o-primeiro-festival-de-webseries-de-espana-802042>

<http://www.crtvg.es/informativos/remata-a-rodaxe-da-segunda-temporada-da-webserie-fame-807524>







### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O proxecto **Topografías Vivas** naceu da necesidade dun grupo de artistas plásticos e escénicos da Coruña de achegar a arte ao seu contorno máis próximo, o barrio dos Mallos na Coruña. Á vez, a iniciativa buscaba incentivar a experiencia artística real na comunidade de veciños e veciñas deste distrito.

### DESENVOLVEMENTO

**Topografías Vivas** consistiu na realización de diversas actividades artística no barrio ao longo dunha semana, en colaboración co espazo creativo Extramuros, onde tiveron lugar os cinco obradoiros artísticos, de tres horas de duración cada un deles, e as exposicións (de dous días de duración) dos traballos realizados polas persoas participantes.

As actividades que se levaron a cabo dentro da iniciativa **Topografías Vivas** foron as seguintes:

- > Expresións gráficas: experimentar cunha gran variedade de materiais gráficos sobre un soporte de gran formato común
- > Teatro e Movemento: espertar a creatividade e a desinhibición co teatro
- > Mobiliario de cartón: achegamento á técnica de deseño e construción en cartón
- > Barrio cromático: a expresividade plástica a través da arte abstracta
- > Arte interactiva: transformar a creatividade nunha linguaxe propia que fala de nós a través da pintura

- > Exposición: mostra colectiva das obras realizadas polo alumnado participante nos obradoiros artísticos
- > Exposición: mostra colectiva das obras realizadas polo alumnado participante nos obradoiros artísticos

Un dos obxectivos principais do proxecto era descentralizar a produción artística. Como obxectivos secundarios pódense destacar os seguintes:

- > Ampliar a circulación da cultura ao barrio
- > Traballar a arte como vehículo para activar as persoas
- > Achegar a comunicación artística visual ao barrio
- > Romper a fronteira entre artista e espectador
- > Ofrecer alternativas artísticas en espazos non formais
- > Socializar a técnica artística

O segundo obxectivo principal de **Topografía Vivas** era valorar o barrio dos Mallos. Como obxectivos secundarios destacamos os seguintes:

- > Dinamizar o tecido social e cultural do barrio
- > Fomentar o sentimento de pertenza á comunidade
- > Establecer **vínculos de transformación** grupal e comunitario

Nas actividades de Topografías Vivas participaron un total de 50 persoas.

### DIFUSIÓN

O proxecto en Facebook:

[https://www.facebook.com/events/568380613226298/?ref\\_dashboard\\_filter=calendar](https://www.facebook.com/events/568380613226298/?ref_dashboard_filter=calendar)

O proxecto na web de Xuventude.net:

<http://xuventude.xunta.es/2013100911652/un-proxecto-de-iniciativa-xove-convertera-esta-semana-o-barrio-dos-mallos-da-coruna-nunha-gran-galeria-de-arte.html>

O proxecto en YouTube

(canal XuventudePuntoNet):  
<http://www.youtube.com/watch?v=Vb4t3opMb-M>



## CÓPERA PRIMA

GRUPO INFORMAL PITONGO / GONDOMAR



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

Unha vintena de mozos e mozas de Vigo e arredores, estudantes do IES Audiovisual de Vigo, compoñen o grupo informal Pitongo. Trátase dun grupo de artistas da zona que, a partir de puntos de vista e formacións moi dispares, interaccionan para sacar o mellor material posible.

Deste espazo de encontro e cooperación naceu un **proxecto audiovisual** que culminou no capítulo piloto dunha nova webserie ou, como os seus propios autores a definen, “a súa ben intencionada futura serie”, que leva por nome **Cópera Prima**.

**Cópera Prima** está baseada nunha idea orixinal de Borja Nande (director da serie) e Gonzalo Rodríguez (encargado da música); como responsable da produción contan con Irene Iglesias e a produción audiovisual estivo a cargo da produtora local Ollomol. O capítulo foi rodado integramente no Val Miñor e os seus protagonistas son mozos e mozas locais, na súa maioría residentes en Gondomar.

O grupo pretendeu acadar neste primeiro produto unha aproximación á realidade da mocidade local, a través de historias que amosaran cunha boa cota de humor os camiños, os sonhos e os atrancos dunha realidade que eles e elas viven en primeira persoa.

Os principais obxectivos deste proxecto audiovisual foron:

- > Implicar e promover os diferentes artistas locais menores de 30 anos
- > Posibilitarlle á xente nova producir e distribuír a idea dun grupo de guionistas e director locais
- > Conseguir un espazo audiovisual cunha historia fóra do común pero que represente a realidade social á que se enfronta a xuventude
- > Reflexionar sobre a importancia da cooperación, a orixinalidade e o esforzo, claves para un futuro mellor
- > Brindar a experiencia a músicos especializados en distintos instrumentos musicais de coñecer o proceso de reprodución e gravación dunha banda sonora orixinal



## DESENVOLVEMENTO

O proxecto contou cun amplo número de colaboradores que saciaron a súa curiosidade de saber como se produce unha obra audiovisual. O traballo comezou cun equipo de 12 persoas encargadas da produción e realización; elaborouse un guión dramático e cómico e buscáronse actores e actrices a través dunhas probas de selección. A rodaxe, finalmente, contou coa participación de 50 persoas.

Tras a rodaxe, que se levou a cabo en distintas localizacións de Gondomar, o equipo dedicouse a editar o contido e a compoñer e gravar a banda sonora orixinal nas instalacións da Escola Audiovisual de Vigo.

Finalmente, tras a campaña de promoción, o grupo iniciou unha xira de presentación que pasou, con grande éxito de asistencia, por Gondomar (estrea oficial en outubro), Vigo (na Escola Audiovisual), Pontevedra (na Casa das Campás, situada no Campus de Pontevedra) e Santiago de Compostela (con dous pases: un na Facultade de Ciencias da Comunicación e outro na Facultade de Matemáticas).

## DIFUSIÓN

01 **O proxecto en YouTube** (capítulo piloto de *Cópera Prima*):  
<https://www.youtube.com/watch?v=jdeOuSoHf64>

### O proxecto nas redes sociais:

Facebook

<https://es-es.facebook.com/pages/C%C3%B3pera-Prima/722036304508767>

Twitter

<https://twitter.com/coperaprima>

### O proxecto nos medios:

Cópera Prima estrea o capítulo piloto da súa webserie este venres no Rañolas de Gondomar. *Valmiñor Info*  
<http://valminor.info/canais/axenda/6885-copera-prima-estrea-o-capitulo-piloto-da-sua-web-serie-este-venres-no-ranolas-de-gondomar>

Cópera Prima: a nova webserie que está a xermolar no Val Miñor. *Valmiñor Info*  
<http://valminor.info/canais/cultura/6694-copera-prima-a-nova-web-serie-que-esta-a-xermolar-no-val-minor>

Este xoves, *casting* no Centro Neural de Gondomar. *Baiona TV*  
<http://www.baionatv.com/apps/blog/show/42510430-este-jueves-casting-en-el-centro-neural-de-gondomar>

## VEDRAMÁTICOS

GRUPO INFORMAL LABORATORIO TEATRAL DE VEDRA / VEDRA





### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O Laboratorio Teatral de Vedra concíbese como un proxecto cuxa finalidade é que os mozos e as mozas do Concello de Vedra e doutros municipios da contorna, interesados no mundo das artes escénicas e sen experiencia teatral previa, poidan achegarse ao xogo dramático e adquirir coñecementos básicos sobre os diferentes elementos que compoñen unha representación teatral.

### DESENVOLVEMENTO

Con este obxectivo e no marco do proxecto **Vedramáticos**, durante dúas fins de semana desenvóléronse un total de seis obradoiros: Distensión; Expresión corporal e voz, impartido por Alfonso Romeo; Texto e interpretación, impartido por Xoán Curiel; Vestiario, maquillaxe e *atrezzo*, impartido por María Gaiteiro; Medios técnicos: iluminación e son; e Montaxe e posta en escena, ambos os dous impartidos por Xacobo Castro.

Os obradoiros buscaban ofrecerlles ás persoas participantes unha aproximación ao teatro como proceso integral. No Laboratorio Teatral de Vedra participaron mozos e mozas con idades comprendidas entre os 12 e os 34 anos que se distribuíron en catro grupos de traballo de 7-8 persoas, co fin de potenciar e garantir unha mellor atención por parte dos docentes. Como práctica final, cada grupo debería realizar unha breve representación teatral cunha duración aproximada de 15 minutos, aberta ao público xeral.

Froito destas sesións formativas foi a representación de tres pezas teatrais, que tivo lugar no salón de actos do Centro Sociocultural da 3ª Idade de Vedra, por parte dos catro grupos de alumnos que se inscribiron nesta actividade. O alumnado tivo a oportunidade de montar por si mesmo unha pequena peza de teatro e de participar e tomar decisións, non só a nivel de interpretación ou de traballo actoral, senón tamén no que respecta ao deseño de iluminación e espazo sonoro, maquillaxe, vestiario e *atrezzo*.



### DIFUSIÓN

O proxecto en Facebook:

<https://www.facebook.com/vedramaticos?fref=photo>

O proxecto na web de Vedraconecta:

<http://vedraconecta.blogspot.com.es/2014/09/laboratorio-teatral-de-vedra.html>

O proxecto nos medios:

O laboratorio teatral de Vedra baixa o pano con grande éxito. *El Correo Gallego*

<http://www.elcorreogallego.es/terras-de-santiago/ecg/laboratorio-teatral-vedra-baixa-telon-grande-exito/idEdicion-2014-10-14/idNoticia-895643/>



## MOSTRA DE CINE XUVENIL

ASOCIACIÓN MUSIQUINA 33MG / VIGO



01



02



03

# MOSTRA DE CINE XUVENIL



## DESCRIBIÓN E OBXECTIVOS

Musiquina 33MG é unha asociación formada por artistas de todas as disciplinas e por persoas interesadas na cultura. Entre os seus obxectivos figura o de promocionar e dar servizos aos artistas que tentan emerxer no complicado panorama cultural.

A **Mostra de Cine Xuvenil**, organizada por Musiquina 33MG, concibiuse como unha actividade con finalidade educativa que pretendía motivar aos mozos e mozas a formarse, coñecer e afondar na cultura e linguaxe audiovisuais. Permitted visualizar os traballos que se estaban a realizar coidadosamente en multitude de obradoiros de audiovisuais ao longo de toda a comunidade. Dende a organización abriuse unha convocatoria para que os centros educativos puideran presentar as súas producións, ben foran longametraxes, curtametraxes ou videoclips de calquera xénero: documental, animación ou ficción. David Esperón, de Musiquina, salientaba a importancia de “promover o gran traballo que alumnado e profesorado está levando a cabo en multitude de obradoiros de audiovisual” en toda Galicia.

## DESENVOLVEMENTO

Moita creatividade estivo presente na mostra, na que se proxectaron oito producións que foron presentadas colectivamente polo alumnado participante, todas realizadas por mozos e mozas de entre os 12 e os 20 anos.

A actividade estivo dinamizada polo artista galego de *hip hop*, Pániko en las Calles. Relaciónanse, a continuación, as obras seleccionadas:

- > *O abrigo de Marta*. IES Allariz
- > *Luca*. IES Allariz
- > *As mazás casamenteiras*. IES Mosteirón. Sada

- > *Na oficina de obxectos perdidos*. IES Mosteirón. Sada  
01 <http://geneticfilms.wordpress.com>
- > *Vidas en sombra*. IES Cacheiras. Teo  
02 [www.aturuxofilms.wordpress.com](http://www.aturuxofilms.wordpress.com)
- > *Animais artificiais*. IES Manuel García Barros. A Estrada  
03 <http://animaisartificiaismgb.blogspot.com.es/>
- > O alumnado do Taller de Creación Artística do IES Manuel García Barros da Estrada presentou na mostra a súa creación *Animais Artificiais*, unha mediometraje de 32 minutos de duración baseada na obra homónima de Ana Vallés. Ademais da colaboración dos e das docentes que se implican con este taller artístico, foron moitos os alumnos e alumnas do García Barros interesados no audiovisual. Un total de 35 estudantes realizaron a banda sonora para a obra, 15 persoas traballaron no equipo técnico e arredor dunha ducia conformaron o equipo artístico.
- > *Yo sé de un sitio*. IES Sabón. Arteixo
- > *Aquela noite*. IES Ramón Cabanillas. Cambados

Para rematar, os mozos e as mozas participantes puideron conversar coa directora de cine e coordinadora do Festival Primavera do Cine en Vigo, Ana Laura Pereira, que impartiu un pequeno curso sobre a linguaxe audiovisual como instrumento transformador da realidade. Ana Laura Pereira é cineasta e foi directora de nove películas, gañou o Gran Premio do Festival Internacional de Cine Documental Santiago Álvarez de Cuba e o Premio Nacional de Comunicación para la Paz de Venezuela, entre outros.

## DIFUSIÓN

### O proxecto nos medios:

A Mostra de Cine Xuvenil presenta o mellor cine feito por adolescentes. *VigoCultura*  
<http://www.vigocultura.org/es/content/mostra-de-cine-xuvenil>

Mostra de Cine Xuvenil en Vigo. *VGOMagazine*  
<http://vgomagazine.wordpress.com/2012/04/16/mostra-de-cine-xuvenil/>

TVG  
<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/a-revista-334868>  
(a partir do minuto 10:38)

Estradenses na alfombra vermella. O Taller de Creación Artística do García Barros presenta “Animais Artificiais” na Mostra de Cine Xuvenil. *Faro de Vigo*  
<http://www.farodevigo.es/portada-deza-tabeiros-montes/2012/05/29/estradenses-alfombra-roja/652399.html>

‘Animais artificiais’ estará na Mostra de Cine Xuvenil. *El Correo Gallego*  
<http://www.elcorreogallego.es/comarcas/ecg/animais-artificiais-estara-muestra-cine-juvenil/idEdicion-2012-05-11/idNoticia-745689/%20>


Moita creatividade na I Mostra de Cine Xuvenil de Vigo. *BichArte Animación blog*  
<http://animacionblog.blogspot.com.es/2012/05/moita-creatividade-na-i-mostra-de-cine.html>

O proxecto na web do Festival Primavera do Cine en Vigo:  
<http://festivalprimaveradocine.com/mostra-de-cine-xuvenil/>

# Iniciativa Xove

Consellería de Traballo e Benestar

---







## APADRIÑA UNHA ÁRBORE

ASOCIACIÓN O ESQUÍO NO PIÑEIRO / BRIÓN





### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

**Apadriña unha árbore** é un proxecto que a asociación O Esquíno no Piñeiro vén desenvolvendo desde o ano 2010. Unha das premisas polas que se rexe esta entidade é a concienciación respecto da importancia da protección do medio natural e a súa posta en valor como elemento patrimonial que todos e todas debemos coidar, respectar e protexer.

Desde esta premisa, abordaron este proxecto co obxectivo de concienciar e facer conscientes os mozos e as mozas da importancia e das posibilidades do medio natural, en xeral, e dos montes en particular, como fonte de riqueza paisaxística, natural, cultural, social e económica.

### DESENVOLVEMENTO

As actividades de repoboación e apadriñamento dunha zona de monte tallada con árbores autóctonas tiveron lugar durante tres días. A iniciativa desenvólvese tal e como se relaciona a continuación:

#### Mira o que estamos a facer!

Difusión do proxecto, desde a publicidade inicial ata a difusión dos resultados ao remate do proxecto.

O obxectivo desta actividade foi visibilizar o proxecto co fin de que se puidese converter nun exemplo de boas prácticas que poidan seguir outros grupos de mozos.

### O monte e nós

Pequena acción formativa a través de dinámicas e xogos relacionados co medio ambiente, a natureza, a importancia dos montes e a importancia dun desenvolvemento da riqueza forestal de xeito sostible e do impacto que pode ter unha mala xestión da masa forestal.

O obxectivo desta actividade, que tivo lugar na área de piragüismo de Ons (Brión), foi formar os mozos e mozas no coñecemento e respecto pola natureza e o medio.

#### Xa son padriño/madriña!

Preparación do terreo, plantación e apadriñamento de 50 árbores autóctonas.

Os obxectivos desta actividade, que tivo lugar nun terreo cedido á asociación en Portanxil (Trasmonte, Ames), foron repoboar un espazo con árbores autóctonas que sirva de exemplo para a veciñanza de explotación forestal de xeito sostible e respectuoso co medio e fomentar a participación da mocidade en proxectos sociais e comunitarios de xeito altruísta.

#### Comemos ou que?

Actividades complementarias de ocio e tempo libre para a mocidade na área de piragüismo de Ons (Brión).

O obxectivo desta actividade foi crear un espazo de encontro e intercambio entre mozos de diferentes idades cun interese común.

### DIFUSIÓN

**O proxecto no blog do Esquíno no Piñeiro:**

<http://oesquino.blogspot.com.es/>

**O proxecto na web de Xuventude.Net:**

<http://xuventude.xunta.es/2013100511612/mozos-e-mozas-de-brion-desenvolven-un-proxecto-de-repoboacion-con-arbores-autoctonas-dentro-do-programa-iniciativa-xove.html>

**O proxecto nos medios:**

Veciños de Brión plantan e apadriñan cen árbores en Ames. *La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2013/10/06/vecinos-brion-plantan-apadriñan-cien-arboles-ames/0003\\_20131056C10992.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2013/10/06/vecinos-brion-plantan-apadriñan-cien-arboles-ames/0003_20131056C10992.htm?idioma=galego)

**Máis información sobre O Esquíno no Piñeiro:**

Blog

<http://oesquino.blogspot.com.es/>

Facebook

<https://www.facebook.com/oesquino>



## O GALEGO VIVENCIAL. RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA DA LINGUA GALEGA EN GALICIA

GRUPO INFORMAL AS CANDONGAS DO QUIROMBO / SANTIAGO DE COMPOSTELA





### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

As Candongas do Quirombo é un grupo informal formado por cinco mozas galegas que se xuntaron baixo este nome para levar a cabo un proxecto de creación dun documental sobre a recuperación da memoria do galego, e outras actividades de acción directa en torno ao noso idioma.

Tan só dous meses foi o tempo do que dispuxeron para levar a cabo este proxecto que non só se centrou na realización dun documental, senón tamén na difusión da memoria do galego. Porque a nosa lingua tamén ten memoria e esta pervivirá na medida en que nós, as galegas e os galegos, a traíamos ao presente.

### DESENVOLVEMENTO

Recuperar as historias vivas, as experiencias, os sentimentos, as impresións, as opinións da xente era un dos obxectivos da actividade. Despois de máis de 20 entrevistas a diferentes persoas, de moitas viaxes pola xeografía galega, de reunións, de discusións... e despois de longas noites de montaxe, o resultado final foi a presentación do documental **A memoria da lingua**. A festa de

presentación tivo lugar no bar As dúas, na praza da Oliveira en Santiago de Compostela, e incluíu a proxección do documental, un recital pola lingua, contacontos e actuacións musicais.

No documental **A memoria da lingua**, 20 entrevistas a persoas de diferentes idades e condicións sociais serviron para aproximarse á memoria histórica da lingua galega. Unha nova perspectiva para ollar o galego e para sacar do esquecemento a situación de represión que viviu e vive a nosa lingua propia. A través da historia viva das súas protagonistas (entre as que se atopan labregas, conserveiras, tendeiros, amas de casa, xubiladas, poetas, profesoras, estudantes ou estranxeiras que viven en Galicia), o documental permite achegarse ao pasado máis recente da lingua galega e tamén á situación actual que está a vivir.

O proxecto, amais da elaboración do documental, incluíu 13 proxeccións na universidade da Coruña, en diversos centros de ensino e en centros sociais espallados por todo o territorio galego, acompañadas de cadansúa charla explicativa ou coloquio posterior coas persoas participantes sobre a temática da proxección.

### DIFUSIÓN

#### O proxecto audiovisual:

Vimeo

<http://vimeo.com/16277612>

01 YouTube

<https://www.youtube.com/user/CandongasDoQuirombo>

#### O proxecto nos medios:

Recuperando a memoria da lingua.  
*Galicia Confidencial*

<http://goo.gl/mvXJhr>

“A memoria da lingua”. *Galicia Hoxe*

<http://goo.gl/GWPBIN>

#### Información sobre As Candongas do Quirombo:

Blog

<https://ascandongasdoquirombo.wordpress.com/>

Vimeo

<http://vimeo.com/ascandongas/videos>

Facebook

<https://es-es.facebook.com/pages/As-candongas-do-quirombo/139243802863149>

Google+

<https://plus.google.com/103356978893743575117/videos>

## CHOIVA DE BÁGOAS

GRUPO INFORMAL MISCELÁNEA EN TRES TEMPOS METT 03.04 / OURENSE





### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

o grupo informal Miscelánea en Tres Tempos quixo presentar unha realidade que se repite ano tras ano e por diferentes causas e intereses: os incendios forestais, un dos maiores problemas ecolóxicos que sofren os nosos montes, tratando de actuar sobre ela.

O obxectivo clave era reflexionar sobre esta temática, creando arte que repercutise no contorno urbano en forma de protesta social non violenta, senón poética e concienciadora.

Tratábase de aprender a valorar o medio, achegando a xuventude ao espazo exterior e intentando que tomase conciencia do que a natureza ofrece.

A través deste proxecto, fíxose un achegamento dende o ámbito artístico á natureza, reflectida en pequenos puntos do contorno urbano, como o caso dos parques nas cidades, espazos verdes e naturais no medio do ruído e a ornamentación. Tratábase de achegar un significado, volvendo ao metafórico e metafísico, á linguaxe física e xestual.

**Choiva de Bágoas** recolleu unhas xornadas de sensibilización co medio ambiente centradas en facer unha crítica construtiva que sirva para a reflexión dos alumnos e alumnas de diversos centros sobre a problemática dos incendios.

01

### DESENVOLVEMENTO

A temática abordada trasladouse aos centros educativos participantes, nos que se fixo unha presentación do proxecto e se contou coa exposición dun axente forestal. Os alumnos e alumnas foron tamén parte activa. Repartíronse cadernos para que os rapaces tomaran notas e ilustraran os seus pensamentos e entregáronse bágoas de resina nas que puxeron de manifesto as súas inquedanzas e sentimentos relacionados coa problemática abordada.

O proxecto deixou a súa pegada nos parques de Ourense, onde as bágoas quedaron penduradas das árbores. Toda a documentación gráfica foi recollida nunha exposición no Espazo Xove de Ourense.

En **Choiva de Bágoas** participaron:

- > Equipo humano: Andrea Valado, Bibiana Lorenzo e Silvia Ojea, licenciadas en Belas Artes; Enrique Soto, licenciado en Administración e Finanzas; César Sarmiento, diplomado en Enfermería; e Xosé Santos, axente forestal.

Centros participantes: Padre Feijoo Zorelle, Otero Pedrayo e Divina Pastora (Franciscanas).

### DIFUSIÓN

01

**O proxecto en YouTube:**

<https://www.youtube.com/watch?v=ljXWCftOUgs>

<https://www.youtube.com/watch?v=yWyUc8iekNI>

(canal XuventudePuntoNet)

**O proxecto nos medios:**

TVG

<http://www.crtvg.es/informativos/celebramos-o-dia-do-habitat-coa-choiva-de-bagoas-dos-rapaces-de-oira-ourense-430768#.UGsaDZike8A>

Choiva de Bágoas. *Vou Axenda*

<http://www.vouaxenda.com/musica-ourense/details/2040-choiva-de-bagoas>

Exposición “Choiva de Bágoas”. *Tempo de lecer*

<http://www.tempodelecerourense.com/eventos/consultar/1532>

Choiva de Bágoas.

*Blog Aula da Natureza do Río Miño*

<http://auladanaturezadoriominho.blogspot.com.es/2012/09/choiva-de-bagoas.html>

## DE OFICIOS E LABORES

### GRUPO INFORMAL DE ESTUDOS ETNOGRÁFICOS FIADAS / MOS







#### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

A fiada, ese material preciso para servir de base ás teas de máis calidade, deulle nome a un grupo informal de Mos (Pontevedra), que divulga os oficios e labores galegos nun estudo etnográfico.

O resultado é unha publicación moi ben tecida, na que non se desaproveitou nin un fío nin a agulla se desviou un milímetro. Con versións en papel e en dixital, recolle descrições amplas, amenas e ben documentadas de oficios como os de canteiro, mineiro, ovelleiro, capador, músico e arrieiro, e labores como o da castañeira, o da fiandeira ou distintos propios do agro.

#### DESENVOLVEMENTO

O grupo, con Teresa Balado e Raquel Barredo como impulsoras destacadas, implicou a mocidade en obradoiros nos que se prepararon os contidos. Escolleron as imaxes e fotografías máis adecuadas, redactaron os textos, deseñaron a web e encargáronse das gravacións de músicas e cantares.

O propósito estaba claro: conseguir que os mozos e mozas coñecesen aspectos tan relevantes do seu pasado, descubrindoos eles mesmos e contribuíndo a documentalos e preservalos, botando man de ferramentas actuais, en obradoiros

de novas tecnoloxías e de fotografía.

Deste xeito, as descrições dos oficios e dos labores foron acompañadas de ilustracións, fotos, letras, partituras e recursos de audio nos que se recollen músicas e cancións vinculadas a cada traballo, a miúdo recompiladas polos propios colaboradores nesta Iniciativa Xove, coa que colaborou a asociación O Fiadeiro.

O traballo, no que de seguro se divertiron e aprenderon moito, está recollido nun interesante blog, a disposición de quen queira consultalo.

Coa **publicación etnográfica *De oficios e labores***, o Grupo de Estudos Etnográficos Fiadas presentou un proxecto de lecer educativo e cultural mesturado coas novas tecnoloxías. A publicación conta co seu propio espazo web, a través do blogue.

O máis característico do proxecto foi que, ademais de ter un contido ligado aos oficios e labores de Galicia, se combina e asocian estas artes ás músicas propias e ligadas a cada traballo, labor ou oficio. A publicación referencia partituras musicais e letras dos cantares de cada lugar, con cada oficio que se relata, incorporando audios (no espazo web), e un formato dixital con esta parte musical que acompaña á publicación en papel.

#### DIFUSIÓN

**Blog do proxecto:**

<http://grupoetnograficofiadas.blogspot.com.es>



## LOUSAME: CULTURA VIVA

GRUPO INFORMAL FLASH-BACK / LOUSAME



### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

O proxecto **Lousame: cultura viva**, posto en marcha polo grupo informal Flash-back, componse de cinco actividades que se desenvolveron ao longo de tres meses.

Un dos obxectivos do proxecto **Lousame: cultura viva** era buscar a implicación e a participación activa da xente nova nas diferentes actividades. Non obstante, para o seu desenvolvemento, tamén se contou coa participación de persoas adultas, que achegaron os coñecementos necesarios para desenvolver con éxito as actividades.

### DESENVOLVEMENTO

As actividades leváronse a cabo tal e como se describe a continuación:

#### Exaltación da romaría de San Mamede e de San Lorenzo

O obxectivo principal desta actividade era recuperar a tradición de ir acompañando os santos na procesión dende a igrexa parroquial ata unha ermida, promover a propia romaría e fomentar a participación xuvenil. O 9 de agosto, día da romaría, debido ao mal tempo, antes do xantar realizouse unha demostración de xogos populares tradicionais entre as peñas que se foron inscribindo os días anteriores. Os mozos e as mozas dividíronse por parroquias e comezou a competición entre eles, iso si, primando o compañeirismo por riba de todo. Tamén se realizou unha pequena camiñada desde a capela ata a “cama dos santos”, onde as persoas participantes puideron escoitar unha pequena lenda popular.

#### Camiño do mercado

En outubro realizouse unha ruta de sendeirismo coa ambientación durante o percorrido de personaxes inesperados que ían sorprendendo aos participantes. A ruta remataba coa recreación dun antigo mercado, no cal se podían ver vendedoras de peixe, panadeiras, cesteiras, muiñeiros etc.

### Recuperación de oficios e apeiros de labranza e representación dunha malla tradicional de centeo

Unha eira empedrada no lugar de Marracín, Tállara, foi o escenario para unha representación, en setembro, dunha malla tradicional de centeo e dun obradoiro de espantallos. Unha vez rematados a malla e o obradoiro, as persoas participantes camiñaron ata unha casa de turismo rural onde puideron contemplar unha exposición de apeiros de labranza (sachadoras, serras, sachos, arados, forcadás, sementadora...), así como unha recreación de oficios tradicionais (carpinteiros, cesteiros, costureiras etc). A actividade estivo amenizada por un grupo de gaiteiros e rematou cunha degustación de produtos tradicionais galegos.

#### Tarde de fiada

Tamén en setembro se celebrou unha “fiada” no local social de Cabanetán, Lesende. A xornada iniciouse cun obradoiro de gaitas (impartido por Carlos Fandiño) e outro de percusión e zanfonas (impartido por Carlos do Viso), nos que se amosaron a composición destes instrumentos, as súas pezas, os sons etc. Ao rematar os obradoiros, as persoas participantes realizaron unha andaina e, xa de regreso outra vez no local social, asistiron a unha “fiada” propiamente dita. Así, houbo actuacións folclóricas a cargo da Escola Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela e da agrupación folclórica Canlebó de Camboño. Participaron diferentes gaiteiros e cantareiras afeccionadas que cantaron e bailaron dándolle vida e animación á fiada. Paralelamente, realizouse un obradoiro de maquillaxe, onde nenos e mozos puideron disfrazarse. A xornada rematou cunha filloada para todas as persoas asistentes.

#### Exposición fotográfica

Unha vez rematadas as actividades, organizouse unha exposición de fotografías e vídeos das distintas accións levadas a cabo en torno a esta recuperación de tradicións, que se puido visitar na Casa da Cultura de Lousame.



### DIFUSIÓN

#### O proxecto en Facebook:

<https://www.facebook.com/profile.php?id=100004214329048&fref=ts>

#### 01 O proxecto en YouTube:

<http://www.youtube.com/watch?v=hoMsFXhmecQ>

#### O proxecto en imaxes:

<https://iagoinсуafotografia.wordpress.com/2014/10/28/750/>  
(Blog de Iago Insua)

#### O proxecto nos medios:

Lousame celebrou con éxito a popular tarde de fiada. *El Ideal Gallego*  
<http://www.elidealgallego.com/opinion/victor-castro/lousame-celebro-exito-popular-tarde-fiada/20140925004312210441.html>

Gran participación veciñal en Lousame Cultura Viva. *Noticieirogalego*  
<http://www.noticieirogalego.com/2014/09/gran-participacion-vecinal-en-lousame-cultura-viva/>

Ruta Sendeirismo “Camiño do Mercado” (Lousame). *Deportes de Monte*  
<http://www.deportesdemonte.com/ruta-senderismo-camino-do-mercado-lousame/>

A xuventude de Lousame non se rende ao aburrimiento. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/09/04/xuventude-lousame-non-rende-ao-aburrimiento/0003\\_201409B4C2991.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/09/04/xuventude-lousame-non-rende-ao-aburrimiento/0003_201409B4C2991.htm)

Lousame, unha terra de «bonitismo» e cultura auténtica. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/10/27/lousame-unha-terra-bonitismo-cultura-autentica/0003\\_201410B27C2993.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/10/27/lousame-unha-terra-bonitismo-cultura-autentica/0003_201410B27C2993.htm)

## RÍOS DE PONTEVEDRA: COÑECE E COIDA A TÚA CONTORNA

GRUPO INFORMAL MILRIVUS / PONTEVEDRA



01



212 RIO GAROS  
Este Garos transcurre por los asentamientos de Pontevedra y Vilaboa. Cuenta con una longitud de 10,800 m en sentido sur-norte, junto con el río Lamea, a la Ría de Pontevedra.  
Nace en las fuentes del Monte de Rosal, lugar de Sialcova, en Espiñeira de Abaixo. A partir de aquí se une a el afluyente como canal de Argoña, M'raio, Coto de Abaixo, Fontes, Cabaño y P'raio. Finalmente se incorpora al Garos como caudal de la hacha Escudabenta. Este río es uno de los pocos de Galicia que presenta orientación sur-norte y un trazo casi recto.  
La vegetación ribereña de ribera está dominada por álamos (Populus glutinosa) de gran talla y altura. Llegado a alcanzar alturas superiores a los 20 metros y distribuido en forma de carrizales. Entre ellos están acompañados de sauces (Salix alba) y sauces (Salix alba) y sauces (Salix alba) y sauces (Salix alba). El estado actualizado del río es muy limitado, ya que se aprecian de manera obvia a lo largo del río el espaldado de caudal, el estado actualizado y el estado actualizado del río.  
Este Garos, como consecuencia directa de la dependencia política gallega, el caso en la mayoría de su recorrido, a través de asentamientos humanos. Esto provoca una continua agresión a los márgenes, reduciendo por lo tanto actividad

214 RIO LIMA  
Este río nace en el municipio de Foz de Ulla con los arroyos de Piqueira (200 m), Río (200 m) y Abaixo (200 m), que al unirse con el Cabaño forman el Lima. Su cuenca abarca 442,31 km<sup>2</sup>, drenado los asentamientos de Foz de Ulla, Estadao, Curto, Campo Lameiro, Monte, Cabaño de Río, Fontes, S'rao, Vilaboa de Abaixo, Rosal, Cabaño y P'raio. Desemboca en la Ría de Arousa, después de recorrer 71,6 km.  
Se debe tener presente que una superficie de 100 m en un trazo de una anchura de 470 metros donde se abren paso en un pequeño empalmeamiento. Debido, por lo tanto, a este tipo de régimen de Cabaño, que pasa por Cabaño de Ulla, y sigue a lo largo

DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS


O grupo informal Milrivus ten como principal interese estudar, coñecer e divulgar unha faceta descoñecida ata o momento dos ríos e ribeiras, un valor de identidade e patrimonio natural autóctono da provincia de Pontevedra.

Milrivus comparte o interese polo medio ambiente. Os seus membros, formados en Enxeñaría Forestal na Escola de Enxeñaría Forestal de Pontevedra da Universidade de Vigo, pretenden achegarllles o contorno natural aos mozos e mozas que teñen inquiredanzas semellantes.

O proxecto **Ríos de Pontevedra: coñece e coïda a túa contorna** consistiu na elaboración bilingüe (castelán e inglés) e publicación do libro *Conservación y restauración del bosque de ribera. Un caso de estudio de los ríos de Galicia (Pontevedra)*. Esta publicación é o froito dun intenso traballo por parte de tres enxeñeiros forestais e dous estudantes cuxa principal intención era resaltar a beleza dos ríos da provincia de Pontevedra que os acompañou ao longo da súa formación na escola de enxeñeiros forestais de Pontevedra. Asemade, quixeron destacar a urxente necesidade de conservar e recuperar aqueles ecosistemas que foron danados en maior ou menor medida.

DESENVOLVEMENTO

Os autores comezaron recompilando información e, deseguido, realizaron unha xornada na que todas as persoas interesadas puideron achegar as súas ideas para a elaboración deste libro. Posteriormente, levouse a cabo o traballo de campo no que percorreron os ríos citados no libro tomando fotos e tomando nota do seu estado de conservación. Por último, tras a súa redacción, o libro presentouse na Escola de Enxeñaría Forestal. Todas as persoas asistentes foron agasalladas cun exemplar do libro en castelán e un CD coa versión en inglés.



DIFUSIÓN

A publicación resultante do proxecto está dispoñible para a súa descarga gratuíta a través de Internet nas seguintes ligazóns:

01

- Versión en castelán <http://www.bubok.es/libros/236314/Conservacion-y-Restauracion-del-Bosque-de-Ribera-Un-caso-de-estudio-de-los-rios-de-Galicia-Pontevedra>
- Versión en inglés <http://www.bubok.es/libros/236349/Conservation-and-restoration-of-riparian-woodland-A-case-study-of-rivers-in-Galicia-Pontevedra>

O proxecto nas webs de:


- Xuventude.Net <http://www.xunta.es/notas-de-prensa/-/nova/2999/grupo-programa-iniciativa-xove-benestar-lanza-unha-guia-boas-practicas-nos-rios>
- Universidade de Vigo [http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=9224&Itemid=2](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=9224&Itemid=2)

Información sobre Milrivus:

- Facebook <https://www.facebook.com/pages/MilRivus/578468495614434>
- Twitter <https://twitter.com/MilRivus>

## MOVÉNDONOS PARA O CAMBIO

AMIGOS DA TERRA / OURENSE



01

## DESCRIBIÓN E OBXECTIVOS

**Amigos da Terra** é unha organización que sempre destacou por formular unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e construtiva, que apoia aquelas iniciativas que van xurdindo, á vez que axuda a mellorar o noso contorno dende a práctica e a acción.

A asociación ecoloxista ten como misión fomentar o cambio local e global cara a unha sociedade máis respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria. Amigos da Terra pretende un mundo onde todos os seres vivos e pobos vivan con dignidade e harmonía coa natureza.

## DESENVOLVEMENTO

Neste contexto, a organización impulsou o proxecto **Movéndonos para o cambio**, que consistiu na realización de sete actividades:

- > Obradoiros relacionados co consumo responsable:
  - Forno solar
  - Compostaxe
  - Cultivo ecolóxico
  - Rede sementes
  - Alimentación sustentable
- > Accións de rúa, informativas e de sensibilización sobre consumo responsable
- > Organización de roteiros ambientais para o coñecemento e a conservación do territorio
- > Achegamento a grupos e asociacións xuvenís para crear sinerxías
- > Charlas na Universidade de Vigo (nos campus de Vigo e de Ourense) e nas escolas oficiais de idiomas para promover o Servizo de Voluntariado Europeo como unha opción para a mocidade
- > Comunicacións por redes sociais e divulgación audiovisual do proxecto
- > Participación no evento *Get moving*, encontro con mozas e mozos europeos de Young Friends of the Earth, xuventude de Amigos da Terra Europa

As prioridades da iniciativa foron, por unha banda, crear canles de capacitación e actividades lúdicas que fomentaran a participación da mocidade no tecido socio político e ambiental e, por outra, mellorar o acceso da mocidade ás redes e foros de comunicación específicos para aumentar a participación e sensibilización da cidadanía máis nova, e promover consecuentemente o asociacionismo, a implicación e o seu liderado

Entre os obxectivos de **Movéndonos para o cambio** cabe destacar os seguintes:

- > Potenciar a dinamización social e as relacións da cidadanía a través de actividades de ocio e tempo de lecer e de educación ambiental
- > Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de experiencias para a comunicación social
- > Incidir na información, promoción de condutas, valores cívicos e éticos en xeral, así como a promoción dunha sociedade ambientalmente sustentable e socialmente xusta
- > Difundir e informar sobre as actividades que se desenvolven no proxecto para a promoción da participación, mediante redes sociais, blogs do servizo de voluntariado europeo de Amigos da Terra, páxinas web da asociación a nivel galego e sección xuventude en Europa
- > Crear un recurso audiovisual, un vídeo, no que se recollan as actividades realizadas no proxecto e difundilo polo canal YouTube e as páxinas webs de Amigos da Terra e outras entidades xuvenís que participen

As actividades de **Movéndonos para o cambio** tiveron lugar en Ourense, Vigo (cidade e comarca) e San Mamede. Todas as actividades foron deseñadas dende a mocidade para a mocidade (para mozos e mozas de 18 a 35 anos).

## DIFUSIÓN

01

### O proxecto en Youtube:

<http://goo.gl/77Dcbo>

(Resumo das accións desenvolvidas)

### O proxecto nas webs:

Amigos da Terra

<http://goo.gl/9iMxvb>

<http://goo.gl/yblUmQ>

<http://goo.gl/KoM9sl>

<http://goo.gl/ra25j6>

<http://goo.gl/xGlogw>

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento

<http://goo.gl/UFAioz>

<http://goo.gl/LKKMLU>

<http://goo.gl/GyCZpc>

### O proxecto nos medios:

Un forno solar para reivindicar o uso das enerxías renovables. *Faro de Vigo*

[galego.farodevigo.es/portada-ourense/2013/09/27/horno-solar-reivindicar-enerxias-renovables/885346.html](http://galego.farodevigo.es/portada-ourense/2013/09/27/horno-solar-reivindicar-enerxias-renovables/885346.html)

Roteiro ambiental polo Paseo do

Barbantiño. *Tempo de Lecer Ourense*

[http://www.tempodelecerourense.com/eventos/consultar/6445/roteiro\\_ambiental\\_polo\\_paseo\\_do\\_barbantino\\_ourense](http://www.tempodelecerourense.com/eventos/consultar/6445/roteiro_ambiental_polo_paseo_do_barbantino_ourense)

Roteiro ambiental por Montealegre. *Vou Axenda*

<http://vouaxenda.com/outros-ourense/details/4273-roteiro-ambiental-por-montealegre?cid=9:outros>

Obradoiro sobre alimentación sustentable. *Tempo de Lecer Ourense*

[http://www.tempodelecerourense.com/eventos/consultar/6473/obradoiro\\_sobre\\_alimentacion\\_sustentable\\_centro\\_civico\\_da\\_rua\\_colon\\_ourense](http://www.tempodelecerourense.com/eventos/consultar/6473/obradoiro_sobre_alimentacion_sustentable_centro_civico_da_rua_colon_ourense)

### Máis información sobre Amigos da Terra:

Web

[http://amigosdaterra.net/info/o80513\\_adt/](http://amigosdaterra.net/info/o80513_adt/)

Facebook

<https://www.facebook.com/Amigos.da.Terra>

## CAMPAMENTO SOSTIBLE

ASOCIACIÓN GRUPO SCOUT HÉRCULES 283 / SAN SADURNIÑO







### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A Asociación Grupo Scout Hércules 283 da Coruña puxo en marcha o proxecto **Campamento Sostible**, cuxas actividades principais xiraron en torno ás enerxías renovables e ao uso das novas tecnoloxías como instrumento de investigación e comunicación. O campamento, no que participaron 64 rapaces e rapazas, desenvolveuse no mes de xullo no recuncho scout de Narahío, en San Sadurniño, o primeiro centro scout de España con carácter ambiental.

Os obxectivos principais do proxecto eran crear espazos nos que os mozos e as mozas aprenderan de forma activa e lúdica, partindo sempre das súas necesidades e intereses; fomentar o uso das novas tecnoloxías, sobre todo de Internet, como instrumento de investigación e comunicación; e promover unha toma de conciencia crítica e sensible cara ao medio e unha actitude comprometida cara á súa mellora, así como comprender as repercusións ambientais que provoca o uso de enerxías renovables e non renovables.

### DESENVOLVEMENTO

No campo das enerxías renovables, que tivo lugar na primeira quincena de xullo, establecéronse varias liñas de traballo en función da idade e desenvolvemento dos membros da asociación. Na fase de investigación e concienciación, a rapazada de 12 a 14 anos realizou diversos obradoiros no local da asociación e unha visita a Sotavento. Na fase de acción, realizou varias auditorías enerxéticas no local

e nas súas casas, así como en diversos establecementos e asociacións, a raíz do cal se elaborou un plan de actuación para mellorar todos os aspectos que consideraron necesarios, poñéndoo en práctica e avaliándoos meses despois.

Amáis, os propios rapaces e rapazas levaron a cabo unha campaña de sensibilización e información das vantaxes do aforro enerxético e do uso das enerxías renovables nas súas casas, no barrio e entre a veciñanza de Narahío.

Os membros máis maiores, de 15 a 21 anos, elaboraron diversos obradoiros sobre as enerxías renovables para os seus compañeiros e compañeiras menores. Para isto, formaron tres equipos (un de enerxía eólica, outro de enerxía solar e un terceiro de enerxía cinética). Cada grupo informou e investigou en Internet, en bibliotecas e noutras fontes para elaborar un obradoiro sobre a enerxía renovable que preferiron estudar. Por outra banda, para facilitar o proceso de investigación, cada grupo creou unha wiki colaborativa e un blog.

A maiores, realizouse un día de portas abertas no campamento para que toda a veciñanza de Narahío coñecese o campamento, á vez que se informaba sobre as enerxías renovables e gozaba de diferentes obradoiros e actividades.

Na segunda quincena de xullo iniciouse a parte máis práctica do proxecto. Durante estes quince días, as persoas participantes no campo, amáis de acondicionar as infraestruturas, realizaron diversas actividades lúdicas e de lecer como xinkanas, xogos, rutas, traballos manuais ou accións deportivas.

### DIFUSIÓN

O proxecto na web da asociación:

<http://gs283.scout.es/2012/07/0-campamento-xa-comezou/#more-2981>

<http://gs283.scout.es/multimedia/imagenes/imaxes-rola-solar-2011-12/nggallery/campamento-de-veran-narahio-2012/campamento-de-veran-narahio-2012-grupo>

01

O proxecto en YouTube:

<https://www.youtube.com/watch?v=cH5DjzqE6c>  
(canal XuventudePuntoNet)

Información sobre a Asociación Grupo Scout Hércules 283:

Web

<http://gs283.scout.es/>

Facebook

<https://www.facebook.com/Hercules283?fref=ts>

Twitter

<https://twitter.com/gshercules283>

YouTube

<https://www.youtube.com/user/gshercules283>

<https://www.youtube.com/user/SCOUTSASDE?gl=ES&hl=es>



## MONOGRÁFICOS DE MOSTRAXE. ACHEGÁNDONOS Á FAUNA SALVAXE

ASOCIACIÓN SUSTINEA / LEIRO



I Monográficos de Mostreo. MORCEGOS

Pena Comeira, 8 e 9 de setembro de 2012

01



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A asociación Sustinea desenvolveu en 2012, no Monumento Natural de Pena Corneira, a primeira edición dos **Monográficos de mostraxe**.

**Achegándonos á fauna salvaxe**, unha actividade que lles permitiu aos seus participantes aproximarse á fauna salvaxe no seu propio medio.

Nestas xornadas, que se repartiron en catro fins de semana nos meses de xullo e setembro, Sustinea, en colaboración con outras entidades dedicadas ao estudo e conservación da natureza, deron a coñecer de xeito práctico o comportamento dos animais no seu propio medio natural e, ao mesmo tempo, as e os participantes puideron observar con detenemento escenarios, restos e indicios que deixan ao seu paso os animais salvaxes, achegando toda a información precisa para coñecer máis sobre a súa bioloxía e a súa conservación.

Todas as xornadas tiveron lugar no “Espazo de Participación Ambiental Pena Corneira”, xestionado por Sustinea en colaboración co Concello de Leiro, situado en pleno Monumento

Natural da Serra de Pena Corneira, onde, ademais, aproveitouse a oportunidade para facer un inventario das especies que alí habitan.

Deste xeito, cada fin de semana estivo dedicado a un grupo animal en concreto:

- > Primeira fin de semana: Métodos non invasivos para a detección da fauna silvestre
- > Segunda fin de semana: Detección e identificación de morcegos mediante sondaxes acústicas e estacións de captura
- > Terceira fin de semana: Técnicas de mostraxe de mamíferos e micromamíferos
- > Cuarta fin de semana: Estudo de anfibios e réptiles de Galicia. Bioloxía e Conservación

Así mesmo, e para completar as xornadas de cada sábado, realizáronse saídas nocturnas, nas que a través das novas tecnoloxías, as e os participantes puideron observar mamíferos, anfibios e morcegos, así como coñecer o seu comportamento nocturno a través de sinais indirectas, como por exemplo os cantos.

### DIFUSIÓN

O proxecto na web de Sustinea:

<http://sustinea.org/?q=content/i-monogr%C3%A1ficos-de-mostreo-acheg%C3%A1ndonos-%C3%A1-fauna-salvaxe>

<http://sustinea.org/?q=galer%C3%ADa&page=4>

01

O proxecto en YouTube:

<https://www.youtube.com/watch?v=i6nmGExgpAM>



## MELLORA E REDINAMIZACIÓN DO PARQUE DO SEMINARIO

ASOCIACIÓN XUVENIL XOLDRA / MONDOÑEDO





### DESCRUCIÓN E OBXECTIVOS

A Asociación Xuvenil Xoldra, de Mondoñedo, puxo en marcha o proxecto **Mellora e redinamización do parque infantil do Seminario** co obxectivo de implicar a xuventude nunha actividade participativa, onde cada persoa propuxese as súas ideas para restaurar e dinamizar o parque.

O proxecto pretendeu, asemade, concienciar a poboación sobre a necesidade de coidar os espazos públicos para poder gozalos toda a cidadanía; en especial, tratábase de concienciar a mocidade para que coide deste espazo aberto e público onde poder reunirse no seu tempo de ocio.

### DESENVOLVEMENTO

O parque infantil do Seminario está situado no centro de Mondoñedo, o que facilitou a participación activa da veciñanza. Os labores de posta a punto comezaron coa limpeza do chan, por parte do Concello, con auga a presión para extraer a sucidade dunha maneira máis eficaz. A continuación, limpáronse os muros, as reixas, a zona cuberta, os bambáns e o tobogán, e elimináronse herbas e musgo para, posteriormente, poder pintar.

Tras pintar os muros, as reixas, a cancha de baloncesto, as canastras, a fonte, a zona cuberta e os bancos, decidiuse o tema para pintar os muros: a natureza, con árbores, o sol, o ceo, as nubes, os paxaros, os coellos, as bolboretas etc.

Primeiramente, debuxáronse as figuras a lapis e, a continuación, remarcáronse con rotuladores permanentes para máis tarde darlles color. Amais dos muros, tamén se pintou unha zona interior de xogos con taboleiros de parchís, damas e xadrez, *twister*, mariola e encerados.

Unha vez finalizado o labor de restauración e redinamización do parque infantil, celebrouse unha festa de inauguración coincidindo coa data do Samaín.

### DIFUSIÓN

#### O proxecto nos medios:

Xoldra ocúpase dun parque infantil en Mondoñedo. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2014/10/02/ayer-dia-mayores-hubo-fiesta/0003\\_201410X2C12991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2014/10/02/ayer-dia-mayores-hubo-fiesta/0003_201410X2C12991.htm?idioma=galego)

Mondoñedo “mon amour”. Os veciños implícanse impulsando iniciativas e coidando o seu contorno. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2014/11/02/mondonedo-mon-amour/0003\\_201411X2C99912.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2014/11/02/mondonedo-mon-amour/0003_201411X2C99912.htm?idioma=galego)

Merendada inaugural en Mondoñedo. Os veciños celebraron o Samaín no remodelado parque do Seminario. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2014/11/01/merendada-inaugural-mondonedo/0003\\_201411X1C11998.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/amarina/2014/11/01/merendada-inaugural-mondonedo/0003_201411X1C11998.htm?idioma=galego)

Axudar polo ben común. *El Progreso*  
<http://elprogreso.galiciae.com/nova/362555-ayudar-comun?lang=gl>

Información sobre a Asociación Xuvenil Xoldra:  
<https://es-es.facebook.com/AsociacionXuvenilXoldra>

## ENJOY GALICIA

ASOCIACIÓN CULTURAL INGALICIA / ÁMSTERDAM



01



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

**Enjoy Galicia** é unha Iniciativa Xove para promover Galicia en Europa. A Asociación Cultural InGalicia puxo en marcha este proxecto para o fomento do turismo xuvenil de Galicia en Europa e para a participación das mozas e mozos galegos na promoción do seu territorio no estranxeiro.

A finalidade principal do proxecto era promover o patrimonio de Galicia a través dos nosos recursos humanos e gastronómicos, así como dar resposta á demanda de promoción turística de Galicia que piden os estranxeiros. Por outra banda, pretendeuse concienciar a mocidade sobre a importancia da interculturalidade.

### DESENVOLVEMENTO

A metodoloxía de traballo para a posta en marcha do proxecto foi a de *co-working*, traballo en equipo e división de tarefas; contouse co emprego das novas tecnoloxías como ferramenta de participación. **Enjoy Galicia** levouse a cabo recompilando material publicitario sobre Galicia xa existente nun primeiro momento e procurando

o contacto directo coa xente en dous eventos públicos en Ámsterdam.

Como parte do proxecto tivo lugar un concurso de vídeos sobre os mellores sitios de Galicia. Abriuse unha convocatoria para que os mozos e as mozas galegas de 18 a 30 anos enviasen as súas propostas, de autocreación, nas que achegasen a súa visión persoal sobre o seu espazo favorito, a súa cidade, vila, festa etc. Un xurado seleccionou o mellor vídeo e o gañador foi Alberto Bustos (de Betanzos), que viaxou a Ámsterdam.

A segunda fase era a da promoción de Galicia *in situ* en Europa, concretamente no mercado de Amsterdam, grazas á documentación recibida polos diferentes centros de información turística, onde se contou cun stand.

Contouse tamén co apoio do Centro de hispanofalantes de Ámsterdam no relativo á loxística e á organización dunha degustación de produtos típicos de Galicia e de Holanda na sede do mesmo centro.

A iniciativa foi todo un éxito de participación e de consenso entre a poboación holandesa.

### DIFUSIÓN

**O proxecto en YouTube:**

<https://www.youtube.com/watch?v=ozdZgoUVHfk>

<https://www.youtube.com/watch?v=A4EcN3oWeoE>

(canal Xuventude.Net)

**Información sobre InGalicia:**

Web

<http://www.ingalicia.org/>

Facebook

<https://www.facebook.com/Ingalicia>

Twitter

[https://twitter.com/In\\_galicia](https://twitter.com/In_galicia)


YouTube

<https://www.youtube.com/user/AsociacionIngalicia>

# Iniciativa Xove

Consellería de Traballo e Benestar

---








## XOGA: XORNADAS DE OCIO GALEGO ALTERNATIVO

COLECTIVO XOGAMOS / A CORUÑA



01



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O proxecto **Xoga: xornadas de ocio galego alternativo** consistiu na celebración dunhas convivencias lúdicas dedicadas ao lecer alternativo, principalmente, aos xogos de rol e de taboleiro, que tiveron lugar no Colexio Salesianos San Juan Bosco da Coruña.

A finalidade principal deste proxecto foi achegar as formas de ocio alternativo á mocidade e poñer en contacto as diferentes asociacións galegas que promoven o xogo. Amáis, pretendeuse apoiar os creadores novos de xogos dentro de Galicia.

Este proxecto xurdiu da colaboración dun grupo de mozos e mozas para organizar a primeira edición de Xoga, unhas xornadas de ocio alternativo, de baixo custo, que fomenta actitudes creativas, imaxinativas, de colaboración e de traballo en equipo entre os xogadores. En definitiva, unha forma de lecer saudable e enriquecedora.

### DESENVOLVEMENTO

Durante os tres días de duración do evento, destacaron as mesas redondas, a práctica de *jugger* e *softcombat*, a realización de talleres de pintura de miniaturas e escenografía, a posibilidade de gozar de numerosos e variados xogos de mesa, de cartas, de taboleiro e de miniaturas, así como de xogos de rol en vivo.

Nas xornadas Xoga tampouco faltaron os videoxogos: as xornadas incluíron un torneo de *Mario Kart 8*; unha competición de xogos *Pokémon X-Y* e *Just Dance*, e outro torneo de *Super Smash Bros. Brawl*. De igual xeito, tamén se puido gozar do *wargame Infinity*, o xogo de recoñecemento internacional obra da compañía *Corvus Belli*, de Cangas do Morrazo.

### DIFUSIÓN

01 O proxecto en YouTube:  
<https://www.youtube.com/watch?v=aVMouMr8AC4>

#### O proxecto nos medios:

Varios torneos de videoxogos completarán a primeira edición de XOGA na Coruña.

*Código Cero*

<http://codigocero.com/Varios-torneos-de-videoxogos>

Nace XOGA: Xornadas de Ocio Galego Alternativo. *Otaku Music Radio*

<http://www.otakumusicradio.com/galicia-nace-xoga-xornadas-de-ocio-galego-alternativo/>

Esta fin de semana na Coruña, ¿xogas?

*Blog de Marcus*

<http://marcus.gal/2014/09/comeza-xoga/>

Reino de Terror estivo de xornadas.

*Blog Reino de Terror*

<http://reinodeterror.blogspot.com.es/2014/10/reino-de-terror-estubo-de-jornadas.html>

#### Información sobre o colectivo Xogamos:

Web

<http://www.xogamos.com/>

Twitter

<https://twitter.com/Xogamos>

Facebook

<https://www.facebook.com/xornadasdeocioalternativogalego>

## **A PARTICIPAR TAMÉN SE APRENDE**

CRUZ VERMELLA XUVENTUDE - GALICIA / COLES



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

Cruz Vermella Xuventude está formada por nenas, nenos e mocidade de ata 30 anos e as súas propias accións van dirixidas a estes colectivos. É o referente para o voluntariado mozo de Cruz Vermella e por este motivo cóidase e foméntase a vida asociativa, creando os espazos axeitados para conseguir unha maior implicación e integración do voluntariado na organización.

O obxectivo fundamental de Cruz Vermella Xuventude é transformar a sociedade, traballando dende e coa infancia e a xuventude, educando en valores a través de accións de carácter preventivo, educativo, participativo e de desenvolvemento, realizadas polo voluntariado.

Este colectivo considera que a educación para a participación é hoxe máis necesaria que nunca para a construción da cidadanía. Unha educación que nos ensine os mecanismos, que nunha sociedade cunha democracia máis que asentada como a nosa, existen para expresarse, cooperar e traballar conxuntamente pola defensa dos ideais.

Trátase, pois, de abrílle os ollos ás mozas e mozos, darlles a coñecer o poder que teñen, se non para cambiar as situacións, polo menos para expresar o que opinan e defender o que crean xusto.

### DESENVOLVEMENTO

Neste contexto, o proxecto **A participar tamén se aprende** englobou tres actividades: unhas xornadas, unha guía informativa e a difusión de mensaxes a través das redes sociais.

#### Xornadas

O obxectivo das xornadas foi favorecer a vida asociativa e a participación da mocidade na toma de decisións, fomentando a equidade de xénero. Entre os temas abordados nestas xornadas, que tiveron lugar no albergue xuvenil e Centro de Educación Ambiental Equal, situado no Concello de Coles, destacan o liderado e empoderamento da xuventude ou o asociacionismo e a participación xuvenil. As xornadas completáronse cunha andaina ambiental e a realización de xogos e reunións. Ás xornadas asistiron 50 mozos de entre 16 e 30 anos.

#### Difusión de mensaxes nas redes sociais

O obxectivo desta acción era potenciar a acción multiplicadora, impulsando o intercambio de ferramentas, recursos e experiencias sobre a participación e o asociacionismo xuvenil a través das redes sociais, co hashtag #aparticipartaménseaprende

#### Guía informativa

Elaboración, deseño e publicación dunha guía informativa sobre o asociacionismo e o papel da xuventude. Elaboráronse un total de 300 guías.

### DIFUSIÓN

O proxecto na web de Cruz Vermella:

<http://www.cruzvermella.org/nova/495tbhpwun6v/?lang=gl>

O proxecto en Facebook:

<http://goo.gl/qbmSrL>

O proxecto en Twitter:

<http://goo.gl/1YTU8s>



## FUN FACTORY GALICIA

GRUPO INFORMAL GTHLHU Á FEIRA / A CORUÑA





### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

O proxecto **Fun Factory Galicia**, que tivo lugar no Centro Ágora da Coruña, consistiu na creación dun espazo de ocio alternativo para a xente nova.

**Fun Factory Galicia** ofertou actividades de ocio saudables para mozos e mozas, sen importar a súa condición social nin as necesidades especiais que poidan precisar aqueles ou aquelas con diversidade funcional. Tratábase de facilitarlles ás persoas participantes a adquisición de actitudes e aptitudes que lles axuden no seu crecemento persoal a través de actividades de ocio.

As actividades levadas a cabo durante as xornadas, amais de diversión, tiñan un compoñente educativo non formal, potenciando as habilidades de relación social, a imaxinación e a dedución. Os xogos de rol e estratexia reportan un beneficio para a educación, permiten acceder ao coñecemento de forma significativa, melloran o cálculo mental, a capacidade de síntese, achegan unha gran riqueza expresiva e de vocabulario e estimulan o potencial creativo da persoa, á vez que traballan o razoamento e a lóxica durante o seu transcurso.

Por outro lado, a realización periódica deste espazo de interacción para a

mocidade, onde cada participante pode descubrir e practicar este tipo de actividades de ocio, mellora a rede e disponibilidades de infraestruturas para o ocio, fomentando a súa utilización durante o tempo libre nas fins de semana.

### DESENVOLVEMENTO

As xornadas **Fun Factory Galicia** constaron dun torneo de *Magic*, unha zona de *Softcombat* e *Nerf*, xogos de rol (*Dark Heresy Warhammer 40K*, *Dungeons and Dragons NEXT 5ª edición*, *Scion*, *Mago: La Ascensión*), partidas variadas de mesa (incluído o novo xogo de mesa *Espada Negra*), clases de debuxo, proxeccións de capítulos de anime e zona Otaku (torneos de videoxogos, *Stepmania*, xogos de mesa, karaoke, concurso de *Cosplay*, *Friz Quiz*, *Trivial Musical* e TCGs, entre outros).

A maiores destas actividades, no recinto dispúxose unha zona de artesanía, cun pequeno bazar de tendas Hamma e artesanais. Por outra banda, desde **Fun Factory Galicia** buscou axudar a quen máis o precisa, por iso, durante todo o evento dispúxose dun posto no que se levou a cabo unha recolleita de alimentos impercedoiros, en colaboración co Banco de Alimentos Rías Altas.

### DIFUSIÓN

O proxecto en Facebook:  
<https://www.facebook.com/Funfactory.galicia?ref=hl>

O proxecto en YouTube:  
<https://www.youtube.com/watch?v=RpXSfREVT3o&feature=youtu.be>

**01** <https://www.youtube.com/watch?v=rh1UgIzGpXk>

### O proxecto nos medios:

Fun Factory Galicia 2014. *Otaku Music Radio*  
<http://www.otakumusicradio.com/galicia-fun-factory-galicia-2014/>

2º Fun Factory Galicia. *Blog Khathedral*  
<http://khathedral.blogspot.com.es/2014/09/evento-2-fun-factory-galicia.html>

Cheyenne no 2º Fun Factory Galicia. *Blog de Cheyenne Juegos*  
<http://cheyennejuegos.blogspot.com.es/2014/10/cheyenne-en-el-2-fun-factory-galicia.html>

Concurso de debuxo Fun Factory: ¡DSM One Shot! *Blog Dibuja Shonen Manga*  
<http://dibujashonenmanga.weebly.com/blog/concurso-de-dibujo-fun-factory-dsm-one-shot>

## DINAMIZANDO MOCIDADE, DINAMIZANDO VIDA!

FEDERACIÓN DE CENTROS XUVENÍS DON BOSCO DE GALICIA / A CORUÑA, LUGO, SANTIAGO DE COMPOSTELA, VIGO E OURENSE







### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia organizou unha serie de actividades para mozas e mozos de xeito aberto, desenvolvendo actividades gratuítas nos diferentes centros da Federación, todas elas enmarcadas no eido do tempo libre. A idea principal do proxecto **Dinamizando mocidade, dinamizando vida!** era crear lugares, momentos e espazos onde as mozas e os mozos fosen os protagonistas e participes das actividades realizadas.

As actividades en cuestión pretenderon ser unha oferta de educación non formal, sempre enfocadas desde un tempo libre educativo, desenvolvendo nas persoas destinatarias as súas aptitudes mediante actividades que favorecesen o seu desenvolvemento integral como individuos e dentro dunha sociedade. Amais, con estas actividades pretendíase fomentar unha participación xuvenil responsable, desde o compromiso social e persoal e dun xeito sa e saudable. O proxecto en si foi un proxecto organizado por mozas e mozos voluntarios para outras mozas e mozos destinatarios, no que se prestou especial atención a aqueles que non poden gozar de actividades lúdicas por carecer de acceso a outras actividades deste tipo (ben sexa por motivos económicos, sendo sensibles aos tempos de crise nos que vivimos, ou ben por cuestións de accesibilidade por discapacidade a actividades culturais e de lecer).

### DESENVOLVEMENTO

O proxecto **Dinamizando mocidade, dinamizando vida!** favoreceu a aparición e dinamización de diferentes espazos, creou actividades de ocio alternativo tanto durante a semana como nas fins de semana, fomentou hábitos saudables para os e as participantes en todas as súas actividades (deportes, xuntanzas, obradoiros, sesións de compartir coñecementos, xincanas, xogos, festas, festas populares e festivais).

A iniciativa desenvolveuse principalmente en torno a tres actividades: Medranzas (actividades de ocio alternativo), Sabenzas (actividades de coñecemento para a mocidade) e Xuntanzas (actividades de encontro para a mocidade).

Os principais lugares nos que se desenvolveron as actividades foron as instalacións dos cinco centros xuvenís da Federación Don Bosco de Galicia, en cinco capitais galegas: Lugo, Ourense, Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña. As datas de realización foron principalmente venres, fins de semana, festivos e períodos vacacionais, sempre prestando atención ás datas importantes no tempo libre e de lecer da mocidade galega.

### DIFUSIÓN

Información sobre a Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia:

Web

<http://www.fedboscogal.org/>

Twitter

<https://twitter.com/fedboscogal>



## XUVENTUDE MÁXICA

GRUPO INFORMAL MAGOS COA MOCIDADE / REDE GALEGA DE ESPAZOS XOVES





### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

Magos coa Mocidade é un grupo informal orientado ao fomento da maxia e das disciplinas artísticas e creativas entre a mocidade galega. Pedro Bugarín e o Mago Xacobe, magos profesionais con ampla experiencia no eido do ocio xuvenil e a docencia máxica, achegaron os seus espectáculos de maxia destinados ao público xuvenil ofrecendo unha alternativa de ocio saudable, sorprendendo os mozos e mozas e facéndoos partícipes a través de obradoiros de maxia previos ao espectáculo final nos que as persoas participantes podían iniciarse neste mundo coa aprendizaxe de sinxelos xogos cos que fomentar o desenvolvemento de aptitudes e capacidades artísticas e creativas, a psicomotricidade e a expresión oral e corporal, ademais da comunicación.

### DESENVOLVEMENTO

O proxecto **Xuventude Máxica**, consistiu na realización de obradoiros de maxia que remataban cun espectáculo en directo para o público en xeral, ofrecido polos magos Pedro Bugarín e o Mago Xacobe.

A finalidade destas actividades era provocar nas mozas e nos mozos galegos un interese pola maxia, que quizais poida derivar nunha nova afección ou mesmo nunha saída profesional, ademais de consistir en si mesma nunha actividade de ocio alternativo.

Os obradoiros de maxia, con cadanseu espectáculo final, desenvolvéronse os Espazos Xoves de Noia, Ourense, Tui, Vilalba e Betanzos. Os rapaces e rapazas aprenderon entre 6 e 10 xogos de maxia autocontidos, nos que se incidiu na súa posta en escena, comunicación oral e expresión corporal. Todos os rapaces amosaron un grande interese na aprendizaxe e unha participación moi activa.

### DIFUSIÓN

#### O proxecto nos medios:

Radio Municipal Tui  
[http://www.ivoox.com/ent-pedro-bugarin-mago-magos-coa-mocidade-audios-mp3\\_rf\\_3415382\\_1.html](http://www.ivoox.com/ent-pedro-bugarin-mago-magos-coa-mocidade-audios-mp3_rf_3415382_1.html)

Día de maxia en Ourense. *La Región*  
<http://www.laregion.es/articulo/agenda/fiesta-emigrante-y-arroz-leche-esgos/20140821000742488533.html>

Magos coa mocidade. *Vou Axenda*  
<http://vouaxenda.com/escea-ourense/details/7412-magos-coa-mocidade>

Magos coa mocidade con Pedro Bugarín e Mago Xacobe. *Tempo de Lecer Ourense*  
<http://goo.gl/Vlkgat>

Obradoiro e actuación de maxia co Mago Xacobe e Pedro Bugarín. *Portal Now Events*  
<http://now-events.net/es/page/2545738>

#### Información sobre Magos coa Mocidade:

Web  
<http://www.magoscoamocidade.es/>

Facebook  
<https://www.facebook.com/magoscoamocidade>

## PARTICIPA E GOZA DA CULTURA E DA NATUREZA

GRUPO INFORMAL MOCIDADE CABAQUEIRA / FOLGOSO DO COUREL





### DESCRICIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Mocidade Cabaqueira, formado por cinco mozos a finais de setembro de 2013 unha visita ambiental e cultural á Serra do Courel. Así, un grupo de 54 mozos e mozas compoñentes da banda de música da Agrupación Musical do Rosal, con idades comprendidas entre os 12 e 30 anos, desprazouse ata o Courel para realizar diversas actividades.

### DESENVOLVEMENTO

Durante a súa estancia combinaron actividades na natureza, como excursións para coñecer o espazo natural e outros centros de interese da Serra do Courel, con actividades musicais, nomeadamente, organizaron dous concertos gratuítos aos que puideron asistir os veciños e veciñas de Folgoso do Courel.

Os concertos tiveron lugar:

- > en Seoane, no CPI Poeta Uxío Novoneyra, no marco da celebración da Festa dos Maires;
- > en Folgoso do Courel, na praza do Concello.
- > Eliminar a marca introdutoria e situar o parágrafo á esquerda (é un parágrafo independente, non forma parte da listaxe anterior).

Por outra parte, pretendíase achegar a música de banda a un punto afastado na xeografía galega que, polas características dimensionais dos seus núcleos de poboación, teñen poucas posibilidades de poder gozar coa música dunha banda das dimensións e da calidade da Banda do Rosal.

### DIFUSIÓN

01

**O proxecto en YouTube:**

<http://www.youtube.com/watch?v=Tooq2-aQSVU>

(Actuación no Concello de Folgoso do Courel)

**O proxecto nos medios:**

A banda de música da Agrupación Musical do Rosal ofrecerá dous concertos no Courel.

*Blog Infogauda*

[http://infogauda.blogspot.com.es/2013/09/o-rosal\\_26.html](http://infogauda.blogspot.com.es/2013/09/o-rosal_26.html)

Programación Grupo Informal Mocidade Cabaqueira. *InfoMiño*

<http://www.infominho.com/index.php/id/62/objeto/19020>

# RÚAS XOVES. CREACTÍVATE E PARTICIPA NA CULTURA URBANA!

ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA VELLA ESCOLA / NOIA



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

Vella Escola é unha asociación especializada na organización e difusión de actividades relacionadas coa cultura urbana en Galicia: *breakdance*, *graffiti*, *skateboard*, *rap*, *beatbox*, *parkour*, *turntablism* (DJ), *street basket*, danzas de rúa, *bmx*, *slackline*, capoeira...

A misión de Vella Escola é promover e difundir en Galicia as manifestacións culturais e artísticas que nacen no medio urbano (disciplinas de cultura urbana), a través da xestión e oferta de actividades innovadoras de calidade, que mellor respondan ás necesidades e demandas da xuventude actual.

O principal obxectivo da asociación é ofrecerlle ao colectivo xuvenil a posibilidade de participar activa e socialmente en diferentes proxectos que favorezan o seu desenvolvemento integral mediante a formación e a expresión artística, o ocio activo e a integración social a través da cultura urbana.

**Rúas Xoves. Creactívate e participa na cultura urbana!** foi un programa composto por xornadas de portas abertas realizadas na rúa, nas que se ofertaron diferentes obradoiros e exhibicións de actividades de cultura urbana dirixidas á xuventude (de 12 a 35 anos) e orientadas a conseguir a máxima participación e implicación (participación activa) deste colectivo nas actividades programadas.

Os obxectivos xerais da iniciativa foron os seguintes:

- > Motivar a participación activa da xuventude en diferentes actividades culturais e artísticas a través dunha oferta de programas innovadores que respondesen ás súas inxerencias para a ocupación do seu tempo de lecer
- > Potenciar a creatividade dos mozos e mozas e contribuír á súa formación artística e creativa de forma educativa e integral
- > Motivar condutas saudables de ocupación do tempo de ocio e fomentar valores cooperativos de aceptación, tolerancia, respecto e solidariedade

Como obxectivos específicos, pódense destacar os seguintes:

- > Desenvolver a creatividade motora, o control sobre o corpo e a expresión corporal
- > Traballar a sensibilidade musical a través dos contidos das actividades con soporte musical
- > Manter unha actitude positiva e respectuosa aceptando as diferenzas en canto á diversidade e xénero nos compañeiros e compañeiras
- > Participar activamente e dun xeito consciente cos compañeiros/as durante a realización das actividades
- > Entender o graffiti como parte da nosa cultura e como xénero comunicativo a través da imaxe, e coñecer as técnicas de escritura e arte mural e a súa correcta utilización
- > Coñecer as técnicas básicas do *breakdance* traballando o control sobre o corpo, o equilibrio e a coordinación motriz
- > Coñecer a disciplina do *beatbox* e as diferentes técnicas para a reprodución de sons bucais experimentando as posibilidades e limitacións que ofrece o propio corpo
- > Aprender a compoñer cancións no obradoiro de rap para a súa posterior interpretación

## DESENVOLVEMENTO

As actividades de **Rúas Xoves** desenvolvéronse en época estival nos seguintes lugares::

- > Noia: Xornada de Cultura Urbana Portas Abertas
- > Muros: Xornada de Cultura Urbana Portas Abertas
- > Lugo: Obradoiros de campionato de *Breakdance*
- > Santiago de Compostela: Xornada de Cultura Urbana Portas Abertas

Ao redor de 1.500 mozas e mozos beneficiáronse directamente deste programa.

## DIFUSIÓN

O proxecto en Flickr:

[http://www.flickr.com/photos/vellaescola\\_cultura\\_urbana](http://www.flickr.com/photos/vellaescola_cultura_urbana)

O proxecto na web de Vella Escola:

<http://www.vellaescola.com/o-concello-de-santiago-presenta-ruas-xoves-cultura-urbana-en-estado-puro/>

O proxecto na web do Concello de Santiago:

[http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id\\_nova=10375](http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id_nova=10375)

O proxecto en Facebook:

Rúas Xoves, Santiago de Compostela con Vella Escola

<https://www.facebook.com/media/set/?set=a.712095015486803.1073741845.326765770686398&type=3>

O proxecto nos medios:

Xornada de cultura urbana na praza Roxa este xoves. *El Correo Gallego*

<http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/xornada-de-cultura-urbana-na-praza-roxa-este-xoves/idEdicion-2013-10-09/idNoticia-831102/>

Información sobre a Asociación Cultural e Deportiva Vella Escola: Web

<http://www.vellaescola.com/>

Twitter

[https://twitter.com/Vella\\_Escola](https://twitter.com/Vella_Escola)


Facebook

<https://www.facebook.com/vellaescola.cultura.urbana>



## TROCA-LIBRO POR LECER

GRUPO INFORMAL ABASTOS – CLUBE DE LECTURA / SALCEDA DE CASELAS







### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O Clube de Lectura Abastos do Porriño organizou en 2011 **Troca-Libro por Lecer**, unha actividade cuxo obxectivo principal era promover o pracer da lectura a través do libre troco de todo tipo de obras literarias entre persoas amantes dos libros e afeccionadas á lectura.

Quen comparte un libro comparte un sentimento, unha emoción, sabedoría... e isto era algo que as mozas e os mozos organizadores da actividade querían facer extensible a todos os habitantes da vila de Salceda de Caselas e dos arredores. Tratábase de que todas as persoas participantes achegasen aquel libro (ou libros) que non quixera para trocalo por outro que facilitasen outras persoas participantes.

Así, trasladouse á rúa a seguinte idea: “Teño un libro que xa lin, ou non me gusta, ou foi un agasallo pouco afortunado, e quero cambiálo por outro que tes ti e que me interesa máis”. E que mellor ocasión para facelo que o propio Día das Letras Galegas! Sacar os libros dos estantes e levalos á praza da vila, abrindo a idea a todas aquelas persoas que teñan libros e queiran facer un troco cultural.

### DESENVOLVEMENTO

Na praza de Antonio Palacios de Salceda de Caselas, as actividades foron diversas: un recuncho do lector onde ler ao público un anaco da obra literaria

favorita, un taboleiro das lembranzas onde podías deixar un recordo evocador, dous obradoiros de microrrelatos e o contacontos Andreu Chapeu.

Nos obradoiros de microrrelatos déronse as claves para aprender a realizar este tipo de creacións e aqueles resultantes da creatividade das persoas asistentes foron publicados nun blog creado especificamente para este evento: <http://trocalibro.blogspot.com.es/>.

No taboleiro das lembranzas cada persoa interesada en participar collía unha cartolina e escribía unha lembranza evocadora. No recuncho do/a lector/a, cada quen lía un anaco da súa lectura favorita e, a maiores, contouse coa presenza especial da poetisa María Magdalena.

A cartolina lila da cadea de verbas, baseada no popular xogo das palabras encadeadas.

A cartolina rosa das verbas favoritas, onde as persoas escribían as súas verbas favoritas.

A cartolina azul das suxestións e dedicatorias, onde as persoas participantes puideron verter as súas opinións e comentarios.

Como peche do día, unha solta de libros por diferentes rúas e recunchos da vila e dos arredores coa finalidade de que fosen lidos libremente por aquelas persoas que os atopasen. Só unha condición: unha vez lidos debían ser novamente ceibados.

### DIFUSIÓN

**Blog do proxecto:**

<http://trocalibro.blogspot.com.es/>

**O proxecto en Facebook:**

<https://es-es.facebook.com/events/140878149335158/?fref=nf>



## CURSOS DE INICIACIÓN AO MEDIO RADIOFÓNICO

GRUPO INFORMAL ONDA MIÑOR / NIGRÁN E VIGO





### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

Onda Miñor é un proxecto creado por Uge Fernández Estévez, Verónica Iñarrea Tresandí, Eva María Pereira Rodríguez, Paulo del Río Morales e Silvia Camesella Gesteira, un grupo de cinco mozos e mozas nigraneses amantes do medio radiofónico con diversa experiencia nel. O proxecto contou coa colaboración dos departamentos de Cultura, Educación, Igualdade e Traballo do Concello de Nigrán e a Asociación de Veciños O Torreiro de Coia (Vigo).

Este proxecto constou de tres cursos, totalmente de balde para as persoas participantes, de iniciación ao medio radiofónico, cuxa finalidade era iniciarse nas rutinas técnicas e de locución dun estudio de radio.

### DESENVOLVEMENTO

Os cursos constaron dunha parte teórica e unha parte práctica, tal e como se describe a continuación.

#### Parte teórica (adaptada aos colectivos destinatarios e á idade das persoas participantes):

Definición dos conceptos básicos e xerga do medio; as audiencias da radio; os tipos de guiños; a interpretación de guiños; os tipos de xéneros radiofónicos (informativo, entretemento, deportivo, musical...); planificación sonora; construción do espazo; redacción e locución; uso de programas de gravación (*Audacity*) e de creación de guiño radiofónico (*Celtx*).

#### Parte práctica:

Interpretación de textos; dicción; entoación; lectura; interpretación e

creación de textos para os diferentes xéneros radiofónicos; exercicios de quecemento da voz e dos músculos faciais; prácticas de creación e interpretación de guiños radiofónicos; lectura e representación de sinais radiofónicos; gravación e improvisación. Ademais, abordáronse a montaxe e funcionamento básico do equipo; as dinámicas para fomentar a creatividade, a unión do grupo e a confianza; e realizáronse actividades de fomento da lectura e do uso da lingua galega.

Na impartición dos cursos, nos que participaron 50 persoas, contouse coa colaboración de especialistas como María de Olla, licenciada en arte dramático; ou Chus e Marian, do equipo directivo e docente do CEIP Humberto Juanes de Nigrán, encargadas da Radio Escolar Vilameán e colaboradoras do proxecto radiofónico Ponte nas Ondas.

Os cursos de Nigrán tiveron unha duración de dez sesións dunha hora, mentres que en Coia foron sete sesións dunha hora e media de duración. Os cursos adaptáronse aos colectivos de destinatarios e á idade dos participantes:

Centro Antena de Nigrán: luns, mércores e xoves, do 1 ao 22 de setembro

Horario de mañá: persoas adultas (prioridade para o colectivo feminino)

Horario de tarde: infancia (a partir de 7 anos).

Instalacións da Asociación de Veciños O Torreiro de Coia (Vigo): martes e xoves, do 9 ao 30 de setembro.

Horario de tarde: mocidade e persoas adultas (a partir de 18 anos).

### DIFUSIÓN

#### O proxecto en SoundCloud:

<https://soundcloud.com/valdeondas>

#### O proxecto en YouTube:

<https://www.youtube.com/channel/UCwJpPOq3P4DAGWSS3iHr-8A>

#### O proxecto na web de Xuventude.Net:

<http://xuventude.xunta.es/2014/09/19/14248/benestar-investe-180000-euros-para-o-desenvolvemento-de-49-proxectos-xuvenis-do-programa-iniciativa-xove-en-pontevedra.html>

#### O proxecto nos medios:

‘Onda Miñor’ descobre os segredos da radio a unha vintena de alumnos en Nigrán. *Faro de Vigo*

<http://www.farodevigo.es/comarcas/2014/09/21/onda-minor-descubre-segretos-radio/1097870.html>

Dez días de radio en Nigrán. *Faro de Vigo*

<http://www.farodevigo.es/comarcas/2014/08/26/diez-dias-radio-nigran/1082087.html>

#### Información sobre Onda Miñor:

Facebook

<https://www.facebook.com/valdeondas>

## VIDEODINAMIZARTE, OBRADOIROS DE VIDEOCREACIÓN

GRUPO INFORMAL DINAMIZARTE / AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ





### DESCRIBIÓN E OBXECTIVOS

Este proxecto nace coa idea de achegar a linguaxe audiovisual como medio para a expresión creativa, orientada á reflexión e ao crecemento persoal. Un proxecto pioneiro que une dúas disciplinas: o audiovisual e a psicoloxía para elaborar un produto cultural, empregando as potencialidades do vídeo en contextos de crecemento persoal, intervención social, cultural e educativa con diversos colectivos. **Videodinamizarte** son obradoiros de videocreación.

Na localidade das Pontes de García Rodríguez un grupo de mozas pensou na posibilidade de levar a cabo un proxecto desenvolvido por elas mesmas, como *actoras* principais, pero dirixido á poboación de máis de 50 anos. Querían traballar no mundo da psicoloxía e da comunicación e puxeron en marcha **Videodinamizarte**.

### DESENVOLVEMENTO

A través do proxecto desenvolveuse un obradoiro impartido polo propio grupo informal e no que participaron un total de oito persoas maiores de 50 anos, sen ocupación nese momento

e con coñecementos moi básicos de informática. A través de clases prácticas aprenderon a desenvolver a súa creatividade e a súa divulgación nun medio de expresión audiovisual.

A principal novidade da actividade foi a mestura de disciplinas, xa que non soamente se trataba de aprender a técnica, senón de crear, perder medos, desenvolver potencialidades, sentirse parte dun grupo e coñecer a creatividade dun mesmo.

Cada participante tivo que crear un vídeo sobre a vida nas Pontes para, en definitiva, ter unha visión dende diferentes puntos de vista e poñelos en común. Así, convertéronse nos autores dunha peza audiovisual, estimulando o seu potencial creativo, recreando as súas realidades a través da expresión artística, dándolle uso á cámara que cada un leva no peto e onde o proceso é tan importante como o resultado.

Os vídeos foron expostos nun acto aberto ao público no que se tratou de dar a coñecer á cidadanía e ás propias persoas participantes a importancia de descubrir a valía persoal e a creatividade de cada un de nós.

### DIFUSIÓN



Web do proxecto:

<http://www.videodinamizarte.com/es/dinamizarte/>



## RESPONSABILIDADE A RAS

GRUPO INFORMAL PILOTOS CON SENTIDIÑO / BOQUEIXÓN



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Pilotos con sentidoño, conformado por cinco mozos do Concello de Boqueixón, puxo en marcha o proxecto **Responsabilidade a ras**, cuxo obxectivo principal era educar a mocidade en comportamentos responsables á hora de asistir aos diversos campionatos de rallys, intentando crear unha conciencia responsable e sensibilizar a mozos e mozas sobre os riscos que supón asistir como espectador a unha competición e non cumprir as normas establecidas pola organización.

### DESENVOLVEMENTO

**Responsabilidade a ras** incluíu as seguintes actividades:

#### Charlas de comportamentos e educación responsable en rallys

Tiveron lugar no IES Antón Losada da Estrada e na Escola de Capacitación Agraria de Boqueixón. Estas charlas centráronse na seguridade nos rallys, a preparación previa para asistir como espectador, a mellor forma de ver un rally, o lugar indicado, onde colocarse e onde non, zonas seguras dun rally, como desprazarse dunha etapa a outra, atención ao “coche o” e ás zonas seguras dun rally.

#### Obradoiros de condución

Tiveron lugar nos mesmos centros que as charlas e consistiron nunha demostración de condución e dos riscos e manobras que poden facer os vehículos de rally. Para isto, deseñouse un pequeno circuíto, sinalizado con conos, nun espazo habilitado no contorno dos centros educativos e ensinóuselles ás persoas participantes no obradoiro todo o equipamento e o sistema de seguridade co que conta un vehículo de rally.

#### Acondicionamento do vehículo

Para poder levar a cabo o obradoiro de condución, acondicionouse un Peugeot 205. Os propios membros do grupo foron os encargados da posta a punto mecánica; alugaron o equipamento do coche (*buckets*, ancoraxes, sistema de extinción, arneses etc.) e, finalmente, montaron, pintaron e rotularon o vehículo.

#### Folletos informativos

Elaboráronse uns contidos interesantes, cunha redacción clara e eficaz, coas recomendacións e pautas de actuación que se deberían seguir á hora de asistir a un rally. Os folletos repartíronse entre as persoas asistentes ás charlas, aos obradoiros e tamén aos rallys.

#### Labor de voluntariado en dous rallys galegos

Os membros do grupo desprazáronse a dous rallys galegos (Subida á Estrada e Rally do Sur do Condado) para realizar un amplo labor de información ao público xeral, a través da distribución de folletos informativos, de breves charlas informais sobre os comportamentos responsables dos espectadores de rally ou de recomendacións de colocación durante a competición.



### DIFUSIÓN

O proxecto en Facebook:


<https://www.facebook.com/pages/Responsabilidade-a-ras/344349542383435>



# Iniciativa Xove

Consellería de Traballo e Benestar

---







# I SIMPOSIO PARA O EMPRENDAMENTO NO TURISMO AMBIENTAL, ACUÁTICO E INDUSTRIAL

ASOCIACIÓN CULTURAL E XUVENIL DE TEMPO LIBRE ARRECÓ / RIBEIRA



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A Asociación Cultural e Xuvenil de Tempo Libre Arrecó organizou en 2014 o **I Simposio de Emprendemento no Turismo Ambiental, Acuático e Industrial**, que tivo lugar nas instalacións do Club Náutico de Ribeira.

A iniciativa baseouse na premisa de fundamentar o nacemento dun simposio centrado no eido do emprendemento no sector turístico no Concello de Ribeira, xerando un espazo para a aprendizaxe de estratexias emprendedoras para a mocidade, así como de analizar e coñecer os principais sectores de crecemento na localidade.

Mediante actividades prácticas que fomentan o desenvolvemento persoal e o coñecemento do lugar, o simposio converteuse nun campus vivencial no que os mozos e as mozas puideron interpretar e coñecer da man de profesionais do sector as iniciativas emprendedoras máis punteiras nesta área, cuxa finalidade era espertar na mocidade o espírito emprendedor no lugar de orixe.

### DESENVOLVEMENTO

O simposio dividiuse en dúas actividades principais: mesas redondas expositivas e o Campus Vivencial.

Nunha primeira mesa redonda expositiva púxose de manifesto a importancia do sector turístico como ferramenta de empoderamento para a iniciativa emprendedora. As intervencións correron a cargo de representantes institucionais: o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro; o alcalde de Ribeira, Manuel Ruiz; o director do Parque Nacional das Illas Atlánticas, José Antonio Fernández; a xerente da Mancomunidade de Municipios de Arousa Norte, Irene Maneiro; e o presidente da asociación Arrecó, Mario Vidal; quen expuxeron as tendencias que se están a levar a cabo nesta área, así como as futuras iniciativas que se van poñer en marcha para potenciar o turismo natural como vía de crecemento tanto empresarial como comunitario.

Na segunda mesa redonda participaron representantes de empresas como Golfiño Xestión de Ocio, Amextrem, Mar de Aguiño, Blucus, Tierra y Mar, Hydronauta e Ponle cara al turismo, que lles amosaron ás persoas participantes os seus proxectos empresariais relacionados co sector e indicáronlles as pautas de creación dunha empresa fomentadora do turismo, resaltando as dificultades e as vías de crecemento que atoparon dende a súa formación.

Baixo a denominación de Campus Vivencial, practicouse unha serie de actividades de ocio náutico que lles permitiu ás persoas participantes coñecer as potencialidades do contorno. Realizouse unha ruta en lancha rápida á Illa de Sálvora para descubrir as novas rutas que se están a facer nesta illa, unha ruta en kaiak, barranquismo e bautismos de buceo, así como a innovadora práctica do *Flyboard*.



### DIFUSIÓN

O proxecto no blog de Arrecó:

<http://arrecó.org/?p=352>

O proxecto na web da Xunta de Galicia:

<http://www.xunta.es/notas-de-prensa/-/nova/1661/xuventude-financia-proxectos-asociacions-xuvenis-das-comarcas-barbanza-noia-santiago>

O proxecto nos medios:

“O punto forte de Barbanza é o seu medio natural”. As posibilidades turísticas da comarca serán obxecto de estudo nun simposio que terá lugar o sábado en Ribeira. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/10/09/span-langgl-punto-forte-barbanza-e-seu-medio-naturalspan/0003\\_201410B9C11993.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/10/09/span-langgl-punto-forte-barbanza-e-seu-medio-naturalspan/0003_201410B9C11993.htm?idioma=galego)

Concorrida xornada co turismo como pretexto.

*La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/10/16/concorrida-jornada-turismo-pretexto/0003\\_201410B16C12991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/barbanza/2014/10/16/concorrida-jornada-turismo-pretexto/0003_201410B16C12991.htm?idioma=galego)

Presentación de Blucus en Ribeira. I Simposio de Emprendemento no Turismo Ambiental, Acuático e Industrial. *Blog de Blucus*  
<http://blucus.es/blog/presentacion-de-blucus-en-ribeira/>

Información sobre a Asociación Arrecó:

Facebook

<https://www.facebook.com/arrecó>

Twitter

[https://twitter.com/asoc\\_arrecó](https://twitter.com/asoc_arrecó)

Vimeo

<http://vimeo.com/arrecó>

## CULTURA EMPRENDEDORA E EMPREGO XUVENIL

GRUPO INFORMAL CULTURA EMPRENDEDORA E EMPREGO XUVENIL / SANTIAGO DE COMPOSTELA



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Cultura Emprendedora e Emprego Xuvenil está formado por un conxunto de mozas e mozos investigadores pertencentes ás facultades de Dereito e Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela. Tras atopar o fomento da figura do emprendedor como aspecto común entre as diversas actividades investigadoras de cada un, decidiron iniciar unha liña investigadora transversal, o que foi posible grazas á pertenza dos membros do grupo a diversas áreas de coñecemento, como son o Dereito do Traballo, o Dereito Administrativo, o Dereito Civil, o Dereito Financeiro e Tributario e os Recursos Humanos.

Froito desa colaboración foi a iniciativa consistente en organizar unhas **Xornadas sobre cultura emprendedora e emprego xuvenil**, coa posterior difusión dunha obra colectiva que compila os contidos expostos no dito evento.

## DESENVOLVEMENTO

Deste xeito, o proxecto consistiu na difusión dos aspectos teóricos e prácticos relativos ao emprendemento xuvenil a través da realización dunhas xornadas dirixidas preferentemente á mocidade de idade comprendida entre os 16 e 35 anos, que tiveron lugar na Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

O amplo interese que suscita a temática abordada, así como o feito de que a inscrición fose gratuíta provocou que, aínda que a maior parte dos inscritos fosen mozas e mozos menores de trinta anos pertencentes ao ámbito da Universidade, tamén asistira unha salientable porcentaxe de inscritos pertencente ao ámbito da empresa, menores e, en menor medida, maiores desta idade, pero con desexos de ampliar os seus coñecementos no eido do emprendemento.

Abordáronse dende unha perspectiva multidisciplinar as últimas medidas legislativas aprobadas no eido do emprendemento a través dunha serie de conferencias que, dende o eido laboral, fiscal, mercantil e administrativo, avaliaron as últimas reformas xurídicas

levadas a cabo, co fin de que os futuros emprendedores e emprendedoras se puidesen informar das vantaxes deseñadas polo novo marco legislativo.

As xornadas quixeron difundir os aspectos teóricos e prácticos relativos ao emprendemento xuvenil, tratando de achegar estas materias á mocidade, así como aos profesionais que decidan somerxerse no eido do emprendemento. Contouse coas experiencias reais doutros mozos e mozas que iniciaron ou estaban a iniciar a vía do emprendemento en diversos ámbitos, co propósito de compartir experiencias e inqedanzas, fomentando así as sinerxías e avogando pola colaboración e a aprendizaxe conxunta.

Ademais da vertente teórica, leváronse a cabo actividades complementarias de corte interactivo, co fin de dotar os contidos formativos expostos dunha imprescindible vertente práctica. En concreto e neste sentido, tivo lugar unha mesa redonda dedicada a orientar a xuventude cara ao emprendemento, onde os asistentes aproveitaron para dirixirles preguntas concretas aos relatores, todos eles profesionais da práctica xurídica. Ao longo de distintas sesións tamén se levou a cabo un obradoiro no que algúns dos relatores compartiron cos asistentes as súas experiencias e percepcións persoais como emprendedores. Dende un plano máis académico, tivo lugar a exposición de comunicacións presentadas por mozas e mozos investigadores pertencentes ao ámbito académico.

En resumo, o obxectivo desta actividade consistiu en orientar a xuventude que se atopaba a piques de decidir sobre o viero polo cal encamiñar o seu futuro profesional, á luz dos incentivos derivados das políticas de fomento do emprendemento tendentes a deseñar un contorno favorable á actividade económica, tanto nos seus inicios como no seu futuro desenvolvemento, crecemento e actualización.

A inauguración oficial das xornadas, no salón de graos da Facultade de Dereito contou coa presenza da secretaria xeral da USC, Consuelo Ferreiro Regueiro, e do decano deste centro, Luis Míguez Macho.

Financia

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de Xuventude  
e Voluntariado

Colaboran

iniciativa xove

24 e 25 de setembro de 2014  
(Salón de Graos da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela)

Matricula gratuíta ata completar aforo: [culturaemprendedora.ix@gmail.com](mailto:culturaemprendedora.ix@gmail.com)

@Ix:CulturaE

Entregárase diploma acreditativo da asistencia

Cultura Emprendedora e Emprego Xuvenil

## DIFUSIÓN

### Blog do proxecto:

<http://culturaemprendedoraix.wordpress.com/>

### O proxecto en Twitter:

<https://twitter.com/IxCulturaE>

### O proxecto na web da USC:

[http://www.usc.es/es/congresos/congresos/2014/congreso\\_0015.html](http://www.usc.es/es/congresos/congresos/2014/congreso_0015.html)


[http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014\\_09/noticia\\_0089.htm](http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014_09/noticia_0089.htm)

### O proxecto na web da Xunta de Galicia:

<http://www.xunta.es/notas-de-prensa/-/nova/1263/traballo-prepara-unha-orde-para-reconocer-homologar-competencias-adquiridas-traves>

## VITAMINA-T

ASOCIACIÓN CLUB EMPRENDE M.A.S. / SANTIAGO DE COMPOSTELA



01



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O Club Emprende M.A.S. é unha asociación sen ánimo de lucro prestadora de servizos á xuventude, formada por mozas e mozos universitarios, que ten como misión construír unha comunidade de persoas novas que promoven unha cultura de emprendemento baseada en valores, orientada á excelencia e á sostibilidade, a través dunha rede de apoio que atende as súas inquiredanzas con profesionalidade, calidade humana, e comprometida co desenvolvemento da persoa.

O proxecto **Vitamina-T**, impulsado pola Asociación Club Emprende M.A.S., consistiu na realización dunha serie de actividades encamiñadas a dotar os mozos e mozas da motivación e das habilidades precisas de cara ao seu futuro.

## DESENVOLVEMENTO

**VITAMINA-T**, dirixido a mozos e mozas de 18 a 35 anos, desenvolveuse en catro fases que tiveron lugar ao longo do mes de outubro na Universidade de Santiago de Compostela e no Edificio Cersia Empresa do Concello de Santiago de Compostela:

### Fase 1: Toma de contacto

Consistiu nunha serie de charlas informativas realizadas en diversas facultades da Universidade de Santiago de Compostela (Dereito, Farmacia, ETSE e Xornalismo) e nunha macrocharla motivacional e dinámica na facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Nesta macrocharla contouse coa presenza de Roberto Pérez Marijuán e Juan José Romero Crusat, socios de Suma Importancia, que impartiron a conferencia “Dejadme Soñar”; Santiago Martínez, profesional da Oratoria, que relatou o seu caso de éxito; e Álex Pardo, monologuista que amenizou o peche da xornada.

### Fase 2: Design Competition

Consistiu na superación dun reto emprendedor dunha empresa real empregando a creatividade e a imaxinación. Os mozos e mozas puideron darse a coñecer profesionalmente achegando o mellor deles mesmos/as. A maiores, tamén debateron sobre temas de emprendemento e de éxito profesional.

### Fase 3: Design Thinking

Para os mozos e mozas que superaron o Design Competition comezou esta fase, na que a profesional Dolores Diz fixo a dinámica “Pensamento de Deseño”. O *workshop* é unha metodoloxía aplicable a calquera ámbito que requira un enfoque creativo baseado nos principios de empatía, imaxinación, experimentación, prototipado colaborativo, pensamento integrador e aprendizaxe interactiva.

Ao finalizar esta dinámica gozouse da presenza de Santiago Martínez, quen empregou as técnicas da comunicación e do debate para fomentar actitudes e propostas creativas baseadas en argumentacións sólidas. Deste xeito, potenciáronse as habilidades comunicativas.

### Fase 4: Posta en común

Consistiu na posta en común do aprendido durante as diversas fases anteriores, na exposición dun vídeo resumo e na realización dun *networking*. O obxectivo era poñer a xuventude en contacto con emprendedores, empresarios e representantes de institucións co fin de que puidesen xerar sinerxías con eles. Entre os que chegaron a esta fase sorteouse unha tablet libre Blusens Touch go.

## DIFUSIÓN

### Blog do proxecto:

<http://programavitamina-t.blogspot.com.es/>

### O proxecto en Vimeo:

<http://vimeo.com/78472871>

### O proxecto nas webs de:

Xuventude.Net

<http://xuventude.xunta.es/2013100111548/un-grupo-de-mozos-e-mozas-de-santiago-difundira-a-cultura-emprendedora-cun-proxecto-de-iniciativa-xove.html>

Concello de Santiago

[http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id\\_nova=10334&lg=cas](http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?id_nova=10334&lg=cas)

### O proxecto nos medios:

Charlas e un workshop para fomentar o espírito emprendedor na USC.

*El Correo Gallego*

<http://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/charlas-y-un-workshop-para-fomentar-el-espiritu-emprendedor-en-la-usc/idEdicion-2013-10-02/idNoticia-829600/>

O proxecto VITAMINA-T preséntase a próxima semana en varios centros composteláns. *Portal Santiago de Compostela, portal de tu ciudad*

[http://santiagodecompostela.portaldetuciudad.com/es-es/noticias/el-proyecto-vitamina-t-se-presenta-la-proxima-semana-en-varios-centros-compostelanos-santiagodecompostela-006\\_2\\_7\\_427354\\_68.html](http://santiagodecompostela.portaldetuciudad.com/es-es/noticias/el-proyecto-vitamina-t-se-presenta-la-proxima-semana-en-varios-centros-compostelanos-santiagodecompostela-006_2_7_427354_68.html)

### Máis información sobre a Asociación Club Emprende M.A.S.:

Web

[www.clubemprendemas.es](http://www.clubemprendemas.es)

## ENGRANAXE: UNIVERSIDADE, ENERXÍA LIMPA, EMPREGO E XUVENTUDE

ASOCIACIÓN XUVENIL ENGRANAXE / VIGO





## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A inqueda polo saber, a necesidade de afondar no coñecemento ou a curiosidade por como funciona o mundo laboral do que formarán parte no futuro, fai que moitos estudantes participen en actividades que van máis aló do académico. Un claro exemplo disto son os mozos e mozas da asociación xuvenil de estudantes de enxeñaría Engranaxe, que organizaron en 2011, por segundo ano consecutivo, as **II Xornadas sobre enerxías renovables e eficiencia enerxética**. Dar a coñecer entre o estudiantado o amplo abano de posibilidades que existen no sector das enerxías renovables, sobre todo nas melloras que se poden acadar no consumo empregando técnicas máis eficientes e menos contaminantes, foi o obxectivo desta iniciativa xuvenil.

Dado o éxito acadado na primeira edición no ano 2010, onde participaron de forma directa máis de 500 estudantes das diferentes ramas da enxeñaría, Engranaxe volveu poñerse mans á obra. Partindo da súa filosofía e do fin principal da asociación, que non é outro que o de promover a interrelación entre estudantes e empresa e conseguir un vínculo permanente entre o alumnado e o mundo laboral, Engranaxe comezaba o curso académico fomentando o espírito emprendedor e as oportunidades tanto dentro como fóra do ámbito universitario. Así, partindo desta filosofía, as **II Xornadas sobre enerxías renovables e eficiencia enerxética** tiveron lugar na Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

Un dos obxectivos das xornadas era lograr que máis de 4.500 enxeñeiros e estudantes puidesen coñecer o funcionamento e o labor das organizacións e profesionais do seu sector. Doutra banda, ofrecéuselles ás empresas a posibilidade de crear unha imaxe de marca nun escaparate único e de referencia: a Escola de Enxeñaría Industrial.

## DESENVOLVEMENTO

A través de trece conferencias abordáronse temas relacionados coas enerxías renovables, a eficiencia enerxética na vivenda ou no transporte e os novos combustibles alternativos utilizados na actualidade. Para

debater sobre estes temas contouse coa colaboración tanto de docentes e investigadores da universidade como de representantes de distintas empresas: Logitek, ABB, OCV, Larpro Engineering SL, Rockwell, Grupo Saraitsa, Bluemobility, PSA Peugeot Citroën ou Siemens, que disertaron sobre novos métodos para aproveitar con máis eficiencia os recursos enerxéticos, con especial incidencia no mundo do automóbil e na industria.

Os e as asistentes ás xornadas puideron coñecer os últimos avances en ferramentas para a xestión da eficiencia enerxética, as características da enerxía solar térmica ou a eficiencia con convertedores e motores. Outros temas como a distribución en contornas urbanas das enerxías eólica e fotovoltaica, as novas solucións de xestión enerxética para a industria ou a biomasa e a economía do futuro, así como os retos das escolas de enxeñaría ante o vehículo eléctrico, deron pé á ecuación perfecta entre universidade, enerxías limpas, xuventude e emprego.

Tamén os mozos e mozas tiveron a oportunidade de realizar visitas guiadas á aula técnica de enerxías renovables e aos laboratorios de Xeotérmica e Biomasa da Escola de Enxeñaría Industrial, así como de gozar de exposicións diversas: enxeños solares cedidos pola asociación Os Picos do Sol, modelos de coches eléctricos do grupo PSA, dous modelos híbridos e outro de demostración para que as persoas participantes puidesen ver de primeira man o aforro de combustible nun percorrido de 5 quilómetros, do coche “tesla” ou supereléctrico debido ás súas prestacións, da unidade móbil solar do Grupo Saraitsa, dos puntos de recarga do coche eléctrico deseñados pola empresa galega BlueMobility etc.

Nunha mesa redonda na que participaron técnicos da Administración autonómica (Bic Galicia), da universidade e empresarios, puideron coñecer tamén distintas perspectivas sobre o emprendemento e outras saídas laborais. Tratábase de presentarles aos futuros enxeñeiros unha perspectiva ampla e variada das posibilidades de emprego que ofrece o eido das enerxías renovables e o desenvolvemento sostible.

As conclusións das xornadas foron trasladadas ao Congreso de CEJE en Bilbao en novembro de 2011.



## DIFUSIÓN

### O proxecto nas redes sociais:

Facebook

<https://gl-es.facebook.com/pages/Engranaxe/168793206498662>

Twitter

<https://twitter.com/Engranaxe>

LinkedIn

<http://www.linkedin.com/company/asociaci-n-xuvenil-engranaxe>

### O proxecto nas webs de:

Xunta de Galicia

<http://www.xunta.es/hemeroteca/c/Autoplay?content=15648>

Universidade de Vigo

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=5257&Itemid=23](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=5257&Itemid=23)  
<http://tv.uvigo.es/gl/serial/1276.html>

### O proxecto nos medios:

Unhas xornadas mostrarán saídas laborais aos alumnos de Enxeñaría. *La Voz de Galicia*  
[http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2011/10/22/0003\\_201110V22C10993.htm?idioma=galego](http://www.lavozdegalicia.es/vigo/2011/10/22/0003_201110V22C10993.htm?idioma=galego)


Mais de 400 mozos e mozas participan nunha xornada sobre eficiencia enerxética no marco de 'Iniciativa Xove'.

Portal PressPeople

<http://www.presspeople.com/nota/mais-400-mozos-e-mozas-participan>

## I FEIRA MOCIDADE ACTIVA

GRUPO INFORMAL MOCIDADE ACTIVA / SANTIAGO DE COMPOSTELA



# I FEIRA MOCIDADE ACTIVA

## Encontro entre asociacións e empresas de nova creación

24 Setembro 2014



### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

A I Feira Mocidade Activa, organizada polo grupo informal Mocidade Activa, consistiu nun encontro entre asociacións e empresas de recente creación, cuxo obxectivo principal era crear un espazo *networking* favorable ao impulso do emprendemento e do asociacionismo, mesturando a parte empresarial coa parte universitaria para mellorar as competencias de mozas e mozos galegos.

A I Feira Mocidade Activa pretendía reunir a empresas de nova creación (dun máximo de dous anos), xunto con asociacións de carácter xuvenil ou estudantil, para crear un punto de encontro entre empresas, futuros profesionais e universidades. O proxecto tamén buscaba fomentar o emprendemento e promover a educación non formal como complemento da tradicional, no desenvolvemento de capacidades multidisciplinares.

### DESENVOLVEMENTO

A Feira, que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, constou de dúas zonas:

- > A zona de stands: onde as asociacións e as empresas participantes informaron as persoas interesadas sobre os seus proxectos.
- > A zona de relatorios: organizada en sesión dobre de mañá e tarde. Concretamente, na primeira, logo da mesa inaugural, tiveron lugar os seguintes relatorios:
  - “Introdución ao Desing Thinking. Creatividade no deseño de produtos”, YHUMIND

- “In-prehensum: ciencia detrás do emprendemento”, JEMSA
- “Comunicación en empresas de recente creación”, Freshysweet
- “Financiamento para emprendedores”, AJE A Coruña
- “Conellos para emprender”, SECOT

A sesión de tarde caracterizouse pola participación activa dos asistentes a través de:

- Debate aberto: Situación do emprendemento
- Dinámica de grupo: A avenida complicada

A xornada rematou coa presentación e posta en valor das asociacións e empresas participantes cunha entrega de premios: Premio Mocidade Activa á Innovación, que recaeu na empresa Freshysweet; Premio Mocidade Activa á Implementación das TIC, para Audiobeesual; Premio Mocidade Activa ao Impacto na Mocidade, para Books&Party; Premio Mocidade Activa á Responsabilidade Social Empresarial, para AJE A Coruña; e Premio Mocidade Activa á Proxección de Crecemento, que recaeu na empresa Academia Lodanzas.

Finalmente, entregáronse os premios do concurso “Quen quere ser emprendedor?”, un concurso realizado no stand da organización do evento, consistente en que as persoas participantes tiñan que adiviñar sete preguntas relacionadas co emprendemento.

### DIFUSIÓN

#### Blog do proxecto:

<http://ifmactiva.wordpress.com/>

#### O proxecto nas redes sociais:

##### Facebook

<https://www.facebook.com/pages/I-Feira-Mocidade-Activa/269853536540322>

##### Twitter

<https://twitter.com/IFMActiva>

##### Google+

<https://plus.google.com/111540280581830371308/posts>

#### O proxecto nas webs de:

##### Xuventude.Net

<http://goo.gl/hJiwOL>

##### Universidade de Santiago

[http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014\\_09/noticia\\_0132.html](http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014_09/noticia_0132.html)

#### O proxecto nos medios:

Santiago acollerá a I Feira Mocidade Activa.

##### Rúas Magazine

<http://www.ruasmagazine.es/santiago-feira-mocidade-activa>

A I Feira Mocidade Activa reunirá este mércores en Ciencias da Comunicación a asociacións universitarias e empresas na busca de sinerxías. *Portal Santiago de Compostela, portal de tu ciudad*  
<http://goo.gl/OBgTYc>

Books&Party gaña o Premio a Impacto na Mocidade. *Blog Fórmula Universitaria*  
<http://formulauniversitaria.com/2014/09/29/booksparty-gana-el-premio-a-impacto-na-mocidade/>

## ORIENTA2 PARA O EMPREGO

GRUPO INFORMAL ORIENTA2 / A CORUÑA



## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

**Orienta2 para o emprego** é unha iniciativa promovida por un grupo informal de mozos e mozas, denominado Orienta2, concienciados das dificultades e esixencias de acceso ao mercado laboral, así como da importancia de prestar orientación, asesoramento e coñecementos ás persoas para facilitarlles o camiño cara ao mercado laboral.

Neste contexto, o grupo propúxose levar a cabo unha serie de accións, como son todas aquelas actuacións e medidas de asesoramento, acompañamento, capacitación e motivación que, tendo en conta as circunstancias das persoas destinatarias, lles permitan determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de emprego e formación.

## DESENVOLVEMENTO

O proxecto **Orienta2 para o emprego** consistiu na realización, por unha banda, dunha serie de obradoiros orientados á busca activa de emprego e, por outra, na creación da páxina web [www.orienta2.net](http://www.orienta2.net). O obxectivo principal deste proxecto é facilitar a mellora de empregabilidade e a inclusión na vida laboral das persoas destinatarias.

Dentro da iniciativa, que tivo lugar no Fórum Metropolitano da Coruña, impartíronse cinco obradoiros: Autoconhecimento, Identidade dixital, Currículo e Carta de presentación, Busca de emprego e Entrevista e dinámicas de grupo. Os obradoiros, totalmente gratuítos, estaban dirixidos a persoas de 16 a 35 anos.

### Obradoiro de autoconhecimento

Co autoconhecimento búscase que a propia persoa adquira as estratexias, a información e os recursos necesarios que lle faciliten o coñecemento de si mesma. Neste obradoiro proporcionóuselles recursos e estratexias de autoconhecimento, para que cada persoa sexa consciente das súas posibilidades e limitacións, cales son as súas fortalezas e opcións de mellora; amais de coñecer os propios intereses e obxectivos profesionais.

### Obradoiro de identidade dixital

A presenza que unha persoa candidata pode ter en internet, xa sexa mediante blogs ou perfís públicos en redes sociais ou profesionais, pode ser determinante

á hora de optar a un posto de traballo. As empresas poden descartar a un candidato nun proceso de selección pola información que del obteñan da busca en internet, polo que resulta imprescindible coidar a imaxe dixital profesional.

### Obradoiro de currículo e carta de presentación

Nesta actividade explicouse a elaboración dunha carta de presentación e dun currículo tradicional, os tipos e a súa estrutura, así como os puntos básicos que se deben ter en conta á hora de elaborar un bo currículo profesional. Posteriormente, explicáronse os distintos recursos gratuítos que existen en internet para elaborar un currículo diferente e orixinal (como, por exemplo, o currículo en liña, o infográfico, o interactivo ou o vídeo currículo). Na última parte da actividade, comentáronse os erros máis habituais que se cometen á hora de elaborar un currículo e as posibles solucións.

### Obradoiro de busca de emprego

O obxectivo primordial da actividade era que cada participante reflexionase sobre onde e como atopar emprego segundo o seu perfil e as súas preferencias persoais. Por esta razón, a sesión centrouse nas preferencias e necesidades de cada participante. Incidiuse na importancia da actitude automotivadora na busca de emprego e da planificación. Por último, de maneira personalizada, explicouse onde e como atopar emprego.

### Obradoiro de entrevistas e dinámicas de grupo

A través de diferentes dinámicas de grupo, traballouse a entrevista de traballo (a súa finalidade; os tipos de entrevista e de entrevistador; as distintas fases da entrevista; recomendacións para unha preparación previa; suxestións para unha comunicación e interacción eficaz; manexo da comunicación verbal e non verbal; resolución de preguntas habituais e, finalmente, os erros máis habituais dunha entrevista de traballo).

O proxecto **Orienta2 para o emprego** complétase coa creación dunha páxina web propia para poder ampliar o eido de actuación da iniciativa e darlle continuidade. A través desta páxina web, as persoas interesadas reciben asesoramento á hora de buscar emprego.



## DIFUSIÓN

Web do proxecto:  
<http://www.orienta2.net/>

O proxecto nas redes sociais:

Twitter  
<https://twitter.com/orienta2empleo>

Google+  
<https://plus.google.com/+Orienta2Net/posts>

# Orienta2

para o emprego

## I FORO DE EMPREGO. EMPREGABILIDADE NO EIDO XURÍDICO

GRUPO INFORMAL XURISTAS EN ACCIÓN / SANTIAGO DE COMPOSTELA



EMPREGABILIDADE NO EIDO XURÍDICO  
**FORO DE EMPREGO**

Do 1 ao 3 de Outubro  
Sala de Xuntas da Facultade de Dereito  
Universidade de Santiago de Compostela

1 Crédito de Libre Configuración  
Completamente Gratuito

Máis información e matrícula en:  
[xuristas@gmail.com](mailto:xuristas@gmail.com)

Logos: USC, XUNTA DE GALICIA, iniciativa xove, Asociación Pro Iure et Cultura





### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O grupo informal Xuristas en Acción, presidido polo investigador Rubén Miranda Gonçalves, organizou o **I Foro de emprego. Empregabilidade no eido xurídico**, que se desenvolveu na sala de xuntas da Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta xornada de emprego consistiu nunha serie de sesións onde diferentes relatores analizaron as saídas laborais no sector xurídico, tanto no ámbito privado como no ámbito público. Así, asistiron profesionais de pequenos, medianos e grandes bufetes para explicarlles aos mozos e mozas as saídas laborais no sector privado.

### DESENVOLVEMENTO

No **I Foro de emprego. Empregabilidade no eido xurídico** interviñeron o maxistrado-presidente da sección sexta da Audiencia Provincial da Coruña, Ángel Pantín Reigada, e o director territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social de Galicia, Carlos Domenech de Aspe, que explicaron as saídas laborais no sector público, máis concretamente no ámbito da Inspección de Traballo e no mundo da xudicatura (oposicións a xuíz e a fiscal).

O foro complementouse cuns obradoiros sobre como redactar un bo currículo, unha carta de presentación e como superar con éxito unha entrevista de traballo. Esta tarefa correspondeulle a unha experta na materia, Purificación Torrente, técnica da área de orientación laboral da Universidade de Santiago de Compostela.

Xa para rematar, ofrecéuselles ás persoas asistentes un viño de honra no Colexio Maior Universitario Fonseca, onde puideron debater e poñer en común cuestións de relevancia.

### DIFUSIÓN

O proxecto nas webs de:

Xunta de Galicia

<http://www.xunta.es/notas-de-prensa/-/nova/1415/xuventude-avoga-por-que-mozos-mozas-enriquezan-seu-curriculo-con-programas-educacion>

USC

[http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014\\_09/noticia\\_0181.html](http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2014_09/noticia_0181.html)


O proxecto no blog do

Foro Alumnos de Dereito:

<https://foroalumnosdedereito.wordpress.com/2014/09/23/foro-de-emprego/>

## ECOVIDA / SPIN AIR POLITÉCNICO / XOGANDO COA QUÍMICA

GRUPOS INFORMAIS DO CIFP POLITÉCNICO / SANTIAGO DE COMPOSTELA







### DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

O alumnado do Centro Integrado de Formación Profesional Politécnico de Santiago desenvolveu tres proxectos científicos dirixidos ao alumnado de educación secundaria e de bacharelato de Santiago de Compostela e da súa comarca, nomeadamente, alumnos e alumnas de bacharelato de ciencias da saúde e de ciencias tecnolóxicas.

### DESENVOLVEMENTO

O primeiro proxecto denominouse **Ecovida** e tiña como obxectivo principal mostrarlle ao alumnado de diferentes centros de ensino os usos e aplicacións dun biorreactor, especialmente no tratamento de residuos putrescibles, como poden ser restos de froitas; intentando espertar na rapazada unha certa inquiredanza científica. Para iso, realizouse unha serie de experiencias nun laboratorio para a súa posterior difusión nos centros composteláns mediante a repartición de contidos audiovisuais ao profesorado.

O segundo proxecto, denominado **Spin Air**, baseouse na determinación de contaminantes presentes no aire a partir da mostraxe co Spin Air (mostraxe automatizada, compacta, sinxela e portátil, que avalía a contaminación microbiana do aire). A actividade tiña

como finalidade avaliar a carga microbiana presente no aire nun bar compostelán e, posteriormente, mostrarlle os resultados ao estudiantado para conciencialo da contaminación presente en áreas interiores que se frecuentan a diario. Por outra banda, neste traballo tamén se definiron outros procesos prácticos alternativos sobre a mostraxe do aire e achegáronse informacións básicas teóricas acerca da microbioloxía en xeral, da bacterioloxía e da micoloxía.

No terceiro proxecto, que levou por nome **Xogando coa química**, o obxectivo principal era mostrarlle o marabilloso mundo da química ao alumnado da ESO e de bacharelato, a través de certos trucos visuais químicos de materiais da vida diaria. O proxecto constou na elaboración de material didáctico que se distribuíu nos centros educativos de Santiago de Compostela e da súa comarca e na realización de dúas actividades presenciais. O grupo participou nas Xornadas de Portas Abertas do CIFP Politécnico de Santiago e realizou unha xornada de Química Máxica que consistiu nunha exposición de xogos e prácticas químicas no IES Macías O Namorado de Padrón, dirixida ao alumnado de cuarto de secundaria.

### DIFUSIÓN

#### O proxecto na web do Politécnico:

Ecovida

[http://www.politecnicodesantiago.es/biorreactor\\_3\\_out\\_2014](http://www.politecnicodesantiago.es/biorreactor_3_out_2014)

Spin Air

[http://www.politecnicodesantiago.es/uso\\_spin\\_air3\\_out\\_2014](http://www.politecnicodesantiago.es/uso_spin_air3_out_2014)

Xogando coa química

[http://www.politecnicodesantiago.es/proxecto\\_iniciativa\\_xove\\_xogando\\_quimica](http://www.politecnicodesantiago.es/proxecto_iniciativa_xove_xogando_quimica)

#### O proxecto nos medios:

Alumnado do Politécnico expón traballos premiados. *La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2014/10/04/alumnado-politecnico-expone-trabajos-premiados/0003\\_201410S4C4994.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2014/10/04/alumnado-politecnico-expone-trabajos-premiados/0003_201410S4C4994.htm?idioma=galego)

A FP e o billete que non arde.

*La Voz de Galicia*

[http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2014/02/12/fp-billete-arde/0003\\_201402S12C5991.htm?idioma=galego](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2014/02/12/fp-billete-arde/0003_201402S12C5991.htm?idioma=galego)

# CONCURSO PERSPECTIVA URBANA

GRUPO INFORMAL PERSPECTIVAS / A CORUÑA

**PERSPECTIVAS**

**PERSPECTIVA URBANA**  
Concurso de arquitectura para estudiantes y medio taller

**GANADOR**  
QUINTAS GONZÁLEZ, DIEGO  
"MATERIALES NOBLES, ESPACIOS PERMEABLES"

**2º MEJOR PROYECTO**  
RODRIGUEZ ÁLVAREZ, OSCAR  
"DUALIDAD ESTRUCTURAL"

**3º MEJOR PROYECTO**  
MONTENEGRO VÁZQUEZ, MARÍA  
"CUBÍCULO URBANO"

**MENTIÓN DE HONOR**  
LAMAS PÉREZ, LARA  
"MARQUESINA O2"

**MENTIÓN DE HONOR**  
SANCHEZ PARAMO, PABLO  
"EL MENHRL..."

**MENTIÓN DE HONOR**  
SUÁREZ REGUEIRA, SANTIAGO  
"LIGERA ESPERA"

**MENTIÓN DE HONOR**  
VÁZQUEZ AÑEL, DANIEL  
"LA CONCURSINA"

**CONCURSO ARGUMENTACIÓN PERSPECTIVA URBANA**  
INICIATIVA JUVENIL MARQUESINA AUTOFORUS URBANO

**CUBÍCULO URBANO**  
MONTENEGRO VÁZQUEZ, MARÍA

**INICIATIVA JUVENIL PERSPECTIVA URBANA**  
CONCURSO DE ARQUITECTURA

**CONCURSO ARGUMENTACIÓN PERSPECTIVA URBANA**  
INICIATIVA JUVENIL MARQUESINA AUTOFORUS URBANO

**LA MARQUESINA O2**  
LAMAS PÉREZ, LARA

**CONCURSO ARGUMENTACIÓN PERSPECTIVA URBANA**  
INICIATIVA JUVENIL MARQUESINA AUTOFORUS URBANO

**LIGERA ESPERA**  
SUÁREZ REGUEIRA, SANTIAGO

**CONCURSO ARGUMENTACIÓN PERSPECTIVA URBANA**  
INICIATIVA JUVENIL MARQUESINA AUTOFORUS URBANO

**LA CONCURSINA**  
VÁZQUEZ AÑEL, DANIEL

**Materiales nobles: espacios permeables.**  
QUINTAS GONZÁLEZ, DIEGO

**Materiales nobles**  
CONCURSO DE ARQUITECTURA PERSPECTIVA URBANA

**Materiales nobles: espacios permeables.**  
QUINTAS GONZÁLEZ, DIEGO

**LIGERA ESPERA**  
SUÁREZ REGUEIRA, SANTIAGO

**INICIATIVA JUVENIL PERSPECTIVA URBANA, CONCURSO DE ARQUITECTURA**

**La Conkursina**  
VÁZQUEZ AÑEL, DANIEL

## DESCRIPCIÓN E OBXECTIVOS

Un grupo de estudantes e de titulados universitarios recentes de Arquitectura e Arquitectura de Interiores vivían diariamente as deficiencias na rede local de transporte público no seu lugar habitual de estudo. Desta necesidade xurdiu o grupo informal Perspectivas e a súa Iniciativa Xove, o concurso **Perspectiva Urbana**.

Os obxectivos formulados neste proxecto foron:

- > Crear unha imaxe de identidade actual e de vangarda para a cidade da Coruña e o seu transporte público
- > Humanizar o transporte público mediante unha mellor adecuación das marquesiñas aos usuarios das mesmas, prestando especial atención aos posibles usuarios e usuarias con algún tipo de discapacidade
- > Construír un elemento do mobiliario urbano cuns materiais, unha forma e un método construtivo o máis respectuoso posible co medio ambiente e a súa contorna
- > Explotar as capacidades innovadoras e emprendedoras dos mozos/as universitarios de Galicia a favor dun correcto desenvolvemento da cidade
- > Promover e potenciar o vínculo entre a cidade e a xuventude

## DESENVOLVEMENTO

A través do proxecto e vinculado a estes obxectivos, púxose en marcha un concurso de ideas para o deseño dunha marquesiña no campus universitario da Zapateira.

O proxecto constou das seguintes fases:

- > Convocatoria do concurso de ideas para o proxecto de construción da marquesiña na Zapateira (Campus Universitario da Coruña)

- > Valoración dos proxectos presentados por un xurado composto por profesorado universitario que escolleu os dez mellores proxectos
- > Sometemento dos proxectos a votación pública
- > Elección do proxecto gañador, á vista de ambas as puntuacións
- > Publicación e divulgación dos mellores proxectos a través dunha revista específica de arquitectura

O concurso, no que participaron ao redor de 150 futuros profesionais, denominouse **Perspectiva Urbana** e supuxo unha ocasión ideal para que a xuventude plasmase o seu modo de entender o novo curso da arquitectura. As súas creacións invitaron, sen dúbida, á reflexión social e ratificaron unha ineludible preocupación medioambiental. Sobresaen as solucións máis respectuosas e integradoras.

Así, Diego Quintás González, vencedor do concurso co proxecto titulado *Materiais nobres: espazos permeables*, apostou polos materiais nobres para crear espazos naturais nas paradas de bus. A *Dualidade estrutural* de Óscar Rodríguez, non obstante, confía nunha solución pechada, máis agradecida ante as inclemencias do tempo e mellor adaptada ao contorno máis urbano. O terceiro premio recaeu no deseño *Cubículo urbano*, asinado pola moza María Montenegro Vázquez, e tamén houbo mencións de honra para os proxectos de Lara Lamas Pérez, baixo o título *Marquesiña 02*; Pablo Sánchez Pramio, con *O menhir, a primeira sinalización*; Santiago Suárez Regueiro, que asinou *Lixeira espera e*, por último, o traballo presentado por Daniel Vázquez Añel, *A concursiña*.

